Malia a dilixencia técnica amosada, concorren causas alleas á vontade municipal que impiden o cumprimento dos devanditos prazos. Entre estas circunstancias cómpre salientar a aparición de imprevistos que obrigaron a redefinir as solucións técnicas coa conseguinte paralización da obra (como no caso do Concello de Mondariz); as dilacións administrativas derivadas de organismos externos como Patrimonio (caso do Concello de Tui); ou unha pluviosidade superior á media durante os últimos meses que impediu executar fisicamente as obras ao aire libre (Concellos do Grove, As Neves e Tui).

Neste sentido, os datos de pluviosidade rexistrados nas estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o último período amosan unha desviación significativa respecto á media histórica. Esta saturación hídrica do solo non só impediu a entrada de maquinaria pesada, senón que comprometeu a viabilidade técnica dos materiais, facendo da prórroga unha medida necesaria

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

para garantir a calidade do investimento público e evitar patoloxías futuras nas infraestruturas.

Os feitos mencionados inciden directamente no prazo de execución dos proxectos. Así mesmo, dada a envergadura das actuacións que se financian coas axudas derivadas do PON2030, o incremento de medios ordinarios non resulta suficiente para compensar o atraso sen comprometer a calidade dos investimentos, polo que se fai necesaria unha adecuación dos prazos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Consideracións xurídicas

Primeiro: O principio de eficacia consagrado no artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), recoñece que a xestión das subvencións debe garantir o cumprimento dos obxectivos.

A través do PON2030 concedéronse subvencións para que os concellos de menor poboación da provincia puideran executar actuacións de grande envergadura co fin de suplir as súas carencias en infraestruturas e dotacións. Deste modo, a extinción do programa debería producirse no momento no que se execute na súa integridade o investimento que fundamentou a concesión da axuda, polo que unha negativa á prórroga extraordinaria derivaría en obras incompletas e nunha perda de fondos públicos, o que prexudicaría o interese xeral e a finalidade última do programa.

Segundo: O Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), establece que o órgano competente deberá adoptar os actos de xestión orzamentaria no momento oportuno do procedemento.

Porén, para proceder ao recoñecemento da obriga e ao pagamento das subvencións, as obras deben estar totalmente executadas e xustificadas; na conxuntura actual, a única vía legal para permitir dito recoñecemento é a extensión da vixencia do programa.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Terceiro: O artigo 32 da Lei 39/2015 (LPACAP) permite a ampliación de prazos cando as circunstancias o aconsellen e non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Respecto ao primeiro punto, a persistencia das condicións climatolóxicas extremas e a complexidade técnica dos proxectos configuran un escenario de imposibilidade física de cumprimento que non era previsible no momento da concesión da primeira ampliación. En relación ao segundo, a prórroga do programa non prexudica dereitos de terceiros, por canto todos os concellos se benefician por igual da colaboración administrativa.

A ampliación que se propón —estender dous meses a execución ata o 31/05/2026 e outros dous meses a xustificación ata o 31/10/2026— resulta proporcionada, non desvirtúa a prórroga inicial e correspóndese co período de saturación hídrica que impediu aos concellos executar as obras.

O prazo de execución mantense en coherencia e dentro do prazo total da ampliación primixenia, mentres que a extensión do período de xustificación responde á necesidade de dar cumprimento ao contemplado na LCSP, garantindo que os concellos dispoñan do tempo legalmente previsto para a recepción, liquidación e posterior xustificación documental do investimento.

Cuarto: Conforme á base 3ª do PON2030, o órgano competente para a aprobación das bases foi o Pleno da Deputación; polo tanto, será o mesmo órgano o competente para autorizar a prórroga extraordinaria de execución e xustificación dos investimentos acollidos ao programa.

Á vista dos antecedentes e consideracións expostas, con base na documentación relativa ao citado plan que obra no expediente, e de acordo cos informes do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: WK1UTH4PZY4AMVAU) e da dilixencia de conformidade da Intervención Provincial (CSV: RFUJEQLSLRWD81R6) no que se lle presta, de xeito excepcional, conformidade á proposta do Servizo de Cooperación, visto o informe de non preceptividade da Secretaría Xeral (CSV:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

1T83NRP35F89KYCN) e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais (CSV: R6DKFIY9NVM2CTNO); de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 70 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno acorda por unanimidade:

1.º Prorrogar extraordinariamente o prazo de execución dos investimentos incluídos no programa PON2030 ata o 31 de maio de 2026 e o de xustificación ata o 31 de outubro de 2026.

2º Ordenar a publicación desta prórroga no BOPPO, na Base de Datos Nacional de Subvencións e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra http://sede.depo.gal.

8.8619.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN "REFORMA E REHABILITACIÓN ENERXÉTICA PISCINA MUNICIPAL CONCELLO DE A GUARDA" PRESENTADO POLO CONCELLO DA GUARDA AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO DE 07/03/2025, NÚM. 3.8370, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (EXPTES. 2024076577-2026021637)**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/suZQCtSJO5hU3AEPPUNvmteDu5XCBm2FSngkOYeQ4lHxm2lO

ANTECEDENTES

– O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 7 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: "O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga". Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: "(...) Os concellos, en atención á súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente".

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de A Guarda, con destino á execución da actuación denominada "Reforma e rehabilitación enerxética piscina municipal Concello de A Guarda", ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.
  O custo total da actuación ascendía a 2.266.212,85€ e a subvención concedida e de 700.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.566.212,85€.

- Mediante a Resolución Presidencial núm. RP2025003026 de 22/04/2025 aprobouse o correspondente Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de A Guarda, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 25/04/2025.

- Nas datas 04/02/2026, 05/02/2026 e 23/02/2026 o Concello de A Guarda presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2026007228, REX2026002019 e WEB2026011531) un proxecto

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

reformulado do proxecto inicial e a súa aprobación, o compromiso de cofinanciamento, un informe xustificativo dos cambios, un informe de supervisión do proxecto sinalando de que este non está sometido a ningunha afección sectorial que requira autorización do correspondente organismo competente e que a actuación se axusta á normativa urbanística de aplicación. As variacións entre ambos proxectos débense a correccións de erros materiais detectados na anterior versión e á actualización dos prezos para o seu aumento. Os cambios introducidos aumentan o orzamento de licitación do proxecto orixinal, pasando de 2.266.212,85€ a 2.809.051,04€, manténdose invariable o importe da subvención concedida. A achega do concello é de 80.841,90€ e o resto do orzamento correspóndese cunha axuda do PIREP, por importe de 1.494.338,20€ e dun convenio coa Xunta de Galicia, por importe de 533.870,94€.

- O enxeñeiro do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto o 25/02/2026 (CSV: B0X90HMEV5GKLQUK).

- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 02/03/2026 conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

- O 02/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: CIXQJ1POZQ92JXGB).

- Na data 13/03/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrencia competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV: 264Q20BLA8LIG96L).

- Na data 16/03/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: HZOH5THPUXR3D5PO).

- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 20/03/2026 (CSV: IKPJ3ZRRZZSOMGYK).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de A Guarda para a execución da actuación denominada "Reforma e rehabilitación enerxética piscina municipal Concello de A Guarda" ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª da convocatoria, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello de A Guarda para a execución da actuación denominada "Reforma e rehabilitación enerxética piscina municipal Concello de A Guarda", no marco do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O novo orzamento increméntase en 542.838,19€ ata o importe de 2.809.051,04€, manténdose invariable o importe da subvención concedida. A achega do concello é de 80.841,90€ e o resto do orzamento correspóndese cunha axuda do PIREP, por importe de 1.494.338,20€ e dun convenio coa Xunta de Galicia, por importe de 533.870,94€.

A Comisión de persoas expertas do Plan Extra informa favorablemente a supervisión do proxecto reformulado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración e a puntuación en base aos que se concedeu a axuda.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico da actuación "Reforma e rehabilitación enerxética piscina municipal Concello de A Guarda" presentado polo

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Concello de A Guarda, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

- Modificar o acordo plenario núm. 3.8370, do 07/03/2025, de concesión de subvención ao Concello de A Guarda para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA	ACHEGA CONCELLO
2.809.051,04 €	700.000,00 €	2.109.051,04€

- Dar traslado do presente acordo ao Concello de A Guarda, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

9.8620.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN "HUMANIZACIÓN DA RÚA ANTONIO FACORRO, DENDE EP-5003 ATA A N-120 NO CONCELLO DA CAÑIZA" PRESENTADO POLO CONCELLO DA CAÑIZA AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO DE 07-03-2025, NÚM. 3.8370, DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN (EXPTES. 2024076712-2026021652)**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/qNw4M7g8DixWpRmfN9tXgPN9G3C0z6bMLdNT7wOXXsQ0RDiX

ANTECEDENTES

– O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 7 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56€ con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: "O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga". Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: "(...) Os concellos, en atención á súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente".

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello da Cañiza, con destino á execución da actuación denominada "Humanización da rúa Antonio Facorro, dende a EP-5003 ata N-120 no Concello da Cañiza", ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.

  O custo total da actuación ascendía a 1.254.366,89€ e a subvención concedida é de 700.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 554.366,89€.

- Mediante a Resolución Presidencial núm. RP2025004031 de 16/05/2025 aprobouse o correspondente Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 31/07/2025.

- Mediante o acordo núm. 4.35092 de data 21/04/2025, a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, no marco do Plan + Provincia 2025 Liña 1-

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Investimentos, acordou a concesión dunha subvención por importe de 277.183,44€ ao concello, co obxecto do financiamento de parte da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, do investimento "Humanización da rúa Antonio Facorro, dende a EP-5003 ata a N-120 no Concello de A Cañiza" (expediente: 2025020610).

- Nas datas 13/02/2026, 17/02/2026, 20/02/2026, 23/02/2026 e 25/02/2026 preséntase na sede da Deputación (núms. rex. WEB2026009499, WEB2026010127, WEB2026011156, WEB2026011158, WEB2026011159, WEB2026011162, WEB2026011163 e WEB2026012142) o proxecto reformulado e demais documentación complementaria da actuación "Humanización da rúa Antonio Facorro, dende a EP-5003 ata a N-120". As variacións entre ambos proxectos débense a un requirimento de Patrimonio, polo que se aumenta a seguridade coa eliminación de árbores que poidan empeorar a visibilidade e uniformidade do pavimento no cruce; Ampliación da actuación coa instalación de videovixilancia de aparcamento, que non vai en detrimento da actuación orixinal e actualización dos prezos para o seu aumento, co obxectivo de mellorar a actuación ofertada e facilitar a súa licitación. O proxecto reformulado ascende a 1.456.454,94€, manténdose invariable o importe da subvención concedida e modificándose a achega do concello, que aumenta ata a cantidade de 756.454,94€.

- O enxeñeiro do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto o 25/02/2026 (CSV: D1KV4TNGCIF8B5B4).

- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 02/03/2026 conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

- O 04/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

o expediente (CSV: L6HPWDYZ3ODCFHL2).

- Na data 13/03/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrencia competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV: 95CC2ZDIAXD1K9MK).

- Na data 16/03/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: FBOOHRO8WA4HP20W).

- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 20/03/2026 (CSV: FZHCESGA2Y1I3CXJ).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza para a execución da actuación denominada "Humanización da rúa Antonio Facorro, dende a EP-5003 ata a N-120 no Concello da Cañiza" ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª da convocatoria, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

– Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello da Cañiza para a execución da actuación denominada "Humanización da rúa Antonio Facorro, dende a EP-5003 ata a N-120 no Concello da Cañiza", no marco do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O novo orzamento aumenta en 202.088,05€ ata o importe de 1.456.454,94€, manténdose invariable o importe da subvención concedida e modificándose a achega do concello, que aumenta ata a cantidade de 756.454,94€.

A Comisión de persoas expertas do Plan Extra informa favorablemente a supervisión do proxecto reformulado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración e a puntuación en base aos que se concedeu a axuda.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais o Pleno acorda por unanimidade:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

- Aprobar o proxecto técnico da actuación "Humanización da rúa Antonio Facorro, dende a EP-5003 ata a N-120 no Concello da Cañiza", presentado polo Concello da Cañiza, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
  A aprobación do devandito proxecto técnico queda condicionado a obtención das autorizacións sectoriais correspondentes.

- Modificar o acordo plenario núm. 3.8370, do 07/03/2025, de concesión de subvención ao Concello da Cañiza para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA	ACHEGA CONCELLO
1.456.454,94€	700.000,00€	756.454,94€

- Dar traslado do presente acordo ao Concello da Cañiza, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

10.8621.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN "REURBANIZACIÓN DA CONTORNA DE SANTA LIBERATA" PRESENTADO POLO CONCELLO DE BAIONA AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO DE 07-03-2025, NÚM. 3.8370, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (EXPTES. 2024076982-2026021664)**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/fcwcvwt4nAPmzkEzWFiHmNNXVS2voV5SbNIgxPIsWTfG8jWX

ANTECEDENTES

– O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 7 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56€ con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: "O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga". Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: "(...) Os concellos, en atención á súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente".

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Baiona, con destino á execución da actuación denominada "Reurbanización da contorna de Santa Liberata", ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.
  O custo total da actuación ascendía a 1.393.571,13€ e a subvención concedida é de 900.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 493.571,13€.

- Mediante o acordo núm. 3.34932 de 21/03/2025, a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, no marco do Plan + Provincia 2025 Liña 1-Investimentos, aprobou a concesión dunha subvención por importe de 493.571,13€ ao concello, con obxecto do financiamento da achega municipal ao investimento "Proxecto de Reurbanización da contorna de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Santa Liberata" (expediente: 2025005034), polo que a Deputación financiaba a totalidade do investimento.

- Mediante a Resolución Presidencial núm. RP2025002995 de 22/04/2025 aprobouse o correspondente Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Baiona, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 09/05/2025.

- Nas datas 17/02/2026, 19/02/2026, 25/02/2026, 26/02/2026, 06/03/2026 e 09/03/2026 (núms. rexistro WEB2026010192, WEB2026010788, WEB2026012153, WEB2026012637, WEB2026016961, 2026005244 e WEB2026017475) o Concello de Baiona presenta no Rexistro da Deputación un proxecto reformulado do proxecto inicial, un informe técnico do concello, un informe xustificativo dos cambios, a aprobación do proxecto reformulado, un compromiso de financiamento e demais documentación complementaria. Achégase así mesmo, en data 25/02/2026 a través do sistema SIR (nº REX2026003368), os planos do proxecto reformulado. As variacións entre ambos proxectos débense a un requirimento de Patrimonio, polo que se modifican os pavimentos na zona ó redor da capela; Ampliación da documentación e orzamento en relación coa demolición da torre do transformador e actualización dos prezos para o seu aumento, co obxectivo de mellorar a actuación ofertada e facilitar a súa licitación.

  Os cambios introducidos aumentan o orzamento en 96.933,87€ (un incremento do 6,96%) ata o importe de 1.490.505,00€, manténdose invariable o importe da subvención concedida e aumentando a achega do Concello ata a cantidade de 590.505,00€.

  Á vista de que o concello pode manter o importe máximo subvencionable para esta actuación tras a reformulación do proxecto, na data 09/03/2026 preséntase no rexistro da Deputación un escrito da Alcaldía desistindo da porcentaxe da subvención correspondente cos 52.290,00€ solicitados inicialmente no momento da concesión para financiar os honorarios de dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde e control arqueolóxico.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Deste xeito, os 900.000,00€ concedidos pasan a financiar únicamente a execución da obra.

- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 25/02/2026 (CSV: FABNXCYD495U9SS3).

- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 02/03/2026 conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

- O 09/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: X2S78E09V8PUCQII).

- Na data 16/03/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrencia competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV: UUTW7X12EMVWSQ7T).

- Na data 16/03/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: QOX79H3JXFCOAE54).

- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 20/03/2026 (CSV: G0Q4H2VDUWOJ23FZ).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Baiona para a execución da actuación denominada "Reurbanización da contorna de Santa Liberata" ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª da convocatoria, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Baiona para a execución da actuación denominada "Reurbanización da contorna de Santa Liberata", no marco do Programa Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe do orzamento do proxecto reformulado aumenta en 96.933,87€ (un incremento do 6,96%) ata o importe de 1.490.505,00€, manténdose invariable o importe da subvención concedida e aumentando a achega do concello ata a cantidade de 590.505,00€. O importe da subvención concedida

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

pasa a destinarse unicamente ao financiamento dos gastos correspondentes á execución da obra, á vista do escrito da Alcaldía de desestimento do financiamento dos honorarios técnicos (dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde e control arqueolóxico).

A Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico da actuación "Reurbanización da contorna de Santa Liberata" presentado polo Concello de Baiona, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

- Modificar o acordo plenario núm. 3.8370, do 07/03/2025, de concesión de subvención ao Concello de Baiona para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA	ACHEGA CONCELLO
1.490.505,00€	900.000,00€	590.505,00€

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Baiona, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

11.8622.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN "HUMANIZACIÓN PROLONGACIÓN ANTONIO PALACIOS" PRESENTADO POLO CONCELLO DE PORRIÑO AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO DE 28-03-2025, NÚM. 8.8378, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (EXPTES. 2021040022-2026021708)**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/xlm45cqfNjBhFy0ZzQOeGHqijiY4X3Sm7R0oZGhnRFlBqZtM

ANTECEDENTES

- Mediante o acordo núm. 7.7624 de 28/05/2021, o Pleno da Corporación Provincial aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia). As ditas bases publicáronse no BOPPO núm. 102, de 01/06/2021.

- O 02/08/2021 o Concello do Porriño presentou no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2021030813) unha solicitude de subvención por importe de 645.024,26€ para o investimento denominado "Humanización da prolongación Antonio Palacios", cun orzamento de 860.032,34€ e cunha achega municipal de 215.008,08€. A actuación correspondíase coa Liña 3 de Espazos Urbanos das citadas bases reguladoras do Programa ReacPon.

- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, mediante o acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra núm. 4.7719, de 17/12/2021, aprobouse a concesión das subvencións, excluíndose a solicitude realizada polo Concello do Porriño por canto o proxecto non acadaba o 50% da

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

puntuación total, de conformidade co indicado na base 6.1 da convocatoria.

- Mediante o acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra número 8.8378, do día 28/03/2025, concedeuse ao Concello do Porriño unha subvención por importe de 645.024,26€, con destino ao financiamento da execución do investimento denominado "Humanización prolongación Antonio Palacios", cun orzamento de licitación de 860.032,34€, dando así cumprimento á sentenza núm. 237/2022 de data 24/10/2022, do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra e núm. 00059/2023 de data 10/03/2023, sección 3ª da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, consecuencia das alegacións presentadas polo Concello do Porriño contra o acordo plenario núm. 4.7719, de 17/12/2021, referente á exclusión da súa solicitude de subvención ao abeiro do Programa REACPON.

- O orzamento do investimento ascendía a 860.032,34€ e a subvención concedida a 645.024,26€ (75%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 215.008,08€ (25%).

- Segundo o previsto na base reguladora 17ª do Programa, no caso de que xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

- Na data 19/02/2026 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2026010738) un proxecto reformulado respecto ao inicial, xunto co compromiso de financiamento do incremento orzamentario, subscrito pola Alcaldía e o anexo IV (certificación da persoa secretaria na que certifica que ten a dispoñibilidade dos terreos e que non se precisan autorizacións). Os cambios introducidos afectan o carril para bicicletas que aumenta lixeiramente o ancho adaptándoo á "Guía de recomendacións para o deseño de infraestrutura ciclista" editada posteriormente á redacción do

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

proxecto primitivo, unha actualización de prezos, a reorganización do tráfico mediante unha glorieta e un redeseño das superficies das beirarrúas e zonas verdes.
O orzamento do novo proxecto ascende a 1.066.887,26€, o que supón un incremento de 206.854,92€ (24,05% sobre o orzamento inicial).

- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 25/02/2026 (CSV: XXJNWA62O9DHO1AY).

- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 25/02/2026, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios implican un incremento da superficie total do ámbito do proxecto, unha mellora da calidade e sen cambios nos obxectivos da axenda 2030, nas políticas panca e nos Principios Ágora; e polo tanto, estes cambios non reducen a puntuación obtida na baremación existente, calculada de acordo aos criterios de valoración fixados.

- En data 11/03/2026 o técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe desagregando a puntuación obtida para o proxecto reformulado presentado (CSV: WFADBIFC7J8XQ9LX).

- O día 12/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: KXA19HXY8JW0PZSE).

- Na data 13/03/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que as modificacións introducidas no proxecto reformulado non alteran de maneira substancial a puntuación global obtida na baremación, de acordo cos criterios de valoración establecidos nas bases reguladoras da convocatoria. (CSV: Y4QLQK7TQHIW28A4).

- O día 16/03/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: TZ6SO48GJCAV5TQ2).

– Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 20/03/2026 (CSV: G2EWC8RAHSLSLP3B).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

– Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
– Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
– Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
– Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
– Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
– Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
– Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
– Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
– Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
– Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).
– Bases de execución do orzamento da Deputación.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

– Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

– Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

– Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
– Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
– Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
– Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

– Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
– Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
– Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

conclúa o prazo para a realización da actividade.

- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstos nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Disposición Xeral 17ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita Disposición, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2026, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, e 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.
- Artigo 8.2 da OXSDEPO, que de conformidade co disposto no artigo 33 da LRBRL, artigo 10 da LXS e base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2026, atribúe a competencia para resolver ao Pleno.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

CONCLUSIÓNS

O proxecto técnico presentado polo concello (aprobado mediante Decreto da alcaldía de data 03/10/2025), non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O concello asume o compromiso de cofinanciamento do aumento do orzamento do investimento (206.854,92€), manténdose invariable o importe da subvención concedida inicialmente, conforme ao seguinte detalle:

Orzamento proxecto inicial		**Orzamento proxecto reformulado**	
Orzamento:	860.032,34€	Orzamento:	1.066.887,26€
Subvención:	645.024,26€	Subvención:	645.024,26€
Achega Concello:	215.008,08€	Achega Concello:	421.863,00€
% Subvención/orzamento:	75,00%	% Subvención/orzamento:	60,46%

A Comisión de persoas expertas de data 25/02/2026 acorda dar conformidade ao proxecto presentado.

Co proxecto reformulado non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico da actuación denominada "Humanización prolongación Antonio Palacios", presentado polo Concello do Porriño ao abeiro do Programa ReacPon.

- Modificar acordo plenario nº 8.8378, de 28/03/2025, de concesión de subvención ao Concello do Porriño para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN REACPON	ACHEGA CONCELLO
1.066.887,26€	645.024,26€	421.863,00€

- Dar traslado do presente acordo ao Concello do Porriño, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

12.8623.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN "HUMANIZACIÓN DA RÚA ESCOLA DE TIRO NAVAL JANER E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA FINCA DE BRIZ" PRESENTADO POLO CONCELLO DE MARÍN AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA (EXPTES. 2024077077-2026021729)**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/2URicrpBbe3Si8dgqWIGHLlKBC2rfyagji1W0tDD9NACyT2J

ANTECEDENTES

– O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra,

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 7 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56€ con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: "O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga". Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: "(...) Os concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente".

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Marín con destino á execución da actuación denominada "Humanización da Rúa Escola de Tiro Naval Janer e mellora da accesibilidade da Finca de Briz", ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

  O custo total da actuación ascendía a 1.581.329,29€ e a subvención concedida a 1.100.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 481.329,29€.
- Mediante a resolución presidencial núm. RP2025004357 de 27/05/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o 30/07/2025.
- Nas datas 22/01/2026, 09/02/2026, 23/02/2026, 03/03/2026, 09/03/2026, 10/03/2026 e 11/03/2026, o Concello de Marín presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2026004026, WEB2026008292, WEB2026011407, WEB2026014954, WEB2026017477,

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

WEB2026017963 e WEB2026018058, respectivamente), entre outros documentos, un informe do redactor do proxecto acerca das autorizacións sectoriais, un informe acerca dos cambios acometidos entre proxectos, a autorización sectorial de Patrimonio cultural, o proxecto técnico reformulado e o seu o acordo de aprobación, un informe xustificativo dos cambios dos prezos nas partidas do proxecto, un informe da arquitecta municipal no que se recolle a non necesidade de solicitar de novo as autorizacións sectoriais ao xa contar coas resolucións preceptivas, e unha aclaración respecto da aprobación do proxecto técnico reformulado.

Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación e a variación entre ambos proxectos débese á división en dous lotes, potenciando a accesibilidade da finca Briz.

O lote 1 fai referencia á actuación orixinal na rúa Tiro Naval, na que se fan reaxustes para reducir o seu orzamento, entre os que se encontran a eliminación da rampla mecanizada, substituída por unhas escaleiras, ampliando os muros e as redes de servicios proxectadas na zona; a eliminación de pilares de pedra granítica, e axustes menores de prezos.

O lote 2 supón unha actuación nova que potencia o acceso á finca Briz, cuxo importe ven compensado polas reducións no lote 1, isto é, a execución dun ascensor de acceso, con acondicionamento da entrada dende o nivel inferior e pavimentación na saída á finca Briz no nivel superior.

- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 12/03/2026 (CSV: 5F2X35NS5808NZKR), e unha dilixencia aclaratoria do informe xustificativo do cambio nos prezos das partidas do proxecto enviado polo concello (CSV: WQKUO763DSYPI87N).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 12/03/2026, conclúese que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O 12/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: YM981Q6DTI6WS9JH).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

- Na data 16/03/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrencia competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir. (CSV: KLMB9B1ICNUPWR97).
- Na día 16/03/2026 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto reformulado (CSV: HXQWA5PQ2BY29C9I).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 20/03/2026 (CSV: GB35U3OWLOEK6OQB).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín para a execución da actuación denominada "Humanización da Rúa Escola de Tiro Naval Janer e mellora da accesibilidade da Finca de Briz", no marco do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.

- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstos nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª da convocatoria, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS
O proxecto reformulado presentado polo Concello de Marín para a execución da actuación denominada "Humanización da Rúa Escola de Tiro Naval Janer e mellora da accesibilidade da Finca de Briz", no marco do Programa Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe total do orzamento do proxecto reformulado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico da actuación "Humanización da Rúa Escola de Tiro Naval Janer e mellora da accesibilidade da Finca de Briz" presentado polo Concello de Marín ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Marín, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

13.8624.- **APROBACIÓN DO PROXECTO 0528_CHESTNUTCARE_1_E: ESTRATEXIA INNOVADORA TRANSFRONTEIRIZA PARA A PROTECCIÓN DE CASTIÑEIROS ANTE DESAFÍOS CLIMÁTICOS E BIOLÓXICOS APROBADO NA SEXTA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN INTERREG VI A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEC) 2021-2027, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) (EXPTE. 2025013698)**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/nFtSmUeEvggtcXLuglpckDdexBPbGmdpOUwWkXOoCV1v2wlR

Visto o informe-proposta da xefa de Sección de Bioloxía Molecular adscrita ao Servizo de Asistencia Intermunicipal, que conta co conforme da xefa do Servizo da Estación Fitopatolóxica do Areeiro, de data 05/03/2026 (CSV: GVTN8M0P2G2ODQG6), co seguinte teor literal:

"As técnicas que subscriben, no exercicio das competencias que teñen asignadas e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, elevan a seguinte

PROPOSTA

OBXECTO

A presente proposta, de carácter administrativo, ten por obxecto emitir unha declaración de xuízo sobre a idoneidade de aprobar o proxecto de investigación denominado "Estratexia innovadora transfronteiriza para a protección de castiñeiros ante desafíos climáticos e biolóxicos. Acrónimo: CHESTNUTCARE".

NECESIDADE E OPORTUNIDADE DO PROXECTO

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Primeiro. A Estación Fitopatolóxica Areeiro é un centro dependente da Deputación de Pontevedra, dedicado á investigación e ao diagnóstico de enfermidades de plantas agrícolas, hortícolas, froiteiras, ornamentais e forestais.

Naceu co afán de buscar solucións aos problemas fitosanitarios que xorden nos cultivos e que, de non ser controlados, poden levar á diminución da súa produción e calidade ou á desaparición dos mesmos; circunstancia que tamén daría lugar a importantes perdas económicas e de postos de traballo directos e indirectos tanto nos sectores produtivos (agrario, hortícola, ornamental, forestal) como en industrias de transformación relacionadas con estes.

Neste contexto, o castiñeiro é unha árbore con diversas aplicacións e un gran valor económico para as rexións rurais, xerando ingresos a través da súa madeira e froitos. Galicia lidera a produción e exportación de castañas en España, abarcando máis da metade da produción nacional. O cultivo de castiñeiros ofrece beneficios sociais, culturais, ambientais, contribúe ao desenvolvemento rural (fixando poboación), á biodiversidade, á captura de CO_2, á prevención de incendios e á protección do chan.

Con todo, os bosques de castiñeiro diminuíron considerablemente ao longo do século XX debido a enfermidades como a tinta, o cancro, a pragas como a vespa do castiñeiro, así como ao abandono dos bosques polo éxodo rural. Polo tanto, o desenvolvemento de ferramentas comúns para o control dos axentes bióticos que afectan á sanidade vexetal é esencial para mitigar os riscos fitosanitarios.

Dado que os organismos nocivos poden facilmente estenderse a ambos os dous lados da fronteira, a implementación de solucións eficaces para a xestión das mesmas contribúe á conservación destes ecosistemas. Polo tanto, é clave asegurar a preservación dos castiñeiros a longo prazo, promovendo tanto o desenvolvemento rural como a conservación do patrimonio natural e cultural de Galicia e o Norte de Portugal.

Segundo. A principios do ano 2025 abriuse a Sexta Convocatoria do Programa de Cooperación Territorial España – Portugal 2021-2027, cofinanciado por fondos FEDER ao 75%, que ten como obxectivo seleccionar proxectos transfronteirizos de alta calidade, nos que organizacións relevantes traballen de forma conxunta para axudar ás rexións para afrontar desafíos comúns.

Esta convocatoria conta cunha asignación de 110.990.592 € para 6 prioridades temáticas. A Prioridade 1 está dedicada a aproveitar o potencial da cooperación para consolidar o ecosistema de innovación, científico e tecnolóxico, potenciar a creación de redes de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

coñecemento e empresariais, fomentar a dixitalización e mellorar a competitividade empresarial, en especial de pemes e micropemes.

No marco desta Prioridade 1 encadraríanse accións transfronteirizas que promovan actividades de investigación e innovación conxunta así como o fomento da transferencia de coñecementos ao tecido produtivo en sectores clave da Eurorrexión.

Neste sentido existe un interese por parte da Deputación de Pontevedra, a través da Estación Fitopatolóxica Areeiro, en participar nun proxecto que se entende de utilidade pública, e que busca unir os esforzos de investigación de distintas entidades dentro da zona transfronteiriza España-Portugal.

Terceiro. En marzo de 2025 a Deputación Provincial de Pontevedra, en calidade de beneficiario principal, presentou a súa candidatura baixo o acrónimo CHESTNUTCARE, co título de "Estratexia innovadora transfronteiriza para a protección de castiñeiros ante desafíos climáticos e biolóxicos", xa que este proxecto representa unha oportunidade para o establecemento dun sistema de alerta temperá para a detección das pragas nos castiñeiros da eurorrexión e en consecuencia unha mellora da competitividade do sector.

A área xeográfica de intervención comprende as seguintes NUTS III da área de Cooperación Galicia/ Norte de Portugal:

- Galicia: ES114 – Pontevedra e ES113 – Ourense.
- Norte de Portugal: PT111 - Alto Minho e PT11E - Terras de Trás-móntesvos-.

A zona de actuación do proxecto "CHESTNUTCARE" é eminentemente rural, con múltiples áreas naturais protexidas. Esta zona presenta unha importante biomasa forestal, na que predominan especies de árbores caducifolios como carballos e castiñeiros; e especies de coníferas, como piñeiros. Nas NUTS III de actuación, as masas forestais nas que o castiñeiro é a especie maioritaria localízanse principalmente nos Ancares, Valdeorras, Trives (Ourense); comarcas de Tabeirós-Terra de Montes, Deza e municipios de Cerdedo-Cotobade, A Lama, Campo Lameiro e Cuntis (Pontevedra); Trás-móntesvos- (Comarcas de Chaves, Bragança, Vila Real e Peso dá Régua) e Alto Minho (comarcas de Terras de Bouro e Amares).

En total, contabilízanse 35.000 hectáreas de castiñeiros en Portugal (concentradas na zona de Bragança) e 14.000 en Ourense e Pontevedra. A cooperación transfronteiriza na protección e valorización dos recursos forestais é pois clave para impulsar a economía das zonas rurais, xerar emprego e frear o despoboamento. Os ecosistemas forestais non respectan fronteiras, polo cal, a colaboración entre países resulta especialmente relevante, dando lugar a unha xestión e protección máis eficaz e sostible dos recursos naturais.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Pola súa parte, a estrutura do partenariado está composta por tres socios españois e dous portugueses, que contan con competencias, proxectos pasados e experiencia en proxectos similares. A composición do consorcio busca aproveitar as fortalezas de cada socio. Así, cada un deles liderará como mínimo unha actividade. Con todo, todos eles participarán en todas as actividades. Os socios do partenariado sentaron unha base sólida para o desenvolvemento do proxecto, o que, unido á experiencia individual acumulada noutros proxectos internacionais, permite establecer un entendemento e sinerxías que garantirán unha correcta execución.
As entidades que compoñen o proxecto CHESTNUTCARE son as que se enumeran a continuación:

GALICIA
- Deputación Provincial de Pontevedra.
- Instituto Ourensán de Desenvolvemento económico (INORDE).
- Fauna útil.

NORTE DE PORTUGAL
- Instituto Politécnico Viana do Castelo.
- Instituto Politécnico de Bragança.

Ademais o proxecto recibiu cartas de apoio da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, da Indicación Xeográfica Protexida da Castaña de Galicia (IXP), do Centro Nacional Competências dos Frutos Secos de Portugal e Associação Portuguesa da Castanha.

Cuarto. O 6 de febreiro de 2026 recíbese notificación da aprobación desta candidatura por parte do Comité de xestión do Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, e acórdase conceder unha axuda FEDER de 697.512,26 euros ao proxecto 0528_CHESTNUTCARE_1_E.

Para a aceptación desta axuda é necesario que a Deputación de Pontevedra, como beneficiaria principal do proxecto, aprobe e asine un acordo de asociación coa Autoridade de Xestión no prazo de dez días dende a recepción da comunicación; debido ao axustado dos prazos, dito acordo asinouse o pasado 26 de febreiro de 2026 pola presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra (código CSV: 0GWE03JHKUIRH6LE), sendo necesario tramitar agora o expediente administrativo para a súa ratificación e aprobación polo órgano competente.

IMPACTO ECONÓMICO DO PROXECTO

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

De acordo co cadro de financiamento aprobado polo Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI A España–Portugal (POCTEP) 2021-2027, as aportacións económicas de cada unha das entidades participantes acadan a seguinte porcentaxe de financiación:

Beneficiario	**Custe Total elixible**	**FEDER aprobado**	**% financiación**
Deputación de Pontevedra	**372.228,61€**	**279.171,46€**	**75%**
INORDE – Instituto Ourensán de Desenvolvemento económico	200.438,84€	150.329,13€	75%
Instituto Politécnico de Bragança	93.633,65€	70.225,24€	75%
Instituto Politécnico de Viana do Castelo	79.905,36€	59.929,02€	75%
Fauna Útil, SL	183.809,88€	137.857,41€	75%
TOTAL	**930.016,34**€	**697.512,26**€	

Segundo ditas porcentaxes de financiación, os gastos a financiar pola Deputación con fondos propios ascenden a 93.057,15€ (25% dos custos). Polo que a distribución do orzamento por anualidades repártese da seguinte maneira:

Anualidade	**2026**	**2027**	**2028**	**Total**
FEDER	57.853,80€	118.711,21€	102.606,45€	279.171,46€
Fondos propios	19.284,60€	39.570,39€	34.202,16€	93.057,15€
Custe Total	77.138,40€	158.281,60€	136.808,61€	372.228,61€

E a distribución por tipoloxía de gasto é a que segue:

Concepto	**2026**	**2027**	**2028**	**Total**
Servizos externos	25.101,50€	59.527,66€	50.172,00€	134.801,16€
Equipamento	11.000,00€	27.500,00€	16.500,00€	55.000,00€
Persoal	33.363,33€	57.930,00€	57.021,67€	148.315,00€
Oficina e administrativos	5.004,50€	8.689,50€	8.553,25€	22.247,25€
Viaxes e aloxamento	2.669,07€	4.634,40€	4.561,73€	11.865,20€
TOTAL	**77.138,40€**	**158.281,56€**	**136.808,65€**	**372.228,61€**

Non obstante, o importe real de cofinanciamento da Deputación durante a totalidade da vixencia do proxecto (tres anualidades) veríase diminuído tendo en conta que se prevén gastos de oficina e administración (15% dos gastos de persoal) que ascenden a 22.247,25€,

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

e que nos gastos de persoal, ademais da contratación externa, está incluída a participación de persoal propio.

VIXENCIA DO PROXECTO

De acordo co acordo aprobado polo Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI A España–Portugal (POCTEP) 2021-2027, o proxecto obxecto deste informe estenderá a súa vixencia **desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2028**, segundo o seguinte cronograma:

Nº actividade	Título da actividade	Data Inicio	Data fin
1	Investigación, diagnóstico e coordinación de accións transfronterizas	01/01/2026	30/11/2028
2	Implementación de estratexias para a mostraxe de masas de castiñeiro con tecnoloxías innovadoras	01/07/2026	30/11/2028
3	Ferramentas para a xestión fitosanitaria transfronteiriza dirixidas á conservación e mellora dos castiñeiros coma ben económico, sociocultural e natural da Eurorregión	01/09/2026	30/11/2028
4	Transferencia do coñecemento ó sector castañícola	01/07/2027	30/11/2028
5	Xestión e coordinación	01/01/2026	31/12/2028
6	Visibilidade, transferencia e comunicación	01/01/2026	31/12/2028

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, infórmase favorablemente a aprobación do proxecto de investigación denominado "Estratexia innovadora transfronteiriza para a protección de castiñeiros ante desafíos climáticos e biolóxicos, co código: 0528_CHESTNUTCARE_1_E.", nos termos expostos."

Vistos os informes favorables de Secretaría Xeral e de Intervención, de datas 10 e 16 de marzo de 2026, respectivamente.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Por todo o exposto, en aplicación da base 16.3.b) das aprobadas para a execución do orzamento, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar o Proxecto de investigación denominado "*Estratexia innovadora transfronteiriza para a protección de castiñeiros ante desafíos climáticos e biolóxicos, co código: 0528_CHESTNUTCARE_1_E.*", para o período 2026-2028, e o acordo de asociación que figura no expediente co Código de verificación electrónica (CVE): 0GWE03JHKUIRH6LE.

Segundo. Facultar ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra para a formalización e aprobación de cantos documentos garden relación co citado proxecto mediante a súa sinatura.

14.8626.- **ACEPTACIÓN DA SENDA FEDER CONCEDIDA AO PROXECTO "PAI VAL MIÑOR 15 MINUTOS" NO MARCO DA CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE SENDA FINANCEIRA FEDER AOS PLANS EDIL (PROGRAMA OPERATIVO PLURIRREXIONAL DE ESPAÑA 2021-2027) (EXPTE. 2025008285)**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/aub6Umsp8RWAdNtXbs56VkMLaUpZbfRZRWywubjXNpIPHU9e

Á vista do informe proposta da directora de Proxectos Europeos e do xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios (CSV: 6FGQMKXAH1R65Z9N) relativo á Aceptación da senda FEDER concedida ó proxecto denominado "Pai Val Miñor 15 minutos" no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER aos plans EDIL e á aprobación dos convenios de colaboración cos concellos participantes; que é do seguinte teor literal:

"Á vista da resolución do 16/01/2026 da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027, e co obxecto de proceder á aceptación expresa da devandita

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

senda, á aprobación do réxime de financiamento e repartición da cofinanciación, á autorización do gasto plurianual correspondente, así como á aprobación do convenio de colaboración cos concellos participantes e autorización para a súa formalización, a Directora de Proxectos Europeos e o xefe de Servizo de Cooperación, emiten o seguinte:

I. ANTECEDENTES

– O artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.

– A Deputación de Pontevedra anticipándose a unha potencial convocatoria de axudas no marco do OE RSO5.1 do Programa Operativo Plurirrexional de España 2021-2027 (POPE), encargou externamente a realización dun estudo para a identificación, definición e priorización das Áreas Urbanas Funcionais da Provincia de Pontevedra (CSV: VHC7DB2BML2442E0). A Área Urbana Funcional Baiona-Gondomar-Nigrán, acadou a maior puntuación, destacando por unha marcada continuidade urbana, a presencia de relevantes equipamentos e servizos compartidos, así como unha sólida rede de vías estruturantes; esta área funcional configúrase como un núcleo central de actividade económica e mobilidade, evidenciando unha integración profunda e sinerxías supramunicipais que a fan constituírse como un área funcional acorde coa definición sinalada no Obxectivo RSO5.1 do POPE 2021-2027. Así pois, procedeuse á elaboración da Axenda Urbana da Área Funcional do Val Miñor (en adiante, AUF Val Miñor), requisito definido no OE RSO5.1 do POPE, que foi realizada durante os meses de marzo, abril, maio e xuño do ano 2024 (CSV: DMAPKBEETDMJ4L8J).
Neste senso, a Axenda Urbana da AUF Val Miñor, elaborada seguindo a metodoloxía da Axenda Urbana Española, foi aprobada polo Pleno do Concello de Baiona do 23 de xullo de 2024, polo Pleno do Concello de Gondomar do 14 de agosto de 2024 e polo Pleno do Concello de Nigrán do 6 de Agosto de 2024 así como tamén polo Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do 31 de Xaneiro de 2025.

– Mediante a Resolución Presidencial número RP2025001372, de data 26/02/2025 aprobouse o Plan de Actuación Integrado "Val Miñor 15 minutos" -en adiante, o PAI-, cun orzamento de gasto de 10.000.000 euros e a solicitude da axuda FEDER correspondente por un importe de 6.000.000 € no marco da Convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, FEDER 2021-2027, en calidade de entidade solicitante e beneficiaria do mesmo.

A documentación relativa ao PAI acompañada dos certificados de acordo da aprobación do proxecto e compromiso de cofinanciación dos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar (CSVs respectivos M7YC34OB1SXEDNND, ZR4SP5BF5LLYUFHK e

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

IVX1U1WRDZ6HHTTT) así como da Deputación de Pontevedra (CSV 4CDUKDQAXR99168M) foi presentado o día 27 de febreiro de 2025 na sede electrónica da Dirección Xeral de Fondos Europeos con nº de rexistro 2025-E-RE-286.

– Na Resolución do 1 de outubro de 2025, da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se resolve provisionalmente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, concedese á solicitude de proxecto 363/2025– "Pai Val Miñor 15 minutos", a concesión da senda financeira ao PAI de 4.365.151,80€ (taxa de cofinanciación do 60%) para unha inversión pública (orzamento total subvencionable) correspondente de 7.275.253,00€, o que suporá unha cofinanciación de 2.910.101,20€.

– En data 16/10/2025 recíbese comunicación do órgano instrutor para os interesados tras a Resolución do 1 de outubro de 2025 na que se insta a proceder á aceptación da senda financeira asignada co fin de axilizar a tramitación definitiva da axuda, remitíndose a Aceptación da senda FEDER concedida asinada polo representante legal da Deputación de Pontevedra o 24/10/2025.

– Finalmente, a Dirección Xeral de Fondos Europeos publica, o 16 de xaneiro de 2026, a resolución pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027, ratificando o disposto na resolución provisional de 1 de outubro de 2025.

Táboa 1. Senda financeira concedida ao "PAI Val Miñor 15 Minutos".

Orzamento total subvencionable	Axuda FEDER (60%)	Cofinanciación
7.275.253,00€	**4.365.151,80€**	**2.910.101,20€**

II. FUNDAMENTOS TÉCNICOS

O "PAI Val Miñor 15 Minutos" ten como finalidade implementar o modelo urbano da "cidade dos 15 minutos" no conxunto da AUF Val Miñor, impulsando o desenvolvemento sostible e integrado dos principais núcleos urbanos do Val Miñor (Baiona, Gondomar, A Ramallosa, Nigrán e Panxón) e favorecendo a conectividade ao longo do eixo marítimo-fluvial, tomando como punto neurálxico do territorio o núcleo da Ramallosa, na enseada do Miñor.

ACTUACIÓNS PRIORIZADAS

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

A Deputación de Pontevedra como entidade beneficiaria da senda financeira FEDER concedida ao PAI, será a responsable de garantir a execución das actuacións nel contempladas. Tendo en conta que a senda financeira concedida resulta inferior ao orzamento subvencionable inicialmente previsto e presentado no PAI, procedeuse a priorizar de acordo cos Concellos, as actuacións incluídas inicialmente no PAI, sen prexuízo dunha posible reasignación da senda financeira de acordo ao artigo 23 da Orde HAC/1072/2024 coa que se podería compensar a contía na que se reduciu esta primeira asignación recibida coa resolución da convocatoria.

A continuación figuran as actuacións priorizadas no marco do PAI aprobado, o orzamento total e subvencionable previsto para a execución das mesmas, o cofinanciamento do FEDER para cada actuación e as achegas que corresponderían, tanto á Deputación provincial, como a cada municipio que conforma a AUF do Val Miñor. Compre destacar que a distribución por actuacións responde unicamente a unha programación e planificación, podendo realizarse axustes e compensacións económicas entre as diferentes actuacións.

cando menos, o 70% do gasto subvencionable, ou ter xustificado, como mínimo, o 20% da axuda FEDER asignada. Este procedemento poderá repetirse con datos referidos aos 31 de marzo dos exercicios posteriores, nos termos previstos no citado artigo, podendo actualizarse, por acordo dos Organismos Intermedios de Xestión, os requisitos aplicables. En aplicación do citado precepto, a execución financeira do PAI poderá ser obxecto de reprogramación, co obxecto de axustar a distribución temporal e material dos investimentos á evolución da execución das actuacións e aos prazos previstos. A reprogramación poderá supoñer tanto o incremento como a minoración da senda financeira inicialmente asignada, dentro dos límites globais aprobados e da normativa FEDER vixente.

As reprogramacións que supoñan un incremento do importe global manterán o réxime de cofinaciamento previsto no Convenio. Ditas reprogramacións esixirán a previa conformidade e a sinatura das correspondentes addendas pola Deputación e os Concellos afectados. O incremento da achega a cargo da Deputación tramitarase necesariamente como nova concesión ou modificación da subvención nominativa.

Os incrementos do importe global que non sexan cofinanciados polo FEDER financiaranse na súa totalidade polo Concello beneficiario da actuación correspondente.

A continuación figura a planificación de financiamento plurianual relativa á previsión do orzamento consignado para a execución financeira prevista por anualidades na Táboa 3.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Táboa 4. Planificación de orzamento consignado por actuacións e por anualidades.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	2026	2027	2028	2029	Total
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.1	Eje cívico y carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán					
	1.2	Senda ciclopeatonal del río Muiños, Porto do Molle-Playa América	Nigrán			450.000,00		450.000,00
	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona			446.000,00		446.000,00
	1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán			1.015.000,00		1.015.000,00
	1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar					
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF			90.000,00		90.000,00
	1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF					
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00				90.000,00
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	1.500.000,00				1.500.000,00
	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	15.000,00	385.000,00			400.000,00
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	600.000,00				600.000,00
	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar		1.652.500,00			1.652.500,00
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00				247.300,00
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	60.573,13				60.573,13
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona					
	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00				294.100,00
	4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF					
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87				198.779,87
	5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona					
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00				346.000,00
				3.351.753,00 €	**2.037.500,00 €**	**2.001.000,00 €**		**7.390.253,00 €**

COFINANCIAMENTO E ACHEGAS MUNICIPAIS

Tendo en conta que as devanditas actuacións se desenvolverán no territorio dos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, beneficiando de maneira directa, tanto a cada un dos

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Concellos, como ao conxunto do territorio, procede que estes contribúan coa Deputación Provincial de Pontevedra na aportación necesaria para cofinanciar a inversión prevista, facéndose cargo do 50% da achega correspondente á Deputación Provincial, é dicir, o 20% da totalidade da mesma, así como da achega municipal adicional necesaria para cubrir os custos non previstos no orzamento subvencionable no seu termo municipal.

Tendo en conta que o período de execución do PAI abarca até o 31 de decembro de 2029, a achega total dos concellos abonarase en 4 anualidades -2026, 2027, 2028 e 2029-, ao inicio do exercicio de cada unha delas e tendo en conta a seguinte programación de desembolsos: no primeiro ano o 20% da achega municipal total e os seguintes anos o restante a partes iguais. Pola súa parte, a achega provincial por anualidades representa o 20% do orzamento subvencionable consignado.

A continuación figura o compromiso de achega municipal e provincial total por cada un dos concellos:

Táboa 5. Cadro de previsión económica e planificación financeira das achegas municipais e da Deputación de Pontevedra:

		TOTAL	2026	2027	2028	2029
Baiona	1. Orzamento total	2.704.304,25 €	2.099.970,91 €	128.333,33 €	476.000,00 €	
	2. Orzamento subvencionable	2.589.304,25 €	1.984.970,91 €	128.333,33 €	476.000,00 €	
	3. Cofinanciación FEDER (60% de (2))	1.553.582,55 €	1.190.982,55 €	77.000,00 €	285.600,00 €	
	4. Cofinanciación Deputación (20% de (2))	517.860,85 €	396.994,18 €	25.666,67 €	95.200,00 €	
	5. Cofinanciación Concello (20% de (2))	517.860,85 €	103.572,17 €	138.096,23 €	138.096,23 €	138.096,23 €
	6. Achega municipal adicional (1)-(2)	115.000,00 €	23.000,00 €	30.666,67 €	30.666,67 €	30.666,67 €
	7. Achega municipal total (5)+(6)	632.860,85 €	126.572,17 €	168.762,89 €	168.762,89 €	168.762,89 €
		TOTAL				
Nigrán	1. Orzamento total	2.278.524,38 €	655.191,04 €	128.333,33 €	1.495.000,00 €	
	2. Orzamento subvencionable	2.278.524,38 €	655.191,04 €	128.333,33 €	1.495.000,00 €	
	3. Cofinanciación FEDER (60% de (2))	1.367.114,63 €	393.114,63 €	77.000,00 €	897.000,00 €	
	4. Cofinanciación Deputación (20% de (2))	455.704,88 €	131.038,21 €	25.666,67 €	299.000,00 €	
	5. Cofinanciación Concello (20% de (2))	455.704,88 €	91.140,98 €	121.521,30 €	121.521,30 €	121.521,30 €
	6. Achega municipal adicional (1)-(2)					
	7. Achega municipal total (5)+(6)	455.704,88 €	91.140,98 €	121.521,30 €	121.521,30 €	121.521,30 €
		TOTAL				
Gondomar	1. Orzamento total	2.407.424,38 €	596.591,04 €	1.780.833,33 €	30.000,00 €	
	2. Orzamento subvencionable	2.407.424,38 €	596.591,04 €	1.780.833,33 €	30.000,00 €	
	3. Cofinanciación FEDER (60% de (2))	1.444.454,63 €	357.954,63 €	1.068.500,00 €	18.000,00 €	
	4. Cofinanciación Deputación (20% de (2))	481.484,88 €	119.318,21 €	356.166,67 €	6.000,00 €	
	5. Cofinanciación Concello (20% de (2))	481.484,88 €	96.296,98 €	128.395,97 €	128.395,97 €	128.395,97 €
	6. Achega municipal adicional (1)-(2)					
	7. Achega municipal total (5)+(6)	481.484,88 €	96.296,98 €	128.395,97 €	128.395,97 €	128.395,97 €

CONVENIOS COS CONCELLOS

As achegas municipais, xunto co resto de obrigas económicas, técnicas e administrativas vinculadas á execución do PAI, concretaranse e formalizaranse nos correspondentes

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

convenios de colaboración que se subscriban entre a Deputación Provincial de Pontevedra e cada un dos concellos integrantes da Área Urbana Funcional do Val Miñor. Estes convenios terán a consideración de instrumentos de desenvolvemento do marco aprobado e incorporaranse ao expediente administrativo, recollendo, entre outras cuestións, o detalle das actuacións, a distribución por anualidades, os mecanismos de compensación, axuste e liquidación, así como as obrigas derivadas da normativa FEDER aplicable. O texto do convenio para cada un dos concellos recóllese en Anexo ao presente informe.

III. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA
NORMATIVA EXAMINADA

- Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do Desenvolvemento Urbano Sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Resolución do 23 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Fondos Europeos pola que se aproba a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Resolución do 16 de xaneiro de 2026 da Dirección Xeral de Fondos europeos pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) .
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

Así mesmo, tratándose dun proxecto que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento rexional (FEDER) atenderase á seguinte normativa:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras aplicables aos devanditos fondos e a outros instrumentos da Unión.
- Regulamento (UE) Nº 2021/1058, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión, que establece os obxectivos específicos que apoiará o FEDER.
- Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- De conformidade co disposto na Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, e na Resolución definitiva de concesión da senda financeira FEDER, a aceptación da axuda e a execución do Plan de Actuación Integrado estarán suxeitas aos procedementos de seguimento, xestión, control, certificación e xustificación establecidos pola Autoridade de Xestión. A Deputación Provincial de Pontevedra, en calidade de entidade beneficiaria, será responsable da correcta instrución do expediente, da tramitación administrativa e orzamentaria das actuacións, da formalización dos convenios necesarios cos concellos participantes e da realización de cantos trámites sexan requiridos ante a Autoridade de Xestión, o Organismo Intermedio de Xestión e demais órganos competentes, de acordo coa normativa europea, estatal e autonómica aplicable.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

- Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cuantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- En virtude do establecido na base 16ª.3 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, a competencia para resolver atribúese ao Pleno.

IV. CONCLUSIÓNS

A Deputación de Pontevedra, impulsou a identificación das Áreas Urbanas Funcionais da provincia no marco do Obxectivo Específico RSO5.1 do Programa Operativo Plurirrexional de España 2021-2027. A Área Urbana Funcional Baiona-Gondomar-Nigrán foi identificada como a de maior integración funcional, elaborándose a correspondente Axenda Urbana da AUF Val Miñor, aprobada polos Plenos dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán e polo Pleno da Deputación Provincial.

Neste contexto elaborouse a Axenda Urbana da Área Urbana Funcional do Val Miñor, seguindo a metodoloxía da Axenda Urbana Española, que foi aprobada polos Plenos dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán, así como polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na súa sesión do 31 de xaneiro de 2025.

Mediante Resolución Presidencial de 26 de febreiro de 2025, a Deputación de Pontevedra aprobou o Plan de Actuación Integrado "Val Miñor 15 minutos", cun orzamento total de 10.000.000 euros, e presentou, en calidade de entidade solicitante e beneficiaria, a correspondente solicitude de axuda FEDER no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira a Plans de Actuación Integrados, FEDER 2021-2027.

Con data 16 de xaneiro de 2026, a Dirección Xeral de Fondos Europeos resolveu definitivamente a convocatoria, concedendo á Deputación Provincial de Pontevedra unha senda financeira FEDER por importe de 4.365.151,80€, o que supón un orzamento total subvencionable de 7.275.253,00€, aplicando unha taxa de cofinanciación FEDER do 60%, e unha cofinanciación total de 2.910.101,20€ por parte das entidades participantes.

De conformidade co disposto na Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, e na Resolución definitiva de concesión da senda financeira FEDER, a aceptación da axuda e a execución do Plan de Actuación Integrado estarán suxeitas aos procedementos de seguimento, xestión, control, certificación e xustificación establecidos pola Autoridade de Xestión. A

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Deputación Provincial de Pontevedra, en calidade de entidade beneficiaria, será responsable da correcta instrución do expediente, da tramitación administrativa e orzamentaria das actuacións, da formalización dos convenios necesarios cos concellos participantes e da realización de cantos trámites sexan requiridos ante a Autoridade de Xestión, o Organismo Intermedio de Xestión e demais órganos competentes, de acordo coa normativa europea, estatal e autonómica aplicable.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do devandito proxecto compre proceder a:

- Aceptar expresamente a senda financeira FEDER concedida á Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento do Plan de Actuación Integrado "Val Miñor 15 minutos", por importe de 4.365.151,80€, correspondente a un orzamento total subvencionable de 7.275.253,00€, cunha taxa de cofinanciación FEDER do 60%, no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, FEDER 2021-2027.
- Aprobar o réxime de financiamento e repartición da cofinanciación do investimento subvencionable do PAI, nos seguintes termos: o 60% do orzamento subvencionable será financiado con cargo ao FEDER; o 20% do orzamento subvencionable será asumido pola Deputación Provincial de Pontevedra con fondos propios; e o 20% restante do orzamento subvencionable será asumido polos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, de acordo co ámbito territorial das actuacións e nos termos que se concreten nos correspondentes convenios. Así mesmo, os concellos asumirán, a achega municipal adicional necesaria para cubrir a parte do investimento non atendida pola senda financeira FEDER aprobada, sen prexuízo dos axustes que poidan derivarse dunha eventual reprogramación da dita senda ou dunha redución do custo real das actuacións.
- Autorizar o gasto plurianual correspondente á execución do Plan de Actuación Integrado, dentro dos límites económicos establecidos na resolución de concesión da senda financeira FEDER e de acordo coa planificación financeira de orzamento consignado por actuacións e anualidades previstas na táboa 4 do presente informe, abrindo as aplicacións orzamentarias e os conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo "proxecto de gastos". A autorización e disposición do gasto correspondente a cada anualidade subordinarase ao crédito que para cada exercicio se autorice nos respectivos orzamentos.
- Aprobar a concesión da subvención plurianual directa aos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, polos importes correspondentes co financiamento a cargo da Deputación de Pontevedra (20% do orzamento subvencionable) segundo distribución por anualidades prevista na táboa 5 do presente informe. A eficacia do acordo no que respecta a concesión e elixibilidade das subvencións correspondente a anualidades futuras condicionase a existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

exercicio correspondente.
O financiamento da achega provincial correspondente á cada anualidade poderá realizarse con cargo aos créditos que se consignen no orzamento vixente ou, no seu caso, mediante a oportuna modificación orzamentaria financiada con Remanente de Tesourería para gastos xerais, de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas bases de execución do orzamento provincial.

- Aprobar os convenios de colaboración cos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar (en anexo) necesarios para a execución do PAI, nos que se recollen, entre outras cuestións, as actuacións a desenvolver, o detalle das achegas económicas das partes, os mecanismos de compensación, axuste e liquidación, así como o réxime de obrigas e compromisos derivados da normativa FEDER aplicable, así como para realizar cantos actos de trámite e execución resulten necesarios para o desenvolvemento do presente acordo.
- Facultar expresamente ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra para: formalizar e asinar os convenios de colaboración cos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar.
- Facultar ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra para cantos actos e trámites sexan necesarios para a correcta execución e xestión administrativa do Plan de Actuación Integrado "Val Miñor 15 Minutos", no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, FEDER 2021-2027, e en particular para a realización das actuacións de interlocución, comunicación, seguimento, xustificación, modificacións non substanciais e demais trámites que procedan ante a Autoridade de Xestión, o Organismo Intermedio de Xestión e calquera outro órgano competente, sen prexuízo, no seu caso, da obriga de dar conta ao Pleno para a súa ratificación cando así resulte legalmente esixible.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO "VAL MIÑOR 15 MINUTOS", AO ABEIRO DA CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE SENDA FINANCEIRA FEDER A PLANS DE ACTUACIÓN INTEGRADOS DE ENTIDADES LOCAIS NO MARCO DO DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE, CON CARGO AO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2021-2027.

Na Deputación de Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal desta que se lle atribúe no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, Juan González Pérez, alcalde do Concello de Nigrán na representación legal que deste lle atribúe o artigo 21.1.b) do mesmo texto legal.

Dá fe do acto Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e a formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e, para estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN QUE

I. A Deputación de Pontevedra e o Concello de Nigrán (en diante, Concello) comparten como criterio que as entidades locais, como administracións máis próximas á cidadanía, deben ser os axentes protagonistas no deseño, no impulso da acción local e no desenvolvemento das políticas locais. Así mesmo, as deputacións deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os concellos e a cidadanía poidan ter os mesmos dereitos e servizos.

II. A Deputación de Pontevedra anticipándose a unha potencial convocatoria de axudas no marco do OE RSO5.1 do Programa Operativo Plurirrexional de España 2021-2027 (POPE), encargou externamente a realización dun estudo para a identificación, definición e priorización das Áreas Urbanas Funcionais da Provincia de Pontevedra (CSV: VHC7DB2BML2442E0). A Área Urbana Funcional Baiona-Gondomar-Nigrán, acadou a maior puntuación, destacando por unha marcada continuidade urbana, a presencia de relevantes equipamentos e servizos compartidos, así como unha sólida rede de vías estruturantes; esta área funcional configúrase como un núcleo central de actividade económica e mobilidade, evidenciando unha integración profunda e sinerxías supramunicipais que a fan constituírse como un área funcional acorde coa definición sinalada no Obxectivo RSO5.1 do POPE 2021-2027. Así pois, procedeuse á elaboración da Axenda Urbana da Área Funcional do Val Miñor (en adiante, AUF Val Miñor), requisito definido no OE RSO5.1 do POPE, que foi realizada durante os meses de marzo, abril, maio e xuño do ano 2024 (CSV: DMAPKBEETDMJ4L8J).

Neste senso, a Axenda Urbana da AUF Val Miñor, elaborada seguindo a metodoloxía da Axenda Urbana Española, foi aprobada polo Pleno do Concello de Baiona do 23 de xullo de 2024, polo Pleno do Concello de Gondomar do 14 de agosto de 2024 e polo Pleno do Concello de Nigrán do 6 de Agosto de 2024 así

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

como tamén polo Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do 31 de Xaneiro de 2025.

III. Mediante a Resolución Presidencial número RP2025001372, de data 26/02/2025 aprobouse o Plan de Actuación Integrado "Val Miñor 15 minutos" -en adiante, o PAI-, cun orzamento de gasto de 10.000.000€ e solicitude da axuda FEDER correspondente por un importe de 6.000.000€ no marco da Convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, FEDER 2021-2027, en calidade de entidade solicitante e beneficiaria do mesmo. O anexo I recolle a totalidade das actuacións contempladas no PAI e o orzamento total previsto.

A documentación relativa ao PAI acompañada dos certificados de acordo da aprobación do proxecto e compromiso de cofinanciación dos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar (CSVs respectivos M7YC34OB1SXEDNND, ZR4SP5BF5LLYUFHK e IVX1U1WRDZ6HHTTT) así como da Deputación de Pontevedra (CSV 4CDUKDQAXR99168M) foi presentado o día 27 de febreiro de 2025 na sede electrónica da Dirección Xeral de Fondos Europeos con nº de rexistro 2025-E-RE-286.

IV. O PAI ten como finalidade implementar o modelo urbano da "cidade dos 15 minutos" no conxunto da AUF Val Miñor, impulsando o desenvolvemento sostible e integrado dos principais núcleos urbanos do Val Miñor (Baiona, Gondomar, A Ramallosa, Nigrán e Panxón) e favorecendo a conectividade ao longo do eixo marítimo-fluvial, tomando como punto neurálxico do territorio o núcleo da Ramallosa, na enseada do Miñor.

V. Na Resolución de 16 de xaneiro de 2026, da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, selecciónase á Deputación de Pontevedra como beneficiaria dunha senda financeira FEDER para a financiación do PAI (solicitude de proxecto 363/2025) por importe de 4.365.151,80€ (taxa de cofinanciación do 60%), correspondente a unha inversión pública de 7.275.253,00€, o que suporá unha cofinanciación por parte da entidade beneficiaria de 2.910.101,20 €.

VI. A Deputación de Pontevedra como entidade beneficiaria da senda financeira FEDER concedida ao PAI, será a responsable de garantir a execución das actuacións nel contempladas. Tendo en conta que as devanditas actuacións se desenvolverán no territorio dos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, beneficiando de maneira directa, tanto a cada un dos Concellos, como ao conxunto do territorio, procede que estes contribúan coa Deputación Provincial de Pontevedra na aportación necesaria para cofinanciar a inversión prevista, facéndose cargo do 50% da achega correspondente á Deputación Provincial, é dicir, o 20% da totalidade da mesma, así como da achega municipal adicional necesaria para cubrir os custos non previstos no orzamento subvencionable no seu termo municipal.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

VII. Tendo en conta a redución do orzamento total do PAI en relación á senda financiera aprobada, procedeuse a priorizar de acordo cos Concellos, as actuacións incluídas inicialmente no PAI. O anexo II recolle a totalidade das actuacións priorizadas no marco do PAI aprobado, o orzamento total e subvencionable necesario para a execución das mesmas, o cofinanciamento do FEDER para cada actuación e as achegas que corresponderían, tanto á Deputación provincial, como a cada municipio que conforma a AUF do Val Miñor. O anexo III recolle por un lado a Planificación de execución financeira: Previsión de gasto executado e pagado por actuacións e por anualidades así como a Planificación de orzamento consignado por actuacións e por anualidades.

VIII. Así, a colaboración entre a Deputación e o Concello de Nigrán é necesaria para garantir a execución das actuacións contempladas no PAI que teñan como ámbito territorial o municipio de Nigrán ou que afecten ao conxunto do territorio da AUF Val Miñor.

IX. O presente convenio encádrase nas competencias propias da Deputación Provincial previstas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, relativas á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, así como, de maneira complementaria, nas competencias de coordinación e de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios previstas nas letras a) e b) do mesmo precepto. Así mesmo, o Concello de Nigrán actúa no exercicio das súas competencias propias en materia de urbanismo, mobilidade, medio ambiente, espazo público, servizos municipais e desenvolvemento local.

X. Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como se establece no artigo 47 e nos seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da LRBRL; e no artigo 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Con base nestes antecedentes, as partes acordan subscribir este convenio, consonte as seguintes:

Cláusulas

Primeira. Obxecto.

O presente convenio ten carácter administrativo e instrumenta un marco de colaboración interadministrativa entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Nigrán para a execución do PAI Val Miñor 15 minutos, incluíndo os compromisos financeiros asumidos polas partes en concepto de cofinanciación das actuacións nel previstas, e en particular, das relativas ao termo municipal de Nigrán e as que afectan ao conxunto da AUF, de conformidade coa normativa aplicable.

Segunda. Actuacións incluídas no PAI que afectan ao municipio de Nigrán e á totalidade da AUF Val Miñor.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

As actuacións incluídas no PAI presentado a desenvolver no municipio de Nigrán son as seguintes:

- Actuación 1.1. Eixe cívico e carril bici na Avenida Castelao, Nigrán.
- Actuación 1.2. Senda ciclopeonil do río Muiños, Porto do Molle-Praia América
- Actuación 1.4. Senda ciclista A Ramallosa-Panxón.
- Actuación 3.1. Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.

As actuacións incluídas no PAI que afectan ao conxunto da AUF Val Miñor son as seguintes:

- Actuación 1.6. Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista.
- Actuación 1.7. Liña de transporte público no Val Miñor.
- Actuación 1.8. Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor.
- Actuación 2.2. e 2.3. Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor.
- Actuación 3.4. Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.
- Actuación 4.3. Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.

Terceira. Actuacións priorizadas do PAI que afectan ao municipio de Nigrán e á totalidade da AUF Val Miñor.

Tendo en conta que a axuda FEDER inicialmente contemplada para o PAI e solicitada pola Deputación provincial era de 6 millóns de euros -para un orzamento total de 10 millóns de euros- e a senda financeira aprobada foi de 4.365.151,80 € de axuda FEDER, para un orzamento total de 7.275.253,00 €, procedeu priorizar, dacordo cos tres Concellos afectados, tanto as actuacións que afectan á totalidade da AUF Val Miñor como aquelas que se desenvolven no ámbito territorial de cada un dos Concellos.

As actuacións priorizadas a desenvolver no municipio de Nigrán no marco do PAI son as seguintes:

- Actuación 1.2. Senda ciclopeonil do río Muiños, Porto do Molle-Praia América
- Actuación 1.4. Senda ciclista A Ramallosa-Panxón.
- Actuación 3.1. Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.

As actuacións priorizadas que afectan ao conxunto da AUF Val Miñor, incluídas no PAI, son as seguintes:

- Actuación 1.6. Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista.
- Actuación 1.8. Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor.
- Actuación 2.2. e 2.3. Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor.
- Actuación 3.4. Aplicación dixital Val Miñor Cultural.

Esta priorización de actuacións a desenvolver pola Deputación de Pontevedra faise sen prexuízo de que as actuacións non priorizadas se poidan desenvolver nun futuro, no caso

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

de que se cumpran os requisitos de selección e xustificación de gasto previstos e a Deputación poida beneficiarse dunha reasignación de senda financeira que compense a contía reducida na primeira asignación, tal e como dispón o artigo 23 da Orde HAC/1072/2024.

Cuarta. Orzamento total, financiamento das actuacións e achegas necesarias.

O orzamento total previsto no marco do PAI para realizar as actuacións priorizadas no termo municipal de Nigrán ascende a 2.065.000€ -a totalidade dos cales teñen a consideración de orzamento subvencionable-, que conta cunha cofinanciación FEDER do 60%, que implicaría unha achega en termos de cofinanciación por parte da entidade beneficiaria da senda financeira do 40% restante.

En atención ao beneficio territorial directo, o Concello de Nigrán e a Deputación provincial de Pontevedra, acordan financiar conxuntamente e a partes iguais a contía da cofinanciación antedita.

O Concello de Nigrán deberá asumir con fondos propios a diferencia entre o orzamento total e o orzamento subvencionable que afecte ás actuacións que se desenvolvan no seu termo municipal. A necesidade desta achega municipal responde exclusivamente á insuficiencia inicial da senda financeira aprobada para cubrir a totalidade do investimento previsto e non terá carácter definitivo, podendo verse reducida no suposto de que, como consecuencia dunha execución axeitada do PAI, se produza un incremento da senda financeira FEDER asignada nos termos do artigo 23 da Orde de HAC/1072/2024 do 2 de outubro, ou ben no caso de existir no futuro orzamento dispoñible procedente de excedentes doutras actuacións.

O orzamento previsto no marco do PAI para realizar as actuacións priorizadas que afectan á totalidade do ámbito territorial da AUF Val Miñor ascende a 640.573,13€, que conta cunha cofinanciación FEDER do 60% e implicaría unha cofinanciación por parte da entidade beneficiaria da senda financeira do 40%. Na medida en que os tres Concellos que conforman a AUF Val Miñor serán os beneficiarios últimos das actuacións desenvolvidas, a contía desta achega será cofinanciada a partes iguais pola Deputación Provincial e os tres Concellos, é dicir, o 50% será asumido pola Deputación e o 50% restante, a partes iguais, polos tres Concellos afectados.

	1.ORZA-MENTO TOTAL	2.ORZAMEN-TO SUBVENCION ABLE	3.AXUDA FEDER (60% de (2))	4.COFINANCIA CIÓN DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (20% de (2))	5.COFINANCIA CIÓN MUNICIPAL (20% de (2))	6.ACHEGA MUNICI-PAL ADICIO-NAL (1)-(2)
Termo municipal Nigrán	2.065.000,00 €	2.065.000,00 €	1.239.000,00 €	413.000,00 €	413.000,00 €	0,00 €
AUF Nigrán (1/3 do total da AUF)	213.524,38 €	213.524,38 €	128.114,63 €	42.704,88 €	42.704,88 €	0,00 €
TOTAL	**2.278.524,38€**	**2.278.524,38 €**	**1.367.114,63 €**	**455.704,88 €**	**455.704,88 €**	**0,00 €**

No anexo IV figura o orzamento relativo ás actuacións priorizadas para o Concello de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Nigrán e para a totalidade da AUF do Val Miñor, a parte proporcional asumida polo concello; a cofinanciación FEDER aprobada que corresponde a cada unha delas e as achegas necesarias por parte da Deputación e o Concello.
Así, as necesidades de financiamento para a execución das actuacións que se desenvolverán no municipio de Nigrán e as que afectan á totalidade da AUF Val Miñor cubriranse da seguinte forma:

- ✓O FEDER aportará o 60% do orzamento subvencionable.
- ✓A Deputación aportará o 20% do orzamento subvencionable.
- ✓O Concello de Nigrán aportará o 20% do orzamento subvencionable das actuacións que se desenvolvan en Nigrán.
- ✓Os Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar aportarán o 20% do orzamento subvencionable das actuacións que se desenvolvan na AUF Val Miñor, a razón do 6,67% cada Concello.
- ✓O Concello de Nigrán aportará, no seu caso, o 100% da achega municipal adicional que fora necesaria para cubrir os custos non subvencionables das actuacións levadas a cabo no seu termo municipal, sen prexuízo de que estes custos puideran chegar a ser considerados subvencionables nun futuro.

No caso de que algún dos custos das actuacións desenvolvidas no municipio de Nigrán fora declarado non subvencionable por responsabilidade exclusiva do Concello, este sería asumido integramente polo Concello.

Quinta. Achegas municipais e provinciais e mecanismos de compensación.

No certificado do acordo de aprobación do proxecto e compromiso de cofinanciación do 21 de febreiro de 2025 (CSV M7YC34OB1SXEDNND), presentado coa solicitude de axuda do PAI, recóllese o acordo adoptado por Decreto de Alcaldía coa declaración do compromiso do Concello de Nigrán para habilitar o crédito adecuado e suficiente para financiar a execución do PAI en caso de resultar seleccionado.
Sobre a base deste compromiso de cofinanciación, o Concello de Nigrán comprométese a realizar unha achega económica total de 455.704,88€; é dicir, o 20% do orzamento total subvencionable correspondente ás actuacións a desenvolver no seu municipio e o 6,67% do orzamento total subvencionable correspondente ás actuacións a desenvolver na AUF.
Calquera variación que se produza no orzamento subvencionable será cofinanciada polas partes de conformidade con estas porcentaxes, exceptuando os incrementos que non sexan cofinanciados polo FEDER, na contía que excedan do importe máximo autorizado da achega provincial, que serán financiados integramente polo Concello beneficiario da actuacións.
Tendo en conta que o período de execución do PAI abarca até o 31 de decembro de 2029, a achega total abonarase en 4 anualidades -2026, 2027, 2028 e 2029-, ao inicio do exercicio de cada unha delas e tendo en conta a seguinte programación de desembolsos, no primeiro ano o 20% da achega municipal total e os seguintes anos o restante a partes iguais:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

	2026	2027	2028	2029	TOTAL
COFINANCIACIÓN DEPUTACIÓN (€)	131.038,21	25.666,67	299.000,00	0,00	**455.704,88**
COFINANCIACIÓN CONCELLO (€)	91.140,98	121.521,30	121.521,30	121.521,30	**455.704,88**
ACHEGA MUNICIPAL TOTAL (€)	91.140,98	121.521,30	121.521,30	121.521,30	**455.704,88**
ACHEGA MUNICIPAL TOTAL (%)	20%	26,67%	26,67%	26,67%	**100,00%**

Calquera variación que se produza nas necesidades de financiamento anual das partes será acordada por estas e trasladada a este convenio a través da correspondente addenda.

Os importes correspondentes á cofinanciación asumida pola Deputación para facer fronte ás anualidades previstas na táboa anterior deberán contar coa consignación nos orzamentos de cada exercicio. Esta consignación poderá realizarse ben mediante a súa previsión inicial no orzamento anual correspondente, ben mediante a tramitación da oportuna modificación orzamentaria financiada con Remanente de Tesourería. As achegas municipais de cada ano financiaranse con cargo ao Plan + Provincia da anualidade correspondente. Se o Concello quixese financiar a súa achega anual con outros recursos deberá indicalo expresamente e facer o ingreso da contía correspondente no primeiro mes de cada ano (ou no prazo dun mes desde a firma do Convenio para a anualidade 2026).

Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para financiar este convenio outórganse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, se tivese delegadas as facultades de recadación no dito organismo.

De acordo co Concello, a Deputación tamén poderá optar por detraer o importe do crédito asignado no Plan + Provincia en cada anualidade de acordo cos normas reguladoras do devandito Plan. No caso de financiarse a cargo da subvención do Plan + Provincia, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe de financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do Plan pola Deputación e con contía suficiente correspondente ao Concello. Estas operacións deberán efectuarse unha vez aprobado o convenio, antes de iniciar o expediente de contratación correspondente pola Deputación debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o artigo 116.4 da LCSP.

No caso de que o Concello xa incorrera en gastos relacionados coas actuacións do PAI , e estes puideran ser considerados elixibles, poderán ser utilizados para o cofinanciamento. O importe total pagado polo Concello será descontado, no seu caso, da achega municipal correspondente.

As cantidades que, no seu caso, deberá achegar o Concello terán a consideración de ingresos de dereito público e deberán ser ingresadas na Tesourería da Deputación de Pontevedra nos prazos e condicións que se establezan nas correspondentes comunicacións de liquidación ou cartas de pagamento emitidas pola Deputación.

O incumprimento polo Concello das obrigas de achega económica asumidas no presente

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

convenio poderá dar lugar, previa audiencia, á aplicación dos mecanismos previstos nesta cláusula e, no seu caso, á adopción das medidas necesarias para garantir a correcta execución financeira do PAI e o cumprimento das obrigas derivadas da normativa FEDER.

Sexta. Axustes de financiamento e liquidación final.

As achegas económicas do Concello de Nigrán previstas no presente convenio teñen carácter estimado e calculáronse sobre a base do orzamento inicialmente aprobado para as actuacións priorizadas do PAI.

Unha vez executadas total ou parcialmente as actuacións e determinada a súa xustificación económica definitiva, procederase á liquidación final das achegas correspondentes, axustando as contías efectivamente achegadas polo Concello ao custo real e subvencionable das actuacións executadas, de conformidade coa normativa aplicable.

No suposto de que o custo real e subvencionable das actuacións resultase inferior ao inicialmente previsto, a achega definitiva do Concello reducirase proporcionalmente, procedéndose, se é o caso, á devolución das cantidades ingresadas en exceso ou á súa compensación con outras obrigas económicas vixentes entre as partes, de acordo cos mecanismos previstos neste convenio.

Pola contra, no caso de que o custo real das actuacións resultase superior ao inicialmente previsto, e dito incremento fose cofinanciado cos fondos FEDER, a achega do Concello e da Deputación verase incrementada na mesma proporción, previa conformidade, aprobación e sinatura das correspondentes addendas pola Deputación e os Concellos afectados. O incremento da achega a cargo da Deputación tramitarase necesariamente como nova concesión ou modificación da subvención nominativa.

Os incrementos do importe global que non sexan cofinanciados polo FEDER financiaranse na súa totalidade polo Concello beneficiario da actuación correspondente

En todo caso, a liquidación final das achegas efectuarase unha vez aprobada a xustificación económica definitiva das actuacións e sen prexuízo das comprobacións, controis ou auditorías que poidan realizar os órganos competentes en materia de fondos europeos.

Sétima. Reprogramación da senda financeira.

Segundo dispón o artigo 23.1 da Orde HAC/1072/2024, de 2 de outubro, a senda financeira poderá ser modificada polo Comité de Seguimento do Programa Plurirrexional de España a proposta da Autoridade de Xestión e o Organismo Intermedio de Xestión nos seguintes casos:

- A senda financeira non comprometida en operacións seleccionadas ou en gasto xustificado nesta data poderá ser suprimida si a 31 de marzo de 2027 non se cumpre algunha das seguintes condicións:
  - Ter seleccionado operacións por, a lo menos, un 70% do gasto.
  - Ter xustificado, a lo menos, un 20% da axuda.
- A contía de senda financeira da entidade beneficiaria poderá ser incrementada se a citada entidade é quen de declarar sobrecertificación de gastos e así o solicita. Para iso, na data indicada anteriormente, deberanse cumprir as seguintes condicións:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

- Ter seleccionado operacións por, a lo menos, un 80% do gasto.
- Ter xustificado, a lo menos, un 40% da axuda.

Neste caso, a entidade beneficiaria, poderá presentar ante o Organismo Intermedio de xestión unha proposta de modificación do Plan que recolla a asignación da contía adicional de senda financiera.

As modificacións que supoñan un incremento do importe global manterán o réxime de cofinaciamento previsto no Convenio. Ditas modificacións deberán se aprobadas polas partes implicadas e recollidas na correspondente addenda. O incremento da achega a cargo da Deputación tramitarase necesariamente como nova concesión ou modificación da subvención nominativa.

Os artigos 23.2 e 23.3 dispoñen que o procedemento de reprogramación anteriormente exposto poderá repetirse con datos a data de 31 de marzo de 2028 e 2029 e que, ao peche do programa, no caso de que existira senda financeira FEDER non executada polas entidades beneficiarias, a Autoridade de Xestión poderá reasignala a outras entidades beneficiarias que finalizaran a execución con sobrecertificación de operacións.

No caso de que a senda financeira do PAI fora reprogramada por calquera das circunstancias anteditas e supoña un incremento da senda financeira asignada, procederase a unha revisión das actuacións non priorizadas, para a súa execución. No suposto dunha redución do orzamento, procederase á modificación das actuacións prioritarias planificadas ou ao desestimento dalgunha das mesmas. Consecuentemente, a achega financeira do Concello de Nigrán -ao igual que a dos outros dous Concellos do Val Miñor- veríase modificada porcentualmente na mesma contía. É dicir, a supresión ou incremento da senda financeira do PAI nunha porcentaxe determinada conlevaría unha rebaixa ou incremento da achega do Concello na mesma porcentaxe. Unha modificación na contía total da senda financeira conlevaría unha modificación do presente convenio a través dunha adenda.

Non obstante, para garantir o cumprimento dos fitos establecidos no artigo 23 da Orde HAC/1072/2024, de 2 de outubro, os Concellos obríganse a entregar os proxectos, documentación técnica, autorizacións, licenzas, permisos e informes sectoriais necesarios para a execución das actuacións no seu termo municipal necesarios para a contratación das inversións nos prazos establecidos na planificación operativa do PAI. No caso de que un atraso na entrega por parte do Concello provoque unha reprogramación á baixa da axuda FEDER, dita perda de fondos será repercutida exclusivamente nese Concello. Neste suposto, o Concello responsable deberá asumir o financiamento da parte detraída con fondos propios ou renunciar á actuación.

Oitava. Modificación do PAI.

Calquera cambio que fora preciso realizar no PAI ao longo do período de execución do mesmo deberá facerse conforme ao disposto no artigo 19 da Orde HAC/1072/2024, de 2 de outubro.

Novena. Selección de operacións.

De acordo ao disposto nos artigos 12 e 20 da Orde HAC/1072/2024, de 2 de outubro, a Deputación Provincial de Pontevedra, en tanto que entidade beneficiaria da senda

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

financeira FEDER para a execución do PAI, unha vez aceptada a axuda adopta a condición de Organismo Intermedio Lixeiro e asume -de acordo aos termos recollidos no artigo 73 do RDC- a función de selección das operacións obxecto de cofinanciación coa axuda FEDER, a través de las cales se articulará a implementación do devandito PAI.

Décima. Compromisos e obrigas da Deputación de Pontevedra.

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Actuar como beneficiaria e interlocutora única ante o Organismo Intermedio de Xestión e a Autoridade de Xestión do POPE 2021-2027, asumindo as obrigas do PAI.
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	60.573,13 €	60.573,13 €	36.343,88 €	12.114,63 €	4.038,21 €	4.038,21 €	4.038,21 €	
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona		- €	- €	- €	- €	- €	- €	
	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00 €	294.100,00 €	176.460,00 €	58.820,00 €	- €	58.820,00 €	- €	
	4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF		- €	- €	- €	- €	- €	- €	
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,67 €	198.779,67 €	119.267,92 €	39.755,97 €	- €	- €	39.755,97 €	
	5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona		- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00 €	346.000,00 €	207.600,00 €	69.200,00 €	- €	- €	69.200,00 €	
				7.390.253,00 €	7.275.253,00 €	4.365.151,80 €	1.455.050,60 €	455.704,88 €	481.484,88 €	517.860,85 €	115.000,00 €

PERÍODO DE EXECUCIÓN

O período de execución abranguerá as anualidades 2026, 2027 2028 e 2029. A última certificación de gasto deberá realizarse antes do 31/12/2029. Sen prexuízo das posibles prórrogas que, no seu caso, poidan derivarse da aplicación da normativa comunitaria relativa á regra N+3 ou de eventuais modificacións que autorice a Autoridade de Xestión.

PLANIFICACIÓN DA EXECUCIÓN FINANCEIRA POR ANUALIDADES

A continuación figura a previsión económica e planificación financeira por anualidades.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Táboa 3. Planificación de execución financeira: Previsión de gasto executado e pagado por actuacións e por anualidades.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	2026	2027	2028	2029	TOTAL
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.1	Eje cívico y carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán					
	1.2	Senda ciclopeatonal del río Muiños, Porto do Molle-Playa América	Nigrán			225.000,00 €	225.000,00 €	450.000,00
	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona			223.000,00 €	223.000,00 €	446.000,00
	1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán			507.500,00 €	507.500,00 €	1.015.000,00
	1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar					
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF				90.000,00	90.000,00
	1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF					
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00 €				90.000,00
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	750.000,00 €	750.000,00 €			1.500.000,00
	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	15.000,00	385.000,00 €			400.000,00
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	300.000,00 €	300.000,00 €			600.000,00
	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar		826.250,00 €	826.250,00 €		1.652.500,00
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00 €				247.300,00
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	60.573,13 €				60.573,13
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona					
	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00 €				294.100,00
	4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF					
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación non sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87 €				198.779,87
	5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona					
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00 €				346.000,00
				2.301.753,00	2.261.250,00	1.781.750,00	1.045.500,00	7.390.253,00

A planificación financeira por anualidades detallada na Táboa 3 está deseñada tendo en conta os fitos temporais de execución e xustificación establecidos no artigo 23 da Orde HAC/1072/2024. Este artigo establece que á data do 31 de marzo de 2027, deberá cumprirse polo menos unha das seguintes condicións: ter seleccionadas operacións por, cando menos, o 70% do gasto subvencionable, ou ter xustificado, como mínimo, o 20% da axuda FEDER asignada. Este procedemento poderá repetirse con datos referidos aos 31 de marzo dos exercicios posteriores, nos termos previstos no citado artigo, podendo actualizarse, por acordo dos Organismos Intermedios de Xestión, os requisitos aplicables. En aplicación do citado precepto, a execución financeira do PAI poderá ser obxecto de reprogramación, co obxecto de axustar a distribución temporal e material dos investimentos á evolución da execución das actuacións e aos prazos previstos. A reprogramación poderá supoñer tanto o incremento como a minoración da senda financeira inicialmente asignada, dentro dos límites globais aprobados e da normativa FEDER vixente.

As reprogramacións que supoñan un incremento do importe global manterán o réxime de cofinanciamento previsto no Convenio. Ditas reprogramacións esixirán a previa conformidade e a sinatura das correspondentes addendas pola Deputación e os concellos afectados. O incremento da achega a cargo da Deputación tramitarase necesariamente como nova concesión ou modificación da subvención nominativa.

Os incrementos do importe global que non sexan cofinanciados polo FEDER

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

financiaranse na súa totalidade polo concello beneficiario da actuación correspondente.

A continuación figura a planificación de financiamento plurianual relativa á previsión do orzamento consignado para a execución financeira prevista por anualidades na Táboa 3.

Táboa 4. Planificación de orzamento consignado por actuacións e por anualidades.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	2026	2027	2028	2029	Total
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.1	Eje cívico y carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán					
	1.2	Senda ciclopeatonal del río Muiños, Porto do Molle-Playa América	Nigrán			450.000,00		450.000,00
	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona			446.000,00		446.000,00
	1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán			1.015.000,00		1.015.000,00
	1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar					
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF			90.000,00		90.000,00
	1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF					
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00				90.000,00
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	1.500.000,00				1.500.000,00
	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	15.000,00	385.000,00			400.000,00
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	600.000,00				600.000,00
	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar		1.652.500,00			1.652.500,00
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00				247.300,00
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	60.573,13				60.573,13
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona					
	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00				294.100,00
	4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF					
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87				198.779,87
	5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona					
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00				346.000,00
				3.351.753,00 €	2.037.500,00 €	2.001.000,00 €		7.390.253,00 €

COFINANCIAMENTO E ACHEGAS MUNICIPAIS

Tendo en conta que as devanditas actuacións se desenvolverán no territorio dos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, beneficiando de maneira directa, tanto a cada un dos concellos, como ao conxunto do territorio, procede que estes contribúan coa Deputación Provincial de Pontevedra na aportación necesaria para cofinanciar a inversión prevista, facéndose cargo do 50% da achega correspondente á Deputación Provincial, é dicir, o 20% da totalidade da mesma, así como da achega municipal adicional necesaria para cubrir os custos non previstos no orzamento subvencionable no seu termo municipal.

Tendo en conta que o período de execución do PAI abarca até o 31 de decembro de 2029, a achega total dos concellos abonarase en 4 anualidades -2026, 2027, 2028 e 2029-, ao inicio do exercicio de cada unha delas e tendo en conta a seguinte programación de desembolsos: no primeiro ano o 20% da achega municipal total e os seguintes anos o restante a partes iguais. Pola súa parte, a achega provincial por anualidades representa o 20% do orzamento subvencionable consignado.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal · www.depo.gal

A continuación figura o compromiso de achega municipal e provincial total por cada un dos concellos:

Táboa 5. Cadro de previsión económica e planificación financeira das achegas municipais e da Deputación de Pontevedra

		TOTAL	2026	2027	2028	2029
Baiona	1. Orzamento total	2.704.304,25 €	2.099.970,91 €	128.333,33 €	476.000,00 €	
	2. Orzamento subvencionable	2.589.304,25 €	1.984.970,91 €	128.333,33 €	476.000,00 €	
	3. Cofinanciación FEDER (60% de (2))	1.553.582,55 €	1.190.982,55 €	77.000,00 €	285.600,00 €	
	4. Cofinanciación Deputación (20% de (2))	517.860,85 €	396.994,18 €	25.666,67 €	95.200,00 €	
	5. Cofinanciación Concello (20% de (2))	517.860,85 €	103.572,17 €	138.096,23 €	138.096,23 €	138.096,23 €
	6. Achega municipal adicional (1)-(2)	115.000,00 €	23.000,00 €	30.666,67 €	30.666,67 €	30.666,67 €
	7. Achega municipal total (5)+(6)	632.860,85 €	126.572,17 €	168.762,89 €	168.762,89 €	168.762,89 €
Nigrán		TOTAL				
	1. Orzamento total	2.278.524,38 €	655.191,04 €	128.333,33 €	1.495.000,00 €	
	2. Orzamento subvencionable	2.278.524,38 €	655.191,04 €	128.333,33 €	1.495.000,00 €	
	3. Cofinanciación FEDER (60% de (2))	1.367.114,63 €	393.114,63 €	77.000,00 €	897.000,00 €	
	4. Cofinanciación Deputación (20% de (2))	455.704,88 €	131.038,21 €	25.666,67 €	299.000,00 €	
	5. Cofinanciación Concello (20% de (2))	455.704,88 €	91.140,98 €	121.521,30 €	121.521,30 €	121.521,30 €
	6. Achega municipal adicional (1)-(2)					
	7. Achega municipal total (5)+(6)	455.704,88 €	91.140,98 €	121.521,30 €	121.521,30 €	121.521,30 €
Gondomar		TOTAL				
	1. Orzamento total	2.407.424,38 €	596.591,04 €	1.780.833,33 €	30.000,00 €	
	2. Orzamento subvencionable	2.407.424,38 €	596.591,04 €	1.780.833,33 €	30.000,00 €	
	3. Cofinanciación FEDER (60% de (2))	1.444.454,63 €	357.954,63 €	1.068.500,00 €	18.000,00 €	
	4. Cofinanciación Deputación (20% de (2))	481.484,88 €	119.318,21 €	356.166,67 €	6.000,00 €	
	5. Cofinanciación Concello (20% de (2))	481.484,88 €	96.296,98 €	128.395,97 €	128.395,97 €	128.395,97 €
	6. Achega municipal adicional (1)-(2)					
	7. Achega municipal total (5)+(6)	481.484,88 €	96.296,98 €	128.395,97 €	128.395,97 €	128.395,97 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

CONVENIOS COS CONCELLOS

As achegas municipais, xunto co resto de obrigas económicas, técnicas e administrativas vinculadas á execución do PAI, concretaranse e formalizaranse nos correspondentes convenios de colaboración que se subscriban entre a Deputación Provincial de Pontevedra e cada un dos concellos integrantes da Área Urbana Funcional do Val Miñor. Estes convenios terán a consideración de instrumentos de desenvolvemento do marco aprobado e incorporaranse ao expediente administrativo, recollendo, entre outras cuestións, o detalle das actuacións, a distribución por anualidades, os mecanismos de compensación, axuste e liquidación, así como as obrigas derivadas da normativa FEDER aplicable. O texto do Convenio para cada un dos concellos recóllese en Anexo ao presente informe.

III. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do Desenvolvemento Urbano Sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Resolución do 23 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Fondos Europeos pola que se aproba a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Resolución do 16 de xaneiro de 2026 da Dirección Xeral de Fondos Europeos pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

Así mesmo, tratándose dun proxecto que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) atenderase á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras aplicables aos devanditos fondos e a outros instrumentos da Unión.

- Regulamento (UE) Nº 2021/1058, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión, que establece os obxectivos específicos que apoiará o FEDER.
- Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- De conformidade co disposto na Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, e na Resolución definitiva de concesión da senda financeira FEDER, a aceptación da axuda e a execución do Plan de Actuación Integrado estarán suxeitas aos procedementos de seguimento, xestión, control, certificación e xustificación establecidos pola Autoridade de Xestión. A Deputación Provincial de Pontevedra, en calidade de entidade beneficiaria, será responsable da correcta instrución do expediente, da tramitación administrativa e orzamentaria das actuacións, da formalización dos convenios necesarios cos concellos participantes e da realización de cantos trámites sexan requiridos ante a Autoridade de Xestión, o Organismo Intermedio de Xestión e demais órganos competentes, de acordo coa normativa europea, estatal e autonómica aplicable.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Base 47ª e 48ª de execución do orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cuantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- En virtude do establecido na base 16ª.3 das Bases de execución do orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, a competencia para resolver atribúese ao Pleno.

IV. CONCLUSIÓNS

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

A Deputación de Pontevedra, impulsou a identificación das Áreas Urbanas Funcionais da provincia no marco do Obxectivo Específico RSO5.1 do Programa Operativo Plurirrexional de España 2021-2027. A Área Urbana Funcional Baiona-Gondomar-Nigrán foi identificada como a de maior integración funcional, elaborándose a correspondente Axenda Urbana da AUF Val Miñor, aprobada polos Plenos dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán e polo Pleno da Deputación Provincial.

Neste contexto elaborouse a Axenda Urbana da Área Urbana Funcional do Val Miñor, seguindo a metodoloxía da Axenda Urbana Española, que foi aprobada polos Plenos dos Concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán, así como polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na súa sesión do 31 de xaneiro de 2025.

Mediante Resolución Presidencial de 26 de febreiro de 2025, a Deputación de Pontevedra aprobou o Plan de Actuación Integrado "Val Miñor 15 minutos", cun orzamento total de 10.000.000€, e presentou, en calidade de entidade solicitante e beneficiaria, a correspondente solicitude de axuda FEDER no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira a Plans de Actuación Integrados, FEDER 2021-2027.

Con data 16 de xaneiro de 2026, a Dirección Xeral de Fondos Europeos resolveu definitivamente a convocatoria, concedendo á Deputación Provincial de Pontevedra unha senda financeira FEDER por importe de 4.365.151,80€, o que supón un orzamento total subvencionable de 7.275.253,00€, aplicando unha taxa de cofinanciación FEDER do 60%, e unha cofinanciación total de 2.910.101,20€ por parte das entidades participantes.

De conformidade co disposto na Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, e na Resolución definitiva de concesión da senda financeira FEDER, a aceptación da axuda e a execución do Plan de Actuación Integrado estarán suxeitas aos procedementos de seguimento, xestión, control, certificación e xustificación establecidos pola Autoridade de Xestión. A Deputación Provincial de Pontevedra, en calidade de entidade beneficiaria, será responsable da correcta instrución do expediente, da tramitación administrativa e orzamentaria das actuacións, da formalización dos convenios necesarios cos concellos participantes e da realización de cantos trámites sexan requiridos ante a Autoridade de Xestión, o Organismo Intermedio de Xestión e demais órganos competentes, de acordo coa normativa europea, estatal e autonómica aplicable.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do devandito proxecto compre proceder a:

- Aceptar expresamente a senda financeira FEDER concedida á Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento do Plan de Actuación Integrado "Val Miñor 15 minutos", por importe de 4.365.151,80€, correspondente a un orzamento total subvencionable de 7.275.253,00€, cunha taxa de cofinanciación FEDER do 60%, no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, FEDER 2021-2027.
- Aprobar o réxime de financiamento e repartición da cofinanciación do investimento

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

subvencionable do PAI, nos seguintes termos: o 60% do orzamento subvencionable será financiado con cargo ao FEDER; o 20% do orzamento subvencionable será asumido pola Deputación Provincial de Pontevedra con fondos propios; e o 20% restante do orzamento subvencionable será asumido polos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, de acordo co ámbito territorial das actuacións e nos termos que se concreten nos correspondentes convenios. Así mesmo, os concellos asumirán, a achega municipal adicional necesaria para cubrir a parte do investimento non atendida pola senda financeira FEDER aprobada, sen prexuízo dos axustes que poidan derivarse dunha eventual reprogramación da dita senda ou dunha redución do custo real das actuacións.

- Autorizar o gasto plurianual correspondente á execución do Plan de Actuación Integrado, dentro dos límites económicos establecidos na resolución de concesión da senda financeira FEDER e de acordo coa planificación financeira de orzamento consignado por actuacións e anualidades previstas na táboa 4 do presente informe, abrindo as aplicacións orzamentarias e os conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo "proxecto de gastos". A autorización e disposición do gasto correspondente a cada anualidade subordinarase ao crédito que para cada exercicio se autorice nos respectivos orzamentos.
- Aprobar a concesión da subvención plurianual directa aos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, polos importes correspondentes co financiamento a cargo da Deputación de Pontevedra (20% do orzamento subvencionable) segundo distribución por anualidades prevista na táboa 5 do presente informe. A eficacia do acordo no que respecta a concesión e elixibilidade das subvencións correspondente a anualidades futuras condicionase a existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio correspondente.
  O financiamento da achega provincial correspondente a cada anualidade poderá realizarse con cargo aos créditos que se consignen no orzamento vixente ou, no seu caso, mediante a oportuna modificación orzamentaria financiada con remanente de Tesourería para gastos xerais, de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas Bases de execución do orzamento provincial.
- Aprobar os convenios de colaboración cos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar (en anexo) necesarios para a execución do PAI, nos que se recollen, entre outras cuestións, as actuacións a desenvolver, o detalle das achegas económicas das partes, os mecanismos de compensación, axuste e liquidación, así como o réxime de obrigas e compromisos derivados da normativa FEDER aplicable, así como para realizar cantos actos de trámite e execución resulten necesarios para o desenvolvemento do presente acordo.
- Facultar expresamente ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra para: formalizar e asinar os convenios de colaboración cos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar.
- Facultar ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra para cantos actos e trámites sexan necesarios para a correcta execución e xestión administrativa do Plan de Actuación Integrado "Val Miñor 15 minutos", no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, FEDER 2021-2027, e en particular para a realización das actuacións de interlocución, comunicación, seguimento, xustificación, modificacións non substanciais e demais trámites que procedan ante a autoridade de xestión, o organismo intermedio de xestión e calquera outro órgano competente, sen prexuízo,

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

no seu caso, da obriga de dar conta ao Pleno para a súa ratificación cando así resulte legalmente esixible."

ANEXO:
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE GONDOMAR PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO VAL MIÑOR 15 MINUTOS, AO ABEIRO DA CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE SENDA FINANCEIRA FEDER A PLANS DE ACTUACIÓN INTEGRADOS DE ENTIDADES LOCAIS NO MARCO DO DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE, CON CARGO AO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2021-2027.

Na Deputación de Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal desta que se lle atribúe no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, Paco Ferreira González, alcalde do Concello de Gondomar na representación legal que deste lle atribúe o artigo 21.1.b) do mesmo texto legal.

Dá fe do acto Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e a formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e, para estes efectos, de común acordo,
EXPOÑEN QUE

I. A Deputación de Pontevedra e o Concello de Gondomar (en diante, Concello) comparten como criterio que as entidades locais, como administracións máis próximas á cidadanía, deben ser os axentes protagonistas no deseño, no impulso da acción local e no desenvolvemento das políticas locais. Así mesmo, as deputacións deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os concellos e a cidadanía poidan ter os mesmos dereitos e servizos.

II. A Deputación de Pontevedra anticipándose a unha potencial convocatoria de axudas no marco do OE RSO5.1 do Programa Operativo Plurirrexional de España 2021-2027 (POPE), encargou externamente a realización dun estudo para a identificación, definición e priorización das Áreas Urbanas Funcionais da Provincia de Pontevedra (CSV: VHC7DB2BML2442E0). A Área Urbana Funcional Baiona-Gondomar-Nigrán, acadou a maior puntuación, destacando por unha marcada continuidade urbana, a presencia de relevantes equipamentos e servizos

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

compartidos, así como unha sólida rede de vías estruturantes; esta área funcional configúrase como un núcleo central de actividade económica e mobilidade, evidenciando unha integración profunda e sinerxías supramunicipais que a fan constituírse como un área funcional acorde coa definición sinalada no Obxectivo RSO5.1 do POPE 2021-2027. Así pois, procedeuse á elaboración da Axenda Urbana da Área Funcional do Val Miñor (en adiante, AUF Val Miñor), requisito definido no OE RSO5.1 do POPE, que foi realizada durante os meses de marzo, abril, maio e xuño do ano 2024 (CSV: DMAPKBEETDMJ4L8J).

Neste senso, a Axenda Urbana da AUF Val Miñor, elaborada seguindo a metodoloxía da Axenda Urbana Española, foi aprobada polo Pleno do Concello de Baiona do 23 de xullo de 2024, polo Pleno do Concello de Gondomar do 14 de agosto de 2024 e polo Pleno do Concello de Nigrán do 6 de Agosto de 2024 así como tamén polo Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do 31 de Xaneiro de 2025.

III. Mediante a Resolución Presidencial número RP2025001372, de data 26/02/2025 aprobouse o Plan de Actuación Integrado "Val Miñor 15 minutos" -en adiante, o PAI-, cun orzamento de gasto de 10.000.000 euros e solicitude da axuda FEDER correspondente por un importe de 6.000.000 € no marco da Convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, FEDER 2021-2027, en calidade de entidade solicitante e beneficiaria do mesmo. O anexo I recolle a totalidade das actuacións contempladas no PAI e o orzamento total previsto.

A documentación relativa ao PAI acompañada dos certificados de acordo da aprobación do proxecto e compromiso de cofinanciación dos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar (CSVs respectivos M7YC34OB1SXEDNND, ZR4SP5BF5LLYUFHK e IVX1U1WRDZ6HHTTT) así como da Deputación de Pontevedra (CSV 4CDUKDQAXR99168M) foi presentado o día 27 de febreiro de 2025 na sede electrónica da Dirección Xeral de Fondos Europeos con nº de rexistro 2025-E-RE-286.

IV. O PAI ten como finalidade implementar o modelo urbano da "cidade dos 15 minutos" no conxunto da AUF Val Miñor, impulsando o desenvolvemento sostible e integrado dos principais núcleos urbanos do Val Miñor (Baiona, Gondomar, A Ramallosa, Nigrán e Panxón) e favorecendo a conectividade ao longo do eixo marítimo-fluvial, tomando como punto neurálxico do territorio o núcleo da Ramallosa, na enseada do Miñor.

V. Na Resolución de 16 de xaneiro de 2026, da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, selecciónase á Deputación de Pontevedra como beneficiaria dunha senda financeira FEDER para a financiación do PAI (solicitude de proxecto 363/2025) por importe de 4.365.151,80 € (taxa de cofinanciación do 60%), correspondente a unha inversión pública de 7.275.253,00 €, o que suporá unha cofinanciación por parte da entidade beneficiaria de 2.910.101,20 €.

VI. A Deputación de Pontevedra como entidade beneficiaria da senda financeira FEDER concedida ao PAI, será a responsable de garantir a execución das actuacións nel contempladas. Tendo en conta que as devanditas actuacións se desenvolverán no territorio dos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, beneficiando de maneira directa, tanto a cada un dos Concellos, como ao conxunto do territorio, procede que estes contribúan coa Deputación Provincial de Pontevedra na aportación necesaria para cofinanciar a inversión prevista, facéndose cargo do

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

50% da achega correspondente á Deputación Provincial, é dicir, o 20% da totalidade da mesma, así como da achega municipal adicional necesaria para cubrir os custos non previstos no orzamento subvencionable no seu termo municipal.

VII. Tendo en conta a redución do orzamento total do PAI en relación á senda financeira aprobada, procedeuse a priorizar de acordo cos Concellos, as actuacións incluídas inicialmente no PAI. **O anexo II** recolle a totalidade das actuacións priorizadas no marco do PAI aprobado, o orzamento total e subvencionable necesario para a execución das mesmas, o cofinanciamento do FEDER para cada actuación e as achegas que corresponderían, tanto á Deputación provincial, como a cada municipio que conforma a AUF do Val Miñor. O **anexo III** recolle por un lado a Planificación de execución financeira: Previsión de gasto executado e pagado por actuacións e por anualidades así como a Planificación de orzamento consignado por actuacións e por anualidades.

VIII. Así, a colaboración entre a Deputación e o Concello de Gondomar é necesaria para garantir a execución das actuacións contempladas no PAI que teñan como ámbito territorial o municipio de Gondomar ou que afecten ao conxunto do territorio da AUF Val Miñor.

IX. O presente convenio encádrase nas competencias propias da Deputación Provincial previstas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, relativas á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, así como, de maneira complementaria, nas competencias de coordinación e de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios previstas nas letras a) e b) do mesmo precepto. Así mesmo, o Concello de Gondomar actúa no exercicio das súas competencias propias en materia de urbanismo, mobilidade, medio ambiente, espazo público, servizos municipais e desenvolvemento local.

X. Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como se establece no artigo 47 e nos seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da LRBRL; e no artigo 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Con base nestes antecedentes, as partes acordan subscribir este convenio, consonte as seguintes:

Cláusulas

Primeira. Obxecto.

O presente convenio ten carácter administrativo e instrumenta un marco de colaboración interadministrativa entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Gondomar para a execución do PAI Val Miñor 15 minutos, incluíndo os compromisos financeiros asumidos polas partes en concepto de cofinanciación das actuacións nel previstas, e en particular, das relativas ao termo municipal de Gondomar e as que afectan ao conxunto da AUF, de conformidade coa normativa aplicable.

Segunda. Actuacións incluídas no PAI que afectan ao municipio de Gondomar e á totalidade da AUF Val Miñor.

As actuacións incluídas no PAI presentado a desenvolver no municipio de Gondomar son as seguintes:

- Actuación 1.5. Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

-Actuación 3.2. Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.

-Actuación 3.3. Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.

-Actuación 4.3. Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.

As actuacións incluídas no PAI que afectan ao conxunto da AUF Val Miñor son as seguintes:

-Actuación 1.6. Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista.

-Actuación 1.7. Liña de transporte público no Val Miñor.

-Actuación 1.8. Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor.

-Actuación 2.2. e 2.3. Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor.

-Actuación 3.4. Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.

-Actuación 4.3. Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.

Terceira. Actuacións priorizadas do PAI que afectan ao municipio de Gondomar e á totalidade da AUF Val Miñor.

Tendo en conta que a axuda FEDER inicialmente contemplada para o PAI e solicitada pola Deputación provincial era de 6 millóns de euros -para un orzamento total de 10 millóns de euros- e a senda financeira aprobada foi de 4.365.151,80 € de axuda FEDER, para un orzamento total de 7.275.253,00 €, procedeu priorizar, de acordo cos tres Concellos afectados, tanto as actuacións que afectan á totalidade da AUF Val Miñor como aquelas que se desenvolven no ámbito territorial de cada un dos Concellos.

As actuacións priorizadas a desenvolver no municipio de Gondomar no marco do PAI son as seguintes:

-Actuación 3.2. Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.

-Actuación 3.3. Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.

-Actuación 4.3. Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.

As actuacións priorizadas que afectan ao conxunto da AUF Val Miñor, incluídas no PAI, son as seguintes:

-Actuación 1.6. Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista.

-Actuación 1.8. Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor.

-Actuación 2.2. e 2.3. Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor.

-Actuación 3.4. Aplicación dixital Val Miñor Cultural.

Esta priorización de actuacións a desenvolver pola Deputación de Pontevedra faise sen prexuízo de que as actuacións non priorizadas se poidan desenvolver nun futuro, no caso de que se cumpran os requisitos de selección e xustificación de gasto previstos e a Deputación poida beneficiarse dunha reasignación de senda financeira que compense a contía reducida na primeira asignación, tal e como dispón o artigo 23 da Orde HAC/1072/2024.

Cuarta. Orzamento total, financiamento das actuacións e achegas necesarias.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

O orzamento total previsto no marco do PAI para realizar as actuacións priorizadas no termo municipal de Gondomar ascende a 2.193.900,00€ -a totalidade dos cales teñen a consideración de orzamento subvencionable-, que conta cunha cofinanciación FEDER do 60%, que implicaría unha achega en termos de cofinanciación por parte da entidade beneficiaria da senda financeira do 40% restante.

En atención ao beneficio territorial directo, o Concello de Gondomar e a Deputación provincial de Pontevedra, acordan financiar conxuntamente e a partes iguais a contía da cofinanciación antedita.

O Concello de Gondomar deberá asumir con fondos propios a diferencia entre o orzamento total e o orzamento subvencionable que afecte ás actuacións que se desenvolvan no seu termo municipal. A necesidade desta achega municipal responde exclusivamente á insuficiencia inicial da senda financeira aprobada para cubrir a totalidade do investimento previsto e non terá carácter definitivo, podendo verse reducida no suposto de que, como consecuencia dunha execución axeitada do PAI, se produza un incremento da senda financeira FEDER asignada nos termos do artigo 23 da Orde de HAC/1072/2024 do 2 de outubro, ou ben no caso de existir no futuro orzamento dispoñible procedente de excedentes doutras actuacións.

O orzamento previsto no marco do PAI para realizar as actuacións priorizadas que afectan á totalidade do ámbito territorial da AUF Val Miñor ascende a 640.573,13€, que conta cunha cofinanciación FEDER do 60% e implicaría unha cofinanciación por parte da entidade beneficiaria da senda financeira do 40%. Na medida en que os tres Concellos que conforman a AUF Val Miñor serán os beneficiarios últimos das actuacións desenvolvidas, a contía desta achega será cofinanciada a partes iguais pola Deputación Provincial e os tres Concellos, é dicir, o 50% será asumido pola Deputación e o 50% restante, a partes iguais, polos tres Concellos afectados.

	1.ORZA-MENTO TOTAL	2.ORZAMEN-TO SUBVENCIO-NABLE	3.AXUDA FEDER (60% de (2))	4.COFINAN-CIACIÓN DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (20% de (2))	5.COFINAN-CIACIÓN MUNICIPAL (20% de (2))	6.ACHE-GA MUNICI-PAL ADICIO-NAL (1)-(2)
Termo municipal Gondomar	2.193.900,00€	2.193.900,00 €	1.316.340,00 €	438.780,00 €	438.780,00 €	0,00 €
AUF Gondomar (1/3 do total da AUF)	213.524,38 €	213.524,38 €	128.114,63 €	42.704,88€	42.704,88€	0,00 €
TOTAL	2.407.424,38€	2.407.424,38€	1.444.454,63€	481.484,88€	481.484,88€	0,00 €

No anexo IV figura o orzamento relativo ás actuacións priorizadas para o Concello de Gondomar e para a totalidade da AUF do Val Miñor, a parte proporcional asumida polo concello; a cofinanciación FEDER aprobada que corresponde a cada unha delas e as achegas necesarias por parte da Deputación e o Concello.

Así, as necesidades de financiamento para a execución das actuacións que se desenvolverán no municipio de Gondomar e as que afectan á totalidade da AUF Val Miñor cubriranse da seguinte forma:

- ✓ O FEDER aportará o 60% do orzamento subvencionable.
- ✓ A Deputación aportará o 20% do orzamento subvencionable.
- ✓ O Concello de Gondomar aportará o 20% do orzamento subvencionable das actuacións que se desenvolvan en Gondomar.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

✓ Os Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar aportarán o 20% do orzamento subvencionable das actuacións que se desenvolvan na AUF Val Miñor, a razón do 6,67% cada Concello.

✓ O Concello de Gondomar aportará, no seu caso, o 100% da achega municipal adicional que fora necesaria para cubrir os custos non subvencionables das actuacións levadas a cabo no seu termo municipal, sen prexuízo de que estes custos puideran chegar a ser considerados subvencionables nun futuro.

No caso de que algún dos custos das actuacións desenvolvidas no municipio de Gondomar fora declarado non subvencionable por responsabilidade exclusiva do Concello, este sería asumido integramente polo Concello.

Quinta. Achegas municipais e provinciais e mecanismos de compensación.

No certificado do acordo de aprobación do proxecto e compromiso de cofinanciación do 21 de febreiro de 2025 (CSV M7YC34OB1SXEDNND), presentado coa solicitude de axuda do PAI, recóllese o acordo adoptado por Decreto de Alcaldía coa declaración do compromiso do Concello de Gondomar para habilitar o crédito adecuado e suficiente para financiar a execución do PAI en caso de resultar seleccionado.

Sobre a base deste compromiso de cofinanciación, o Concello de Gondomar comprométese a realizar unha achega económica total de 481.484,88€; é dicir, o 20% do orzamento total subvencionable correspondente ás actuacións a desenvolver no seu municipio e o 6,67% do orzamento total subvencionable correspondente ás actuacións a desenvolver na AUF.

Calquera variación que se produza no orzamento subvencionable será cofinanciada polas partes de conformidade con estas porcentaxes, exceptuando os incrementos que non sexan cofinanciados polo FEDER, na contía que excedan do importe máximo autorizado da achega provincial, que serán financiados integramente polo Concello beneficiario da actuacións.

Tendo en conta que o período de execución do PAI abarca até o 31 de decembro de 2029, a achega total abonarase en 4 anualidades -2026, 2027, 2028 e 2029-, ao inicio do exercicio de cada unha delas e tendo en conta a seguinte programación de desembolsos, no primeiro ano o 20% da achega municipal total e os seguintes anos o restante a partes iguais:

	2026	2027	2028	2029	TOTAL
COFINANCIACIÓN DEPUTACIÓN (€)	119.318,21	356.166,67	6.000,00	0,00	**481.484,88**
COFINANCIACIÓN CONCELLO (€)	96.296,98	128.395,97	128.395,97	128.395,96	**481.484,88**
ACHEGA MUNICIPAL TOTAL (€)	96.296,98	128.395,97	128.395,97	128.395,96	**481.484,88**
ACHEGA MUNICIPAL TOTAL (%)	20%	26,67%	26,67%	26,67%	**100,00%**

Calquera variación que se produza nas necesidades de financiamento anual das partes será acordada por estas e trasladada a este convenio a través da correspondente addenda.

Os importes correspondentes á cofinanciación asumida pola Deputación para facer fronte ás anualidades previstas na táboa anterior deberán contar coa consignación nos orzamentos de cada exercicio. Esta consignación poderá realizarse ben mediante a súa previsión inicial no orzamento anual correspondente, ben mediante a tramitación da oportuna modificación orzamentaria financiada con Remanente de Tesourería. As achegas municipais de cada ano financiaranse con cargo ao Plan + Provincia da anualidade correspondente. Se o Concello quixese financiar a súa achega anual con outros recursos deberá indicalo expresamente e facer o ingreso da contía

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

correspondente no primeiro mes de cada ano (ou no prazo dun mes desde a firma do Convenio para a anualidade 2026).

Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para financiar este convenio outórganse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, se tivese delegadas as facultades de recadación no dito organismo.

De acordo co Concello, a Deputación tamén poderá optar por detraer o importe do crédito asignado no Plan + Provincia en cada anualidade de acordo cos normas reguladoras do devandito Plan. No caso de financiarse a cargo da subvención do Plan + Provincia, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe de financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do Plan pola Deputación e con contía suficiente correspondente ao Concello. Estas operacións deberán efectuarse unha vez aprobado o convenio, antes de iniciar o expediente de contratación correspondente pola Deputación debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o artigo 116.4 da LCSP.

No caso de que o Concello xa incorrera en gastos relacionados coas actuacións do PAI , e estes puideran ser considerados elixibles, poderán ser utilizados para o cofinanciamento. O importe total pagado polo Concello será descontado, no seu caso, da achega municipal correspondente.

As cantidades que, no seu caso, deberá achegar o Concello terán a consideración de ingresos de dereito público e deberán ser ingresadas na Tesourería da Deputación de Pontevedra nos prazos e condicións que se establezan nas correspondentes comunicacións de liquidación ou cartas de pagamento emitidas pola Deputación.

O incumprimento polo Concello das obrigas de achega económica asumidas no presente convenio poderá dar lugar, previa audiencia, á aplicación dos mecanismos previstos nesta cláusula e, no seu caso, á adopción das medidas necesarias para garantir a correcta execución financeira do PAI e o cumprimento das obrigas derivadas da normativa FEDER.

Sexta. Axustes de financiamento e liquidación final.

As achegas económicas do Concello de Gondomar previstas no presente convenio teñen carácter estimado e calculáronse sobre a base do orzamento inicialmente aprobado para as actuacións priorizadas do PAI.

Unha vez executadas total ou parcialmente as actuacións e determinada a súa xustificación económica definitiva, procederase á liquidación final das achegas correspondentes, axustando as contías efectivamente achegadas polo Concello ao custo real e subvencionable das actuacións executadas, de conformidade coa normativa aplicable.

No suposto de que o custo real e subvencionable das actuacións resultase inferior ao inicialmente previsto, a achega definitiva do Concello reducirase proporcionalmente, procedéndose, se é o caso, á devolución das cantidades ingresadas en exceso ou á súa compensación con outras obrigas económicas vixentes entre as partes, de acordo cos mecanismos previstos neste convenio.

Pola contra, no caso de que o custo real das actuacións resultase superior ao inicialmente previsto, e dito incremento fose cofinanciado cos fondos FEDER, a achega do Concello e da Deputación verase incrementada na mesma proporción, previa conformidade, aprobación e sinatura das correspondentes adendas pola Deputación e os Concellos afectados. O incremento da achega a

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

cargo da Deputación tramitarase necesariamente como nova concesión ou modificación da subvención nominativa.

Os incrementos do importe global que non sexan cofinanciados polo FEDER financiaranse na súa totalidade polo Concello beneficiario da actuación correspondente.

En todo caso, a liquidación final das achegas efectuarase unha vez aprobada a xustificación económica definitiva das actuacións e sen prexuízo das comprobacións, controis ou auditorías que poidan realizar os órganos competentes en materia de fondos europeos.

Sétima. Reprogramación da senda financeira.

Segundo dispón o artigo 23.1 da Orde HAC/1072/2024, de 2 de outubro, a senda financeira poderá ser modificada polo Comité de Seguimento do Programa Plurirrexional de España a proposta da Autoridade de Xestión e o Organismo Intermedio de Xestión nos seguintes casos:

- A senda financeira non comprometida en operacións seleccionadas ou en gasto xustificado nesta data poderá ser suprimida si a 31 de marzo de 2027 non se cumpre algunha das seguintes condicións:
  - Ter seleccionado operacións por, a lo menos, un 70% do gasto.
  - Ter xustificado, a lo menos, un 20% da axuda.
- A contía de senda financeira da entidade beneficiaria poderá ser incrementada se a citada entidade é quen de declarar sobrecertificación de gastos e así o solicita. Para iso, na data indicada anteriormente, deberanse cumprir as seguintes condicións:
  - Ter seleccionado operacións por, a lo menos, un 80% do gasto.
  - Ter xustificado, a lo menos, un 40% da axuda.

Neste caso, a entidade beneficiaria, poderá presentar ante o Organismo Intermedio de xestión unha proposta de modificación do Plan que recolla a asignación da contía adicional de senda financeira.

As modificacións que supoñan un incremento do importe global manterán o réxime de cofinanciamento previsto no Convenio. Ditas modificacións deberán ser aprobadas polas partes implicadas e recollidas na correspondente adenda. O incremento da achega a cargo da Deputación tramitarase necesariamente como nova concesión ou modificación da subvención nominativa.

Os artigos 23.2 e 23.3 dispoñen que o procedemento de reprogramación anteriormente exposto poderá repetirse con datos a data de 31 de marzo de 2028 e 2029 e que, ao peche do programa, no caso de que existira senda financeira FEDER non executada polas entidades beneficiarias, a Autoridade de Xestión poderá reasignala a outras entidades beneficiarias que finalizaran a execución con sobrecertificación de operacións.

No caso de que a senda financeira do PAI fora reprogramada por calquera das circunstancias anteditas e supoña un incremento da senda financeira asignada, procederase a unha revisión das actuacións non priorizadas, para a súa execución. No suposto dunha redución do orzamento, procederase á modificación das actuacións prioritarias planificadas ou ao desestimento dalgunha das mesmas. Consecuentemente, a achega financeira do Concello de Gondomar -ao igual que a dos outros dous Concellos do Val Miñor- veríase modificada porcentualmente na mesma contía. É dicir, a supresión ou incremento da senda financeira do PAI nunha porcentaxe determinada conlevaría unha rebaixa ou incremento da achega do Concello na mesma porcentaxe. Unha modificación na contía total da senda financeira conlevaría unha modificación do presente

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

convenio a través dunha adenda.

Non obstante, para garantir o cumprimento dos fitos establecidos no artigo 23 da Orde HAC/1072/2024, de 2 de outubro, os Concellos obríganse a entregar os proxectos, documentación técnica, autorizacións, licenzas, permisos e informes sectoriais necesarios para a execución das actuacións no seu termo municipal necesarios para a contratación das inversións nos prazos establecidos na planificación operativa do PAI. No caso de que un atraso na entrega por parte do Concello provoque unha reprogramación á baixa da axuda FEDER, dita perda de fondos será repercutida exclusivamente nese Concello. Neste suposto, o Concello responsable deberá asumir o financiamento da parte detraída con fondos propios ou renunciar á actuación.

Oitava. Modificación do PAI.

Calquera cambio que fora preciso realizar no PAI ao longo do período de execución do mesmo deberá facerse conforme ao disposto no artigo 19 da Orde HAC/1072/2024, de 2 de outubro.

Novena. Selección de operacións.

De acordo ao disposto nos artigos 12 e 20 da Orde HAC/1072/2024, de 2 de outubro, a Deputación Provincial de Pontevedra, en tanto que entidade beneficiaria da senda financeira FEDER para a execución do PAI, unha vez aceptada a axuda adopta a condición de Organismo Intermedio Lixeiro e asume -de acordo aos termos recollidos no artigo 73 do RDC- a función de selección das operacións obxecto de cofinanciación coa axuda FEDER, a través de las cales se articulará a implementación do devandito PAI.

Décima. Compromisos e obrigas da Deputación de Pontevedra.

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Actuar como beneficiaria e interlocutora única ante o Organismo Intermedio de Xestión e a Autoridade de Xestión do POPE 2021-2027, asumindo as obrigas do PAI.

- Asumir todas as obrigas derivadas da súa condición de beneficiaria da senda financeira FEDER para o desenvolvemento do PAI, así como das obrigas derivadas da súa condición de Organismo Intermedio Lixeiro, segundo o disposto na Orde HAC/1072/2024, de 2 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER (....), a resolución da Dirección Xeral de Fondos Europeos pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao FEDER no período de programación 2021-2027, o Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a Orde HFP/1414/2023, de 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027 e demais normativa que resulte de aplicación.

- Licitar, adxudicar, executar e recibir os traballos contemplados no PAI dentro do proxecto no termo municipal do Concello e os relativos á AUF.

- Aportar o crédito necesario para garantir a execución das actuacións contempladas no PAI e que foron priorizadas polos Concellos afectados, de acordo coa cláusula quinta do presente convenio.

- Aportar, a cofinanciación do 20% do total do orzamento subvencionable das actuacións

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

priorizadas do PAI que, segundo distribución prevista nas cláusulas cuarta e quinta e nos anexos.

Décimo primeira. Compromisos e obrigas do Concello.

- Colaborar coa Deputación Provincial de Pontevedra en todo o que sexa necesario para garantir o desenvolvemento do PAI e as operacións que del deriven en tempo e forma.
- Poñer á disposición da Deputación de Pontevedra os terreos, inmobles, infraestruturas e servizos municipais necesarios para a execución das actuacións incluídas no PAI, acreditando a titularidade, dispoñibilidade xurídica ou dereitos de uso suficientes sobre os bens afectados.
- Obter e manter en vigor todas as autorizacións, licenzas, permisos e informes sectoriais necesarios para a execución das actuacións no seu termo municipal, comprometéndose a comunicalos á Deputación cando lle sexan requiridos polos órganos de xestión ou control do FEDER.
- Aportar a cofinanciación do 20% do total do orzamento necesario para a execución das operacións desenvolvidas no Concello de Gondomar, a parte proporcional da execución das operacións que afecten á totalidade do territorio da AUF Val Miñor así como o 100% da achega municipal adicional.
- Comunicar de forma inmediata á Deputación a obtención doutras subvencións, axudas ou ingresos públicos ou privados que financien, total ou parcialmente, as actuacións incluídas no PAI, aos efectos de verificar a compatibilidade das axudas e evitar situacións de dobre financiamento, así como informar de calquera circunstancia relevante en materia de axudas de Estado.
- Asumir a titularidade, os gastos de mantemento, conservación e xestión das infraestruturas e/ou equipamentos e calquera responsabilidade vinculado ao seu uso ou funcionamento, desde a formalización da correspondente acta de recepción ou entrega nos termos previstos na cláusula décimo segunda deste Convenio, comprometéndose a garantir o seu correcto funcionamento e destino durante o período mínimo de durabilidade de cinco (5) anos desde o pagamento final da operación, de conformidade co artigo 65 do Regulamento (UE) 2021/1060.
- Responder fronte á Deputación das consecuencias derivadas do incumprimento das obrigas de mantemento, conservación ou durabilidade, cando tal incumprimento sexa imputable ao Concello e dea lugar a correccións financeiras e, en consecuencia, ao reintegro de fondos FEDER, incluída, de ser o caso, a devolución da parte proporcional do financiamento perdido.
- Prestar, de ser o caso, plena colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida polos órganos de control e fiscalización competentes, incluíndo a Intervención provincial, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, o Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión, a Intervención Xeral do Estado e a Comisión Europea.
- No caso de que os gastos incorridos polo Concello foran considerados subvencionables, levar unha contabilidade separada ou un sistema de codificación contable adecuado que permita identificar claramente os gastos e ingresos asociados ás actuacións do PAI; asumir a responsabilidade por calquera irregularidade no gasto imputable ao Concello, detectada no marco dos controis ou auditorías, de acordo coa normativa comunitaria e nacional aplicable; e respectar a normativa nacional ou da Unión Europea aplicable á execución e xestión das actuacións financiadas con FEDER 2021-2027.

Décimo segunda. Recepción de entrega das actuacións.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Unha vez finalizadas as obras ou actuacións materiais executadas ao abeiro deste convenio, e considerando que o Concello é o destinatario final das mesmas, a súa recepción realizarase coa asistencia preceptiva dos representantes designados polo Concello beneficiario.

No propio acto de recepción formalizarase simultaneamente a entrega ao Concello. Desde a data do acto de recepción e entrega, o Concello asumirá a titularidade plena dos investimentos, quedando estes integrados no seu patrimonio e ámbito competencial, así como todos os gastos inherentes aos mesmos, entre os que se inclúen os de conservación, mantemento, explotación, aseguramento e vixilancia, así como calquera responsabilidade que puidese derivar do seu uso ou funcionamento.

No caso de incomparecencia inxustificada dos representantes designados polo Concello, o acto celebrarase igualmente, deixándose constancia expresa desta circunstancia na acta, entendéndose producidas a recepción e a entrega para todos os efectos xurídicos, sen necesidade de ulterior trámite nin aceptación expresa.

No caso das aplicacións ou solucións dixitais, a entrega formalizarase no mesmo acto mediante documento específico de cesión de titularidade ou de dereitos de uso, segundo proceda, que terá a mesma eficacia xurídica que a acta de recepción e entrega das actuacións materiais, producindo idénticos efectos de integración patrimonial e asunción de responsabilidades.

Décimo terceira. Información, comunicación e visibilidade FEDER.

As partes comprométense a cumprir coas obrigas de información, comunicación e visibilidade establecidas nos artigos 47 e 50 e no Anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, así como no artigo 24 da Orde HAC/1072/2024, pola que se aproban as bases reguladoras da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados (EDIL).

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra, como entidade beneficiaria da senda financeira FEDER, a coordinación, planificación e seguimento das actuacións de información e comunicación do Plan de Actuación Integrado, así como a relación coa Autoridade de Xestión e o Organismo Intermedio de Xestión en materia de publicidade e visibilidade do financiamento europeo.

A Deputación designará unha persoa responsable de comunicación do PAI, que actuará como interlocutora coa Autoridade de Xestión e co Organismo Intermedio de Xestión e será responsable do rexistro, seguimento e acreditación das actuacións de comunicación a través do sistema INFOCO, ou da ferramenta que, no seu caso, determine a Autoridade de Xestión.

O Concello, como entidade colaboradora e ámbito territorial de execución das actuacións, comprométese a:

a) Colaborar coa Deputación na execución das accións de información e comunicación do PAI.

b) Facilitar, cando lle sexa requirido, información, contidos, datos e evidencias gráficas relativas ás actuacións executadas no seu termo municipal.

c) Garantir a correcta colocación e mantemento da cartelaría temporal e da sinalización permanente das actuacións, de acordo coas instrucións da Deputación e cos manuais de identidade gráfica aplicables ao FEDER.

O incumprimento das obrigas de información, comunicación e visibilidade poderá dar lugar á aplicación das correccións financeiras que resulten procedentes conforme á normativa FEDER. O Concello responderá fronte á Deputación das consecuencias derivadas dos incumprimentos que lle

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

sexan imputables.

Décimo cuarta. Comisión de Seguimento e Control.

Para o seguimento deste convenio constituirase unha Comisión de Seguimento e Control a quen lle corresponderán as seguintes funcións:

-Informar puntualmente sobre todas as actuacións que se produzan na execución das actuacións incluídas do PAI.

-Coordinar ás administracións asinantes na execución das operacións e no financiamento das mesmas, ditando as instrucións oportunas.

-Resolver calquera dúbida que presente a interpretación do convenio.

-Emitir informes en relación con cantas incidencias se produzan na execución das actuacións ás que este convenio se refire.

-A formulación das propostas que procedan en relación cos cuestións referidas nos seus informes.

A Comisión de Seguimento e Control do presente convenio estará conformado polos Alcaldes de Baiona, Nigrán e Gondomar e o Deputado de Fondos Europeos, que poderán estar asistidos por persoal técnico.

A citada comisión reunirase a petición de calquera dos seus membros, sempre que o estimen oportuno. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra ou no lugar que acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase á persoa que asumirá a secretaría, quen levantará acta das reunións.

Décimo quinta. Vixencia do convenio.

Este convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do PAI, o 31 de decembro de 2029. Non obstante, este convenio manterá a súa vixencia até o cumprimento de todas as obrigas de xustificación, auditoría e durabilidade das operacións establecidas pola normativa FEDER.

No caso de que a Autoridade de Xestión conceda a ampliación do prazo máis alá do 31 de decembro de 2029 para o remate da realización e xustificación das actuacións, tramitarase a correspondente addenda.

Décimo sexta. Extinción do convenio.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1) O transcurso do prazo máximo de vixencia.

2) O acordo unánime dos asinantes.

3) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.

Neste caso, notificaráselle á parte que incumpra o requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou cos compromisos que se consideran incumpridos.

Este requirimento comunicaráselle tamén á persoa responsable da Comisión de Seguimento e Coordinación.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralle á outra parte a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio.

A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar á indemnización dos prexuízos causados.

4) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

5) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo sétima. Confidencialidade da información e protección de datos.

As partes comprométense ao intercambio dos datos, información e documentación necesarios para o correcto desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio, garantindo en todo caso a confidencialidade daquela información que, pola súa natureza, así o requira.

A información facilitada no marco deste convenio quedará limitada ao ámbito da relación entre as partes asinantes e ao persoal técnico que interveña na súa execución, quen estará obrigado a manter a debida confidencialidade. Esta obriga manterase vixente con carácter indefinido, con independencia da duración ou extinción do convenio.

A información e documentación intercambiada seguirá sendo propiedade das respectivas partes, non podendo ser utilizada para fins distintos dos derivados da execución do presente convenio nin comunicada a terceiros sen autorización expresa da parte titular, salvo nos supostos legalmente previstos.

As actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio e que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na normativa vixente en materia de protección de datos, en particular no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na normativa estatal que o desenvolve, adoptando as partes as medidas necesarias para garantir a seguridade e confidencialidade dos devanditos datos.

As partes poderán dar publicidade á existencia do presente convenio nos termos que, de mutuo acordo, se determinen, respectando en todo caso o disposto nesta cláusula.

Décimo oitava. Compatibilidade con outras subvencións.

As achegas económicas previstas no presente convenio, en canto destinadas á cofinanciación das actuacións incluídas no PAI, deberán respectar o réxime de compatibilidade coas axudas públicas establecido na normativa nacional e da Unión Europea, non podendo, en ningún caso, dar lugar a unha situación de dobre financiamento, especialmente con fondos da Unión Europea.

Décimo novena. Normativa aplicable.

O presente convenio articula un mecanismo de colaboración interadministrativa para a execución dun proxecto de interese común cofinanciado con fondos FEDER, no que a Deputación Provincial de Pontevedra actúa como entidade beneficiaria e xestora da axuda europea.

No ámbito das relacións internas entre as administracións asinantes, o importe das achegas con cargo ao orzamento da Deputación Provincial teñen natureza de subvención interadministrativa en especie, ao financiar a execución de actuacións cuxo beneficiario final é o Concello.

A devandita subvención concédese de forma directa (nominativa) ao abeiro do disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, por concorrer razóns de interese público, económico e social derivadas da execución dun proxecto singular vinculado a un programa de financiamento europeo e articulado mediante o presente convenio.

A eficacia do presente acordo no que respecta á concesión e elexibilidade da subvención correspondente ás anualidades futuras queda expresamente condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial. A tal efecto, a consignación anual que corresponda preverase no orzamento de cada exercicio, ben como consignación inicial ou mediante a tramitación de modificación orzamentaria financiada con Remanente de Tesourería.

A concesión da subvención provincial rexerase polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro,

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006 que resulten de aplicación; polos pactos contidos no presente convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das administracións asinantes e, con carácter supletorio, polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Así mesmo, ao tratarse dun proxecto cofinanciado aprobado no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2021-2027, no ámbito da execución e xestión de fondos europeos, o presente convenio queda suxeito á normativa da Unión Europea e estatal aplicable, e en particular á seguinte:

- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras aplicables aos devanditos fondos e a outros instrumentos da Unión.
- Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.
- Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do Desenvolvemento Urbano Sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Resolución do 23 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Fondos Europeos pola que se aproba a Convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Resolución do 16 de xaneiro de 2026 da Dirección Xeral de Fondos europeos pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.

Vixésima. Resolución de conflitos.

O Concello e a Deputación de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puidesen resolverse a través da Comisión de Seguimento e Control, será competente a xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba do anterior, as partes que interveñen asinan este convenio no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O alcalde do Concello de Gondomar	O presidente da Deputación de Pontevedra
Asdo.: Paco Ferreira González	Asdo.: Luis López Diéguez

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

O secretario da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

ANEXO I. CADRO DE PREVISIÓN ECONÓMICA E PLANIFICACIÓN FINANCEIRA DAS ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO PAI PRESENTADO VAL MIÑOR 15 MINUTOS.

COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	ORZAMENTO PRESENTADO PAI	COFINANCIACIÓN FEDER (60%)	COFINANCIACIÓN ENTIDADE BENEFICIARIA (40%)
1.1	Eixo cívico e carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán	1.100.000,00 €	660.000,00 €	440.000,00 €
1.2	Senda ciclopeatonal del río Muiños, Porto do Molle-Playa América	Nigrán	300.000,00 €	180.000,00 €	120.000,00 €
1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona	446.000,00 €	267.600,00 €	178.400,00 €
1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán	865.000,00 €	519.000,00 €	346.000,00 €
1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar	673.849,00 €	404.309,40 €	269.539,60 €
1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF	90.000,00 €	54.000,00 €	36.000,00 €
1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF	600.000,00 €	360.000,00 €	240.000,00 €
1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00 €	54.000,00 €	36.000,00 €
2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	1.300.000,00 €	780.000,00 €	520.000,00 €
2.2	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor, en Baiona.	AUF	335.000,00 €	201.000,00 €	134.000,00 €
2.3	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor, en Nigrán.	AUF	150.000,00 €	90.000,00 €	60.000,00 €
3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	450.000,00 €	270.000,00 €	180.000,00 €
3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar	1.652.500,00 €	991.500,00 €	661.000,00 €
3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00 €	148.380,00 €	98.920,00 €
3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	90.000,00 €	54.000,00 €	36.000,00 €
4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona	200.000,00 €	120.000,00 €	80.000,00 €
4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00 €	176.460,00 €	117.640,00 €
4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF	90.000,00 €	54.000,00 €	36.000,00 €
5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87 €	119.267,92 €	79.511,95 €
5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona	481.471,13 €	288.882,68 €	192.588,45 €
5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00 €	207.600,00 €	138.400,00 €
			10.000.000,00 €	**6.000.000,00 €**	**4.000.000,00 €**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

ANEXO II. CADRO DE PREVISIÓN ECONÓMICA E PLANIFICACIÓN FINANCEIRA DAS ACTUACIÓNS PRIORIZADAS NO MARCO DO PAI ACORDE Á SENDA FINANCEIRA APROBADA.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	1. ORZAMENTO TOTAL	2.ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	3. AXUDA FEDER (60% de (2))	4. COFINANCIACIÓN DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (20% de (2))	5. COFINANCIACIÓN MUNICIPAL (20% de (2))	6. ACHEGA MUNICIPAL ADICIONAL (1)-(2)
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.1	Eje cívico y carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán						
	1.2	Senda ciclopeatonal del río Muiños, Porto do Molle-Playa América	Nigrán	450.000,00 €	450.000,00 €	270.000,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €	
	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona	446.000,00 €	446.000,00 €	267.600,00 €	89.200,00 €	89.200,00 €	
	1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán	1.015.000,00 €	1.015.000,00 €	609.000,00 €	203.000,00 €	203.000,00 €	
	1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar						
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF	90.000,00 €	90.000,00 €	54.000,00 €	18.000,00 €	18.000,00 €	
	1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF						
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00 €	90.000,00 €	54.000,00 €	18.000,00 €	18.000,00 €	
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	1.500.000,00 €	1.385.000,00 €	831.000,00 €	277.000,00 €	277.000,00 €	115.000,00 €
	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	400.000,00 €	400.000,00 €	240.000,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	600.000,00 €	600.000,00 €	360.000,00 €	120.000,00 €	120.000,00 €	
	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar	1.652.500,00 €	1.652.500,00 €	991.500,00 €	330.500,00 €	330.500,00 €	
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00 €	247.300,00 €	148.380,00 €	49.460,00 €	49.460,00 €	
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	60.573,13 €	60.573,13 €	36.343,88 €	12.114,63 €	12.114,63 €	
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona						
	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00 €	294.100,00 €	176.460,00 €	58.820,00 €	58.820,00 €	
	4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF						
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87 €	198.779,87 €	119.267,92 €	39.755,97 €	39.755,97 €	
	5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona						
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00 €	346.000,00 €	207.600,00 €	69.200,00 €	69.200,00 €	
				7.390.253,00 €	**7.275.253,00 €**	**4.365.151,80 €**	**1.455.050,60 €**	**1.455.050,60 €**	**115.000,00 €**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

ANEXO III.A PLANIFICACIÓN DE EXECUCIÓN FINANCEIRA: PREVISIÓN DE GASTO EXECUTADO E PAGADO POR ACTUACIÓNS E POR ANUALIDADES.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	2026	2027	2028	2029	TOTAL
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.1	Eje cívico y carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán					
	1.2	Senda ciclopeatonal del río Muiños, Porto do Molle-Playa América	Nigrán			225.000,00 €	225.000,00 €	450.000,00
	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona			223.000,00 €	223.000,00 €	446.000,00
	1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán			507.500,00 €	507.500,00 €	1.015.000,00
	1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar					
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF				90.000,00	90.000,00
	1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF					
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00 €				90.000,00
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	750.000,00 €	750.000,00 €			1.500.000,00
	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	15.000,00	385.000,00 €			400.000,00
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	300.000,00 €	300.000,00 €			600.000,00
	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar		826.250,00 €	826.250,00 €		1.652.500,00
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00 €				247.300,00
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	60.573,13 €				60.573,13
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona					
	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00 €				294.100,00
	4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF					
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87 €				198.779,87
	5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona					
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00 €				346.000,00
				2.301.753,00	**2.261.250,00**	**1.781.750,00**	**1.045.500,00**	**7.390.253,00**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

ANEXO III.B PLANIFICACIÓN DE ORZAMENTO CONSIGNADO POR ACTUACIÓNS E POR ANUALIDADES.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	2026	2027	2028	2029	Total
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.1	Eje cívico y carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán					
	1.2	Senda ciclopeatonal del río Muiños, Porto do Molle-Playa América	Nigrán			450.000,00		450.000,00
	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona			446.000,00		446.000,00
	1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán			1.015.000,00		1.015.000,00
	1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar					
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF			90.000,00		90.000,00
	1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF					
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00				90.000,00
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	1.500.000,00				1.500.000,00
	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	15.000,00	385.000,00			400.000,00
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	600.000,00				600.000,00
	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar		1.652.500,00			1.652.500,00
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00				247.300,00
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	60.573,13				60.573,13
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona					
	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00				294.100,00
	4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF					
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87				198.779,87
	5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona					
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00				346.000,00
				3.351.753,00 €	**2.037.500,00 €**	**2.001.000,00 €**		**7.390.253,00 €**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

ANEXO IV. CADRO DE PREVISIÓN ECONÓMICA E PLANIFICACIÓN FINANCEIRA DO ORZAMENTO DAS ACTUACIÓNS A DESENVOLVER NO CONCELLO DE GONDOMAR E NA TOTALIDADE DA AUF DO VAL MIÑOR. FINANCIAMENTO E ACHEGAS NECESARIAS.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	1. ORZAMENTO TOTAL	2.ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	3. AXUDA FEDER (60% de (2))	4. COFINANCIACIÓN DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (20% de (2))	5. COFINANCIACIÓN MUNICIPAL (20% de (2))
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF	30.000,00 €	30.000,00 €	18.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	30.000,00 €	30.000,00 €	18.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	133.333,33 €	133.333,33 €	80.000,00 €	26.666,67 €	26.666,67 €
03. ECOSISTEMA CULTURAL	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar	1.652.500,00 €	1.652.500,00 €	991.500,00 €	330.500,00 €	330.500,00 €
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00 €	247.300,00 €	148.380,00 €	49.460,00 €	49.460,00 €
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	20.191,04 €	20.191,04 €	12.114,63 €	4.038,21 €	4.038,21 €
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00 €	294.100,00 €	176.460,00 €	58.820,00 €	58.820,00 €
				2.407.424,38 €	**2.407.424,38 €**	**1.444.454,63 €**	**481.484,88 €**	**481.484,88 €**

*As actuacións referidas a AUF benefician ao conxunto dos tres concellos e a súa cofinanciación é asumida polos concellos a partes iguais, de tal forma que no orzamento do concello se recolle unha terceira parte do orzamento total das mesmas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

ANEXO V.A PLANIFICACIÓN DE EXECUCIÓN FINANCEIRA: PREVISIÓN DE GASTO EXECUTADO E PAGADO POR ACTUACIÓNS E POR ANUALIDADES NO CONCELLO.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	2026	2027	2028	2029	Total
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF			30.000,00		30.000,00
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	30.000,00				30.000,00
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	5.000,00	128.333,33			133.333,33
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar		1.652.500,00			1.652.500,00
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00				247.300,00
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	20.191,04				20.191,04
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00				294.100,00
				596.591,04 €	1.780.833,33 €	30.000,00 €	-00 €	2.407.424,38 €

*As actuacións referidas a AUF benefician ao conxunto dos tres concellos e a súa cofinanciación é asumida polos concellos a partes iguais, de tal forma que no orzamento do concello se recolle unha terceira parte do orzamento total das mesmas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

ANEXO V.B PLANIFICACIÓN DE ORZAMENTO CONSIGNADO POR ACTUACIÓNS E POR ANUALIDADES NO CONCELLO.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	2026	2027	2028	2029	TOTAL
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF				30.000,00	30.000,00
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	30.000,00 €				30.000,00
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	5.000,00	128.333,33 €			133.333,33
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar		826.250,00 €	826.250,00 €		1.652.500,00
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00 €				247.300,00
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	20.191,04 €				20.191,04
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00 €				294.100,00
				596.591,04	**954.583,33**	**826.250,00**	**30.000,00**	**2.407.424,38**

*As actuacións referidas a AUF benefician ao conxunto dos tres concellos e a súa cofinanciación é asumida polos concellos a partes iguais, de tal forma que no orzamento do concello se recolle unha terceira parte do orzamento total das mesmas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

ANEXO VI. GLOSARIO.

-Orzamento total: Importe total do investimento previsto para a execución das actuacións incluídas no PAI, con independencia da súa cobertura financeira inicial.

-Orzamento subvencionable: Importe do investimento que, de conformidade coa resolución definitiva da convocatoria, constitúe a base de cálculo da axuda FEDER asignada ao PAI.

-Axuda FEDER: o importe máximo da achega do FEDER, equivalente á taxa de cofinanciación aplicable sobre o orzamento subvencionable aprobado, neste caso o 60%.

-Cofinanciación da Deputación Provincial: Achega da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente á parte do investimento público subvencionable aprobado non cuberta pola axuda FEDER.

-Cofinanciación municipal: Achega do Concello correspondente á parte do investimento público subvencionable aprobado non cuberta pola axuda FEDER.

-Achega municipal adicional: Achega do Concello destinada a cubrir a diferenza existente entre o orzamento total do proxecto e o orzamento subvencionable aprobado, derivada da insuficiencia inicial da senda financeira FEDER.

-Achega municipal total: a suma da cofinanciación municipal e da achega municipal adicional.

Visto o informe favorable da Intervención de data 16/03/2026 (CSV: JEU469AX1NINJ5T2) e o informe da Secretaría de data 17/03/2026 (CSV: Y9MYEDPHLRTJU6BK).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital celebrada o día 20/03/2026.

Por todo o exposto, en aplicación da base 16.3 das aprobadas para a execución do orzamento, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar o Convenio de colaboración co Concello de Gondomar necesario para a execución do PAI "Val Miñor 15 Minutos", no que se recollen, entre outras cuestións, as actuacións a desenvolver, o detalle das achegas económicas das partes, os mecanismos de compensación, axuste e liquidación, así como o réxime de obrigas e compromisos derivados da normativa FEDER aplicable.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Segundo. Facultar expresamente ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra para formalizar e asinar o Convenio de colaboración co Concello de Gondomar.

17.8628.- **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE BAIONA NO MARCO DO PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO VAL MIÑOR 15 MINUTOS, AO ABEIRO DA CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE SENDA FINANCEIRA FEDER AOS PLANS EDIL (PROGRAMA OPERATIVO PLURIRREXIONAL DE ESPAÑA 2021-2027) (EXPTE. 2026014905)**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/mG3ajpZaWkWB9VSGoQ4qvXOMycQYp3iQypVJHJiwNiVuhSV4

Á vista do informe proposta da directora de Proxectos Europeos e do xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios (CSV: 6FGQMKXAH1R65Z9N) relativo á Aceptación da senda FEDER concedida ó proxecto denominado "PAI Val Miñor 15 Minutos" no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER aos Plans EDIL e á aprobación dos convenios de colaboración cos concellos participantes; que é do seguinte teor literal:

"Á vista da resolución do 16/01/2026 da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027, e co obxecto de proceder á aceptación expresa da devandita senda, á aprobación do réxime de financiamento e repartición da cofinanciación, á autorización do gasto plurianual correspondente, así como á aprobación do convenio de colaboración cos concellos participantes e autorización para a súa formalización, a directora de Proxectos Europeos e o Xefe de Servizo de Cooperación, emiten o seguinte:

I. ANTECEDENTES

– O artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

- A Deputación de Pontevedra anticipándose a unha potencial convocatoria de axudas no marco do OE RSO5.1 do Programa Operativo Plurirrexional de España 2021-2027 (POPE), encargou externamente a realización dun estudo para a identificación, definición e priorización das Áreas Urbanas Funcionais da Provincia de Pontevedra (CSV: VHC7DB2BML2442E0). A Área Urbana Funcional Baiona-Gondomar-Nigrán, acadou a maior puntuación, destacando por unha marcada continuidade urbana, a presencia de relevantes equipamentos e servizos compartidos, así como unha sólida rede de vías estruturantes; esta área funcional configúrase como un núcleo central de actividade económica e mobilidade, evidenciando unha integración profunda e sinerxías supramunicipais que a fan constituírse como un área funcional acorde coa definición sinalada no obxectivo RSO5.1 do POPE 2021-2027. Así pois, procedeuse á elaboración da Axenda Urbana da Área Funcional do Val Miñor (en adiante, AUF Val Miñor), requisito definido no OE RSO5.1 do POPE, que foi realizada durante os meses de marzo, abril, maio e xuño do ano 2024 (CSV: DMAPKBEETDMJ4L8J).

  Neste senso, a Axenda Urbana da AUF Val Miñor, elaborada seguindo a metodoloxía da Axenda Urbana Española, foi aprobada polo Pleno do Concello de Baiona do 23 de xullo de 2024, polo Pleno do Concello de Gondomar do 14 de agosto de 2024 e polo Pleno do Concello de Nigrán do 6 de Agosto de 2024 así como tamén polo Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2025.
- Mediante a Resolución Presidencial número RP2025001372, de data 26/02/2025 aprobouse o Plan de Actuación Integrado "Val Miñor 15 minutos" -en adiante, o PAI-, cun orzamento de gasto de 10.000.000€ e a solicitude da axuda FEDER correspondente por un importe de 6.000.000€ no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, FEDER 2021-2027, en calidade de entidade solicitante e beneficiaria do mesmo.

  A documentación relativa ao PAI acompañada dos certificados de acordo da aprobación do proxecto e compromiso de cofinanciación dos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar (CSVs respectivos M7YC34OB1SXEDNND, ZR4SP5BF5LLYUFHK e IVX1U1WRDZ6HHTTT) así como da Deputación de Pontevedra (CSV 4CDUKDQAXR99168M) foi presentado o día 27 de febreiro de 2025 na sede electrónica da Dirección Xeral de Fondos Europeos con nº de rexistro 2025-E-RE-286.
- Na Resolución do 1 de outubro de 2025, da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se resolve provisionalmente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, concedese á solicitude de proxecto 363/2025– "PAI Val Miñor 15 Minutos", a concesión da senda financeira ao PAI de 4.365.151,80€ (taxa de cofinanciación do 60%) para unha inversión pública (orzamento total subvencionable) correspondente de 7.275.253,00€, o que suporá unha cofinanciación de 2.910.101,20€.
- En data 16/10/2025 recíbese comunicación do órgano instrutor para os interesados tras a Resolución do 1 de outubro de 2025 na que se insta a proceder á aceptación da senda financeira asignada co fin de axilizar a tramitación definitiva da axuda, remitíndose a

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Aceptación da senda FEDER concedida asinada polo representante legal da Deputación de Pontevedra o 24/10/2025.

- Finalmente, a Dirección Xeral de Fondos Europeos publica, o 16 de xaneiro de 2026, a resolución pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027, ratificando o disposto na resolución provisional de 1 de outubro de 2025.

Táboa 4. Senda financeira concedida ao "PAI Val Miñor 15 Minutos".

Orzamento total subvencionable	Axuda FEDER (60%)	Cofinanciación
7.275.253,00€	4.365.151,80€	2.910.101,20€

II. FUNDAMENTOS TÉCNICOS

O "PAI Val Miñor 15 Minutos" ten como finalidade implementar o modelo urbano da "cidade dos 15 Minutos" no conxunto da AUF Val Miñor, impulsando o desenvolvemento sostible e integrado dos principais núcleos urbanos do Val Miñor (Baiona, Gondomar, A Ramallosa, Nigrán e Panxón) e favorecendo a conectividade ao longo do eixo marítimo-fluvial, tomando como punto neurálxico do territorio o núcleo da Ramallosa, na enseada do Miñor.

ACTUACIÓNS PRIORIZADAS

A Deputación de Pontevedra como entidade beneficiaria da senda financeira FEDER concedida ao PAI, será a responsable de garantir a execución das actuacións nel contempladas. Tendo en conta que a senda financeira concedida resulta inferior ao orzamento subvencionable inicialmente previsto e presentado no PAI, procedeuse a priorizar de acordo cos concellos, as actuacións incluídas inicialmente no PAI, sen prexuízo dunha posible reasignación da senda financeira de acordo ao artigo 23 da Orde HAC/1072/2024 coa que se podería compensar a contía na que se reduciu esta primeira asignación recibida coa resolución da convocatoria.

A continuación figuran as actuacións priorizadas no marco do PAI aprobado, o orzamento total e subvencionable previsto para a execución das mesmas, o cofinanciamento do FEDER para cada actuación e as achegas que corresponderían, tanto á Deputación provincial, como a cada municipio que conforma a AUF do Val Miñor. Compre destacar que a distribución por actuacións responde unicamente a unha programación e planificación, podendo realizarse axustes e compensacións económicas entre as diferentes actuacións.

Táboa 2. Cadro de previsión económica e planificación financeira das actuacións priorizadas no marco do PAI.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	ORZAMENTO TOTAL (1)	ORZAMENTO SUBVENCIONABLE (2)	AXUDA FEDER (60% de (2))	COFINANCIACIÓN DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (20% de (2))	COFINANCIACIÓN MUNICIPAL (20% de (2))			ACHEGA MUNICIPAL ADICIONAL (1)-(2)
								COFINANCIACIÓN MUNICIPAL NIGRÁN	COFINANCIACIÓN MNICIPAL GONDOMAR	COFINANCIACIÓN MUNICIPAL BAIONA	
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.1	Eixo cívico e carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán		- €	- €	- €	- €	- €	- €	
	1.2	Senda ciclopeatonal del río Muiños, Porto do Molle-Playa América	Nigrán	450.000,00 €	450.000,00 €	270.000,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €	- €	- €	
	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona	446.000,00 €	446.000,00 €	267.600,00 €	89.200,00 €	- €	- €	89.200,00 €	
	1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán	1.015.000,00 €	1.015.000,00 €	609.000,00 €	203.000,00 €	203.000,00 €	- €	- €	
	1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar		- €	- €	- €	- €	- €	- €	
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF	90.000,00 €	90.000,00 €	54.000,00 €	18.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €	
	1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF		- €	- €	- €	- €	- €	- €	
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00 €	90.000,00 €	54.000,00 €	18.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €	
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecc	Baiona	1.500.000,00 €	1.385.000,00 €	831.000,00 €	277.000,00 €	- €	- €	277.000,00 €	115.000,00 €
	2.2	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor, en Baiona.	AUF	250.000,00 €	250.000,00 €	150.000,00 €	50.000,00 €	16.666,67 €	16.666,67 €	16.666,67 €	
	2.3	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor, en Nigrán.	AUF	150.000,00 €	150.000,00 €	90.000,00 €	30.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	600.000,00 €	600.000,00 €	360.000,00 €	120.000,00 €	120.000,00 €	- €	- €	
	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar	1.652.500,00 €	1.652.500,00 €	991.500,00 €	330.500,00 €	- €	330.500,00 €	- €	
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00 €	247.300,00 €	148.380,00 €	49.460,00 €	- €	49.460,00 €	- €	
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	60.573,13 €	60.573,13 €	36.343,88 €	12.114,63 €	4.038,21 €	4.038,21 €	4.038,21 €	
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona		- €	- €	- €	- €	- €	- €	
	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00 €	294.100,00 €	176.460,00 €	58.820,00 €	- €	58.820,00 €	- €	
	4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF		- €	- €	- €	- €	- €	- €	
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87 €	198.779,87 €	119.267,92 €	39.755,97 €	- €	- €	39.755,97 €	
	5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona		- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00 €	346.000,00 €	207.600,00 €	69.200,00 €	- €	- €	69.200,00 €	
				7.390.253,00 €	**7.275.253,00 €**	4.365.151,80 €	1.455.050,60 €	455.704,88 €	481.484,88 €	517.860,85 €	115.000,00 €

PERÍODO DE EXECUCIÓN

O período de execución abranguerá as anualidades 2026, 2027 2028 e 2029. A última certificación de gasto deberá realizarse antes do 31/12/2029. Sen prexuízo das posibles prórrogas que, no seu caso, poidan derivarse da aplicación da normativa comunitaria relativa á regra N+3 ou de eventuais modificacións que autorice a Autoridade de Xestión.

PLANIFICACIÓN DA EXECUCIÓN FINANCEIRA POR ANUALIDADES

A continuación figura a previsión económica e planificación financeira por anualidades.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Táboa 3. Planificación de execución financeira: Previsión de gasto executado e pagado por actuacións e por anualidades.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	2026	2027	2028	2029	TOTAL
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.1	Eje cívico y carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán					
	1.2	Senda ciclopeatonal del río Muiños, Porto do Molle-Playa América	Nigrán			225.000,00 €	225.000,00 €	450.000,00
	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona			223.000,00 €	223.000,00 €	446.000,00
	1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán			507.500,00 €	507.500,00 €	1.015.000,00
	1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar					
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF				90.000,00	90.000,00
	1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF					
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00 €				90.000,00
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	750.000,00 €	750.000,00 €			1.500.000,00
	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	15.000,00	385.000,00 €			400.000,00
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	300.000,00 €	300.000,00 €			600.000,00
	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar		826.250,00 €	826.250,00 €		1.652.500,00
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00 €				247.300,00
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	60.573,13 €				60.573,13
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona					
	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00 €				294.100,00
	4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF					
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87 €				198.779,87
	5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona					
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00 €				346.000,00
				2.301.753,00	**2.261.250,00**	**1.781.750,00**	**1.045.500,00**	**7.390.253,00**

A planificación financeira por anualidades detallada na Táboa 3 está deseñada tendo en conta os fitos temporais de execución e xustificación establecidos no artigo 23 da Orde HAC/1072/2024. Este artigo establece que á data do 31 de marzo de 2027, deberá cumprirse polo menos unha das seguintes condicións: ter seleccionadas operacións por, cando menos, o

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

70 % do gasto subvencionable, ou ter xustificado, como mínimo, o 20 % da axuda FEDER asignada. Este procedemento poderá repetirse con datos referidos aos 31 de marzo dos exercicios posteriores, nos termos previstos no citado artigo, podendo actualizarse, por acordo dos organismos intermedios de xestión, os requisitos aplicables. En aplicación do citado precepto, a execución financeira do PAI poderá ser obxecto de reprogramación, co obxecto de axustar a distribución temporal e material dos investimentos á evolución da execución das actuacións e aos prazos previstos. A reprogramación poderá supoñer tanto o incremento como a minoración da senda financeira inicialmente asignada, dentro dos límites globais aprobados e da normativa FEDER vixente.

As reprogramacións que supoñan un incremento do importe global manterán o réxime de cofinanciamento previsto no convenio. Ditas reprogramacións esixirán a previa conformidade e a sinatura das correspondentes addendas pola Deputación e os concellos afectados. O incremento da achega a cargo da Deputación tramitarase necesariamente como nova concesión ou modificación da subvención nominativa.

Os incrementos do importe global que non sexan cofinanciados polo FEDER financiaranse na súa totalidade polo concello beneficiario da actuación correspondente.

A continuación figura a planificación de financiamento plurianual relativa á previsión do orzamento consignado para a execución financeira prevista por anualidades na Táboa 3.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Táboa 4. Planificación de orzamento consignado por actuacións e por anualidades.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	2026	2027	2028	2029	Total
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.1	Eje cívico y carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán					
	1.2	Senda ciclopeatonal del río Muiños, Porto do Molle-Playa América	Nigrán			450.000,00		450.000,00
	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona			446.000,00		446.000,00
	1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán			1.015.000,00		1.015.000,00
	1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar					
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF			90.000,00		90.000,00
	1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF					
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00				90.000,00
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	1.500.000,00				1.500.000,00
	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	15.000,00	385.000,00			400.000,00
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	600.000,00				600.000,00
	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar		1.652.500,00			1.652.500,00
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00				247.300,00
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	60.573,13				60.573,13
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona					
	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00				294.100,00
	4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF					
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87				198.779,87
	5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona					
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00				346.000,00
				3.351.753,00 €	2.037.500,00 €	2.001.000,00 €		7.390.253,00 €

COFINANCIAMENTO E ACHEGAS MUNICIPAIS

Tendo en conta que as devanditas actuacións se desenvolverán no territorio dos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, beneficiando de maneira directa, tanto a cada un dos concellos, como ao conxunto do territorio, procede que estes contribúan coa Deputación Provincial de Pontevedra na aportación necesaria para cofinanciar a inversión prevista, facéndose cargo do 50% da achega correspondente á Deputación Provincial, é dicir, o 20% da totalidade da mesma, así como da achega municipal adicional necesaria para cubrir os custos non previstos no orzamento subvencionable no seu termo municipal.

Tendo en conta que o período de execución do PAI abarca até o 31 de decembro de 2029, a achega total dos concellos abonarase en 4 anualidades -2026, 2027, 2028 e 2029-, ao inicio do exercicio de cada unha delas e tendo en conta a seguinte programación de desembolsos: no primeiro ano o 20% da achega municipal total e os seguintes anos o restante a partes iguais.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Pola súa parte, a achega provincial por anualidades representa o 20% do orzamento subvencionable consignado.

A continuación figura o compromiso de achega municipal e provincial total por cada un dos concellos:

Táboa 5. Cadro de previsión económica e planificación financeira das achegas municipais e da Deputación de Pontevedra.

		TOTAL	2026	2027	2028	2029
Baiona	1. Orzamento total	2.704.304,25 €	2.099.970,91 €	128.333,33 €	476.000,00 €	
	2. Orzamento subvencionable	2.589.304,25 €	1.984.970,91 €	128.333,33 €	476.000,00 €	
	3. Cofinanciación FEDER (60% de (2))	1.553.582,55 €	1.190.982,55 €	77.000,00 €	285.600,00 €	
	4. Cofinanciación Deputación (20% de (2))	517.860,85 €	396.994,18 €	25.666,67 €	95.200,00 €	
	5. Cofinanciación Concello (20% de (2))	517.860,85 €	103.572,17 €	138.096,23 €	138.096,23 €	138.096,23 €
	6. Achega municipal adicional (1)-(2)	115.000,00 €	23.000,00 €	30.666,67 €	30.666,67 €	30.666,67 €
	7. Achega municipal total (5)+(6)	632.860,85 €	126.572,17 €	168.762,89 €	168.762,89 €	168.762,89 €
Nigrán		TOTAL				
	1. Orzamento total	2.278.524,38 €	655.191,04 €	128.333,33 €	1.495.000,00 €	
	2. Orzamento subvencionable	2.278.524,38 €	655.191,04 €	128.333,33 €	1.495.000,00 €	
	3. Cofinanciación FEDER (60% de (2))	1.367.114,63 €	393.114,63 €	77.000,00 €	897.000,00 €	
	4. Cofinanciación Deputación (20% de (2))	455.704,88 €	131.038,21 €	25.666,67 €	299.000,00 €	
	5. Cofinanciación Concello (20% de (2))	455.704,88 €	91.140,98 €	121.521,30 €	121.521,30 €	121.521,30 €
	6. Achega municipal adicional (1)-(2)					
	7. Achega municipal total (5)+(6)	455.704,88 €	91.140,98 €	121.521,30 €	121.521,30 €	121.521,30 €
Gondomar		TOTAL				
	1. Orzamento total	2.407.424,38 €	596.591,04 €	1.780.833,33 €	30.000,00 €	
	2. Orzamento subvencionable	2.407.424,38 €	596.591,04 €	1.780.833,33 €	30.000,00 €	
	3. Cofinanciación FEDER (60% de (2))	1.444.454,63 €	357.954,63 €	1.068.500,00 €	18.000,00 €	
	4. Cofinanciación Deputación (20% de (2))	481.484,88 €	119.318,21 €	356.166,67 €	6.000,00 €	
	5. Cofinanciación Concello (20% de (2))	481.484,88 €	96.296,98 €	128.395,97 €	128.395,97 €	128.395,97 €
	6. Achega municipal adicional (1)-(2)					
	7. Achega municipal total (5)+(6)	481.484,88 €	96.296,98 €	128.395,97 €	128.395,97 €	128.395,97 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

CONVENIOS COS CONCELLOS

As achegas municipais, xunto co resto de obrigas económicas, técnicas e administrativas vinculadas á execución do PAI, concretaranse e formalizaranse nos correspondentes convenios de colaboración que se subscriban entre a Deputación Provincial de Pontevedra e cada un dos concellos integrantes da Área Urbana Funcional do Val Miñor. Estes convenios terán a consideración de instrumentos de desenvolvemento do marco aprobado e incorporaranse ao expediente administrativo, recollendo, entre outras cuestións, o detalle das actuacións, a distribución por anualidades, os mecanismos de compensación, axuste e liquidación, así como as obrigas derivadas da normativa FEDER aplicable. O texto do Convenio para cada un dos concellos recóllese en Anexo ao presente informe.

III. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do Desenvolvemento Urbano Sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Resolución do 23 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Fondos Europeos pola que se aproba a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Resolución do 16 de xaneiro de 2026 da Dirección Xeral de Fondos Europeos pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico dás Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

Así mesmo, tratándose dun proxecto que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento rexional (FEDER) atenderase á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras aplicables aos devanditos fondos e a outros instrumentos da Unión.

- Regulamento (UE) Nº 2021/1058, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión, que establece os obxectivos específicos que apoiará o FEDER.
- Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- De conformidade co disposto na Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, e na Resolución definitiva de concesión da senda financeira FEDER, a aceptación da axuda e a execución do Plan de Actuación Integrado estarán suxeitas aos procedementos de seguimento, xestión, control, certificación e xustificación establecidos pola Autoridade de Xestión. A Deputación Provincial de Pontevedra, en calidade de entidade beneficiaria, será responsable da correcta instrución do expediente, da tramitación administrativa e orzamentaria das actuacións, da formalización dos convenios necesarios cos concellos participantes e da realización de cantos trámites sexan requiridos ante a autoridade de xestión, o organismo intermedio de xestión e demais órganos competentes, de acordo coa normativa europea, estatal e autonómica aplicable.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto dá mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Base 47ª e 48ª de execución do orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cuantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención."

Resolución do expediente

- En virtude do establecido na base 16ª.3 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, a competencia para resolver atribúese ao Pleno.

IV. CONCLUSIÓNS

A Deputación de Pontevedra, impulsou a identificación das Áreas Urbanas Funcionais da provincia

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

no marco do Obxectivo Específico RSO5.1 do Programa Operativo Plurirrexional de España 2021-2027. A Área Urbana Funcional Baiona-Gondomar-Nigrán foi identificada como a de maior integración funcional, elaborándose a correspondente Axenda Urbana da AUF Val Miñor, aprobada polos Plenos dos Concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán e polo Pleno da Deputación Provincial.

Neste contexto elaborouse a Axenda Urbana da Área Urbana Funcional do Val Miñor, seguindo a metodoloxía da Axenda Urbana Española, que foi aprobada polos Plenos dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán, así como polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na súa sesión do 31 de xaneiro de 2025.

Mediante Resolución Presidencial de 26 de febreiro de 2025, a Deputación de Pontevedra aprobou o Plan de Actuación Integrado "Val Miñor 15 Minutos", cun orzamento total de 10.000.000€, e presentou, en calidade de entidade solicitante e beneficiaria, a correspondente solicitude de axuda FEDER no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira a Plans de Actuación Integrados, FEDER 2021-2027.

Con data 16 de xaneiro de 2026, a Dirección Xeral de Fondos Europeos resolveu definitivamente a convocatoria, concedendo á Deputación Provincial de Pontevedra unha senda financeira FEDER por importe de 4.365.151,80€, o que supón un orzamento total subvencionable de 7.275.253,00€, aplicando unha taxa de cofinanciación FEDER do 60%, e unha cofinanciación total de 2.910.101,20€ por parte das entidades participantes.

De conformidade co disposto na Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, e na Resolución definitiva de concesión da senda financeira FEDER, a aceptación da axuda e a execución do Plan de Actuación Integrado estarán suxeitas aos procedementos de seguimento, xestión, control, certificación e xustificación establecidos pola Autoridade de Xestión. A Deputación Provincial de Pontevedra, en calidade de entidade beneficiaria, será responsable da correcta instrución do expediente, da tramitación administrativa e orzamentaria das actuacións, da formalización dos convenios necesarios cos concellos participantes e da realización de cantos trámites sexan requiridos ante a autoridade de xestión, o organismo intermedio de xestión e demais órganos competentes, de acordo coa normativa europea, estatal e autonómica aplicable.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do devandito proxecto compre proceder a:

- Aceptar expresamente a senda financeira FEDER concedida á Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento do Plan de Actuación Integrado "Val Miñor 15 Minutos", por importe de 4.365.151,80€, correspondente a un orzamento total subvencionable de 7.275.253,00€, cunha taxa de cofinanciación FEDER do 60%, no marco da Convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, FEDER 2021-2027.
- Aprobar o réxime de financiamento e repartición da cofinanciación do investimento subvencionable do PAI, nos seguintes termos: o 60% do orzamento subvencionable será

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

financiado con cargo ao FEDER; o 20% do orzamento subvencionable será asumido pola Deputación Provincial de Pontevedra con fondos propios; e o 20% restante do orzamento subvencionable será asumido polos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, de acordo co ámbito territorial das actuacións e nos termos que se concreten nos correspondentes convenios. Así mesmo, os concellos asumirán, a achega municipal adicional necesaria para cubrir a parte do investimento non atendida pola senda financeira FEDER aprobada, sen prexuízo dos axustes que poidan derivarse dunha eventual reprogramación da dita senda ou dunha redución do custo real das actuacións.

- Autorizar o gasto plurianual correspondente á execución do Plan de Actuación Integrado, dentro dos límites económicos establecidos na resolución de concesión da senda financeira FEDER e de acordo coa planificación financeira de orzamento consignado por actuacións e anualidades previstas na táboa 4 do presente informe, abrindo as aplicacións orzamentarias e os conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo "proxecto de gastos". A autorización e disposición do gasto correspondente a cada anualidade subordinarase ao crédito que para cada exercicio se autorice nos respectivos orzamentos.
- Aprobar a concesión da subvención plurianual directa aos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, polos importes correspondentes co financiamento a cargo da Deputación de Pontevedra (20% do orzamento subvencionable) segundo distribución por anualidades prevista na táboa 5 do presente informe. A eficacia do acordo no que respecta a concesión e elixibilidade das subvencións correspondente a anualidades futuras condicionase a existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio correspondente.
  O financiamento da achega provincial correspondente á cada anualidade poderá realizarse con cargo aos créditos que se consignen no orzamento vixente ou, no seu caso, mediante a oportuna modificación orzamentaria financiada con remanente de Tesourería para gastos xerais, de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas Bases de execución do orzamento provincial.
- Aprobar os convenios de colaboración cos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar (en anexo) necesarios para a execución do PAI, nos que se recollen, entre outras cuestións, as actuacións a desenvolver, o detalle das achegas económicas das partes, os mecanismos de compensación, axuste e liquidación, así como o réxime de obrigas e compromisos derivados da normativa FEDER aplicable, así como para realizar cantos actos de trámite e execución resulten necesarios para o desenvolvemento do presente acordo.
- Facultar expresamente ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra para: formalizar e asinar os convenios de colaboración cos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar.
- Facultar ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra para cantos actos e trámites sexan necesarios para a correcta execución e xestión administrativa do Plan de Actuación Integrado "Val Miñor 15 minutos", no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, FEDER 2021-2027, e en particular para a realización das actuacións de interlocución, comunicación, seguimento, xustificación, modificacións non substanciais e demais trámites que procedan ante a Autoridade de Xestión, o Organismo Intermedio de Xestión e calquera outro órgano competente, sen

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

prexuízo, no seu caso, da obriga de dar conta ao Pleno para a súa ratificación cando así resulte legalmente esixible."

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE BAIONA PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO VAL MIÑOR 15 MINUTOS, AO ABEIRO DA CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE SENDA FINANCEIRA FEDER A PLANS DE ACTUACIÓN INTEGRADOS DE ENTIDADES LOCAIS NO MARCO DO DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE, CON CARGO AO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2021-2027.

Na Deputación de Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal desta que se lle atribúe no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, Jesús Vázquez Almuíña, alcalde do Concello de Baiona na representación legal que deste lle atribúe o artigo 21.1.b) do mesmo texto legal.

Dá fe do acto Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e a formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e, para estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN QUE

I. A Deputación de Pontevedra e o Concello de Baiona (en diante, Concello) comparten como criterio que as entidades locais, como administracións máis próximas á cidadanía, deben ser os axentes protagonistas no deseño, no impulso da acción local e no desenvolvemento das políticas locais. Así mesmo, as deputacións deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os concellos e a cidadanía poidan ter os mesmos dereitos e servizos.

II. A Deputación de Pontevedra anticipándose a unha potencial convocatoria de axudas no marco do OE RSO5.1 do Programa Operativo Plurirrexional de España 2021-2027 (POPE), encargou externamente a realización dun estudo para a identificación, definición e priorización das Áreas Urbanas Funcionais da Provincia de Pontevedra (CSV: VHC7DB2BML2442E0). A

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Área Urbana Funcional Baiona-Gondomar-Nigrán, acadou a maior puntuación, destacando por unha marcada continuidade urbana, a presencia de relevantes equipamentos e servizos compartidos, así como unha sólida rede de vías estruturantes; esta área funcional configúrase como un núcleo central de actividade económica e mobilidade, evidenciando unha integración profunda e sinerxías supramunicipais que a fan constituírse como un área funcional acorde coa definición sinalada no Obxectivo RSO5.1 do POPE 2021-2027. Así pois, procedeuse á elaboración da Axenda Urbana da Área Funcional do Val Miñor (en adiante, AUF Val Miñor), requisito definido no OE RSO5.1 do POPE, que foi realizada durante os meses de marzo, abril, maio e xuño do ano 2024 (CSV: DMAPKBEETDMJ4L8J).

Neste senso, a Axenda Urbana da AUF Val Miñor, elaborada seguindo a metodoloxía da Axenda Urbana Española, foi aprobada polo Pleno do Concello de Baiona do 23 de xullo de 2024, polo Pleno do Concello de Gondomar do 14 de agosto de 2024 e polo Pleno do Concello de Nigrán do 6 de Agosto de 2024 así como tamén polo Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do 31 de Xaneiro de 2025.

III. Mediante a Resolución Presidencial número RP2025001372, de data 26/02/2025 aprobouse o Plan de Actuación Integrado "Val Miñor 15 minutos" -en adiante, o PAI-, cun orzamento de gasto de 10.000.000 euros e solicitude da axuda FEDER correspondente por un importe de 6.000.000 € no marco da Convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, FEDER 2021-2027, en calidade de entidade solicitante e beneficiaria do mesmo. O anexo I recolle a totalidade das actuacións contempladas no PAI e o orzamento total previsto.

A documentación relativa ao PAI acompañada dos certificados de acordo da aprobación do proxecto e compromiso de cofinanciación dos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar (CSVs respectivos M7YC34OB1SXEDNND, ZR4SP5BF5LLYUFHK e IVX1U1WRDZ6HHTTT) así como da Deputación de Pontevedra (CSV 4CDUKDQAXR99168M) foi presentado o día 27 de febreiro de 2025 na sede electrónica da Dirección Xeral de Fondos Europeos con nº de rexistro 2025-E-RE-286.

IV. O PAI ten como finalidade implementar o modelo urbano da "cidade dos 15 minutos" no conxunto da AUF Val Miñor, impulsando o desenvolvemento sostible e integrado dos principais núcleos urbanos do Val Miñor (Baiona, Gondomar, A Ramallosa, Nigrán e Panxón) e favorecendo a conectividade ao longo do eixo marítimo-fluvial, tomando como punto neurálxico do territorio o núcleo da Ramallosa, na enseada do Miñor.

V. Na Resolución de 16 de xaneiro de 2026, da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, selecciónase á Deputación de Pontevedra como beneficiaria dunha senda financeira FEDER para a financiación do PAI (solicitude de proxecto 363/2025) por importe de 4.365.151,80 € (taxa de cofinanciación do 60%), correspondente a unha inversión pública de 7.275.253,00 €, o que suporá unha cofinanciación por parte da entidade beneficiaria de 2.910.101,20 €.

VI. A Deputación de Pontevedra como entidade beneficiaria da senda financeira FEDER concedida ao PAI, será a responsable de garantir a execución das actuacións nel contempladas. Tendo en conta que as devanditas actuacións se desenvolverán no territorio dos Concellos de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Baiona, Nigrán e Gondomar, beneficiando de maneira directa, tanto a cada un dos Concellos, como ao conxunto do territorio, procede que estes contribúan coa Deputación Provincial de Pontevedra na aportación necesaria para cofinanciar a inversión prevista, facéndose cargo do 50% da achega correspondente á Deputación Provincial, é dicir, o 20% da totalidade da mesma, así como da achega municipal adicional necesaria para cubrir os custos non previstos no orzamento subvencionable no seu termo municipal.

VII. Tendo en conta a redución do orzamento total do PAI en relación á senda financeira aprobada, procedeuse a priorizar de acordo cos Concellos, as actuacións incluídas inicialmente no PAI. O anexo II recolle a totalidade das actuacións priorizadas no marco do PAI aprobado, o orzamento total e subvencionable necesario para a execución das mesmas, o cofinanciamento do FEDER para cada actuación e as achegas que corresponderían, tanto á Deputación provincial, como a cada municipio que conforma a AUF do Val Miñor. O anexo III recolle por un lado a Planificación de execución financeira: Previsión de gasto executado e pagado por actuacións e por anualidades así como a Planificación de orzamento consignado por actuacións e por anualidades.

VIII. Así, a colaboración entre a Deputación e o Concello de Baiona é necesaria para garantir a execución das actuacións contempladas no PAI que teñan como ámbito territorial o municipio de Baiona ou que afecten ao conxunto do territorio da AUF Val Miñor.

IX. O presente convenio encádrase nas competencias propias da Deputación Provincial previstas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, relativas á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, así como, de maneira complementaria, nas competencias de coordinación e de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios previstas nas letras a) e b) do mesmo precepto. Así mesmo, o Concello de Baiona actúa no exercicio das súas competencias propias en materia de urbanismo, mobilidade, medio ambiente, espazo público, servizos municipais e desenvolvemento local.

X. Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como se establece no artigo 47 e nos seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da LRBRL; e no artigo 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Con base nestes antecedentes, as partes acordan subscribir este convenio, consonte as seguintes:

Cláusulas

Primeira. Obxecto.

O presente convenio ten carácter administrativo e instrumenta un marco de colaboración interadministrativa entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Baiona para a execución do PAI Val Miñor 15 minutos, incluíndo os compromisos financeiros asumidos polas partes en concepto de cofinanciación das actuacións nel previstas, e en particular, das relativas ao termo municipal de Baiona e as que afectan ao conxunto da AUF, de conformidade coa normativa aplicable.

Segunda. Actuacións incluídas no PAI que afectan ao municipio de Baiona e á totalidade da AUF Val Miñor.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

As actuacións incluídas no PAI presentado a desenvolver no municipio de Baiona son as seguintes:

- Actuación 1.3. Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona-A Ramallosa.
- Actuación 2.1. Rexeneración ambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.
- Actuación 4.1. Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona.
- Actuación 5.1. Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona, e control de accesos no seu Casco Histórico.
- Actuación 5.2. Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana na Rúa Ponte Nova.
- Actuación 5.3. Rexeneración no espazo público, incremento de la rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais.

As actuacións incluídas no PAI que afectan ao conxunto da AUF Val Miñor son as seguintes:

- Actuación 1.6. Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista.
- Actuación 1.7. Liña de transporte público no Val Miñor.
- Actuación 1.8. Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor.
- Actuación 2.2. Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor, en Baiona.
- Actuación 2.3. Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor, en Nigrán.
- Actuación 3.4. Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.
- Actuación 4.3. Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.

Terceira. Actuacións priorizadas do PAI que afectan ao municipio de Baiona e á totalidade da AUF Val Miñor.

Tendo en conta que a axuda FEDER inicialmente contemplada para o PAI e solicitada pola Deputación provincial era de 6 millóns de euros -para un orzamento total de 10 millóns de euros- e a senda financeira aprobada foi de 4.365.151,80 € de axuda FEDER, para un orzamento total de 7.275.253,00 €, procedeu priorizar, de acordo cos tres Concellos afectados, tanto as actuacións que afectan á totalidade da AUF Val Miñor como aquelas que se desenvolven no ámbito territorial de cada un dos Concellos.

As actuacións priorizadas a desenvolver no municipio de Baiona no marco do PAI son as seguintes:

- Actuación 1.3. Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona-A Ramallosa.
- Actuación 2.1. Rexeneración ambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.
- Actuación 5.1. Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona, e control de accesos no seu Casco Histórico.
- Actuación 5.3. Rexeneración no espazo público, incremento de la rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais.

As actuacións priorizadas que afectan ao conxunto da AUF Val Miñor, incluídas no PAI, son as seguintes:

- Actuación 1.6. Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

- Actuación 1.8. Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor.
- Actuación 2.2. Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor, en Baiona.
- Actuación 2.3. Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor, en Nigrán.
- Actuación 3.4. Aplicación dixital Val Miñor Cultural.

Esta priorización de actuacións a desenvolver pola Deputación de Pontevedra faise sen prexuízo de que as actuacións non priorizadas se poidan desenvolver nun futuro, no caso de que se cumpran os requisitos de selección e xustificación de gasto previstos e a Deputación poida beneficiarse dunha reasignación de senda financeira que compense a contía reducida na primeira asignación, tal e como dispón o artigo 23 da Orde HAC/1072/2024.

Cuarta. Orzamento total, financiamento das actuacións e achegas necesarias.

O orzamento total previsto no marco do PAI para realizar as actuacións priorizadas no termo municipal de Baiona ascende a 2.490.779,87, dos cales 2.375.779,87€ teñen a consideración de orzamento subvencionable, que conta cunha cofinanciación FEDER do 60%, que implicaría unha achega en termos de cofinanciación por parte da entidade beneficiaria da senda financeira do 40% restante.

En atención ao beneficio territorial directo, o Concello de Baiona e a Deputación provincial de Pontevedra, acordan financiar conxuntamente e a partes iguais a contía da cofinanciación antedita.

O Concello de Baiona deberá asumir con fondos propios a diferencia entre o orzamento total e o orzamento subvencionable que afecte ás actuacións que se desenvolvan no seu termo municipal. A necesidade desta achega municipal responde exclusivamente á insuficiencia inicial da senda financeira aprobada para cubrir a totalidade do investimento previsto e non terá carácter definitivo, podendo verse reducida no suposto de que, como consecuencia dunha execución axeitada do PAI, se produza un incremento da senda financeira FEDER asignada nos termos do artigo 23 da Orde de HAC/1072/2024 do 2 de outubro, ou ben no caso de existir no futuro orzamento dispoñible procedente de excedentes doutras actuacións.

O orzamento previsto no marco do PAI para realizar as actuacións priorizadas que afectan á totalidade do ámbito territorial da AUF Val Miñor ascende a 640.573,13€, que conta cunha cofinanciación FEDER do 60% e implicaría unha cofinanciación por parte da entidade beneficiaria da senda financeira do 40%. Na medida en que os tres Concellos que conforman a AUF Val Miñor serán os beneficiarios últimos das actuacións desenvolvidas, a contía desta achega será cofinanciada a partes iguais pola Deputación Provincial e os tres Concellos, é dicir, o 50% será asumido pola Deputación e o 50% restante, a partes iguais, polos tres Concellos afectados.

	1.ORZA-MENTO TOTAL	2.ORZAMEN-TO SUBVENCIO-NABLE	3.AXUDA FEDER (60% de (2))	4.COFINANCIACIÓN DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (20% de (2))	5.COFINANCIACIÓN MUNICIPAL (20% de (2))	6.ACHEGA MUNICI-PAL ADICIO-NAL (1)-(2)
Termo municipal Baiona	2.490.779,87€	2.375.779,87€	1.425.467,92 €	475.155,97€	475.155,97€	115.000,00 €
AUF Baiona (1/3 do total da AUF)	213.524,38 €	213.524,38 €	128.114,63 €	42.704,88€	42.704,88€	0,00 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

TOTAL	2.704.304,25€	2.589.304,25€	1.553.582,55 €	517.860,85€	517.860,85€	115.000,00 €

No anexo IV figura o orzamento relativo ás actuacións priorizadas para o Concello de Baiona e para a totalidade da AUF do Val Miñor, a parte proporcional asumida polo concello; a cofinanciación FEDER aprobada que corresponde a cada unha delas e as achegas necesarias por parte da Deputación e o Concello.

Así, as necesidades de financiamento para a execución das actuacións que se desenvolverán no municipio de Baiona e as que afectan á totalidade da AUF Val Miñor cubriranse da seguinte forma:

- ✓ O FEDER aportará o 60% do orzamento subvencionable.
- ✓ A Deputación aportará o 20% do orzamento subvencionable.
- ✓ O Concello de Baiona aportará o 20% do orzamento subvencionable das actuacións que se desenvolvan en Baiona.
- ✓ Os Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar aportarán o 20% do orzamento subvencionable das actuacións que se desenvolvan na AUF Val Miñor, a razón do 6,67% cada Concello.
- ✓ O Concello de Baiona aportará o 100% da achega municipal adicional que sexa necesaria para cubrir os custos non subvencionables das actuacións no seu termo municipal, sen prexuízo de que estes custos podan chegar a ser considerados subvencionables nun futuro.

No caso de que algún dos custos das actuacións desenvolvidas no municipio de Baiona fora declarado non subvencionable por responsabilidade exclusiva do Concello, este sería asumido integramente polo Concello.

Quinta. Achegas municipais e provinciais e mecanismos de compensación.

No certificado do acordo de aprobación do proxecto e compromiso de cofinanciación do 21 de febreiro de 2025 (CSV M7YC34OB1SXEDNND), presentado coa solicitude de axuda do PAI, recóllese o acordo adoptado por Decreto de Alcaldía coa declaración do compromiso do Concello de Baiona para habilitar o crédito adecuado e suficiente para financiar a execución do PAI en caso de resultar seleccionado.

Sobre a base deste compromiso de cofinanciación, o Concello de Baiona comprométese a realizar unha achega económica total de 632.860,85€; é dicir, o 20% do orzamento total subvencionable correspondente ás actuacións a desenvolver no seu municipio, o 6,67% do orzamento total subvencionable correspondente ás actuacións a desenvolver na AUF e o 100% da achega municipal adicional necesaria para cubrir os custos non previstos no orzamento subvencionable no seu termo municipal.

Calquera variación que se produza no orzamento total e o orzamento subvencionable será cofinanciada polas partes de conformidade con estas porcentaxes, exceptuando os incrementos que non sexan cofinanciados polo FEDER, na contía que excedan do importe máximo autorizado da achega provincial, que serán financiados integramente polo Concello beneficiario da actuacións.

Tendo en conta que o período de execución do PAI abarca até o 31 de decembro de 2029, a achega total abonarase en 4 anualidades -2026, 2027, 2028 e 2029-, ao inicio do exercicio de cada unha delas e tendo en conta a seguinte programación de desembolsos, no primeiro ano o 20% da achega municipal total e os seguintes anos o restante a partes iguais:

	2026	**2027**	**2028**	**2029**	**TOTAL**
COFINANCIACIÓN	396.994,18	25.666,67	95.200,00	0,00	**517.860,85**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

DEPUTACIÓN (€)					
COFINANCIACIÓN CONCELLO (€)	103.572,17	138.096,23	138.096,23	138.096,23	**517.860,85**
ACHEGA MUNICIPAL ADICIONAL (€)	23.000,00	30.666,67	30.666,67	30.666,67	**115.000,00**
ACHEGA MUNICIPAL TOTAL (€)	126.572,17	168.762,89	168.762,89	168.762,90	**632.860,85**
ACHEGA MUNICIPAL TOTAL (%)	20%	26,67%	26,67%	26,67%	**100,00%**

Calquera variación que se produza nas necesidades de financiamento anual das partes será acordada por estas e trasladada a este convenio a través da correspondente addenda.

Os importes correspondentes á cofinanciación asumida pola Deputación para facer fronte ás anualidades previstas na táboa anterior deberán contar coa consignación nos orzamentos de cada exercicio. Esta consignación poderá realizarse ben mediante a súa previsión inicial no orzamento anual correspondente, ben mediante a tramitación da oportuna modificación orzamentaria financiada con Remanente de Tesourería. As achegas municipais de cada ano financiaranse con cargo ao Plan + Provincia da anualidade correspondente. Se o Concello quixese financiar a súa achega anual con outros recursos deberá indicalo expresamente e facer o ingreso da contía correspondente no primeiro mes de cada ano (ou no prazo dun mes desde a firma do Convenio para a anualidade 2026).

Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para financiar este convenio outórganse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, se tivese delegadas as facultades de recadación no dito organismo.

De acordo co Concello, a Deputación tamén poderá optar por detraer o importe do crédito asignado no Plan + Provincia en cada anualidade de acordo cos normas reguladoras do devandito Plan. No caso de financiarse a cargo da subvención do Plan + Provincia, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe de financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do Plan pola Deputación e con contía suficiente correspondente ao Concello. Estas operacións deberán efectuarse unha vez aprobado o convenio, antes de iniciar o expediente de contratación correspondente pola Deputación debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o artigo 116.4 da LCSP.

No caso de que o Concello xa incorrera en gastos relacionados coas actuacións do PAI , e estes puideran ser considerados elixibles, poderán ser utilizados para o cofinanciamento. O importe total pagado polo Concello será descontado, no seu caso, da achega municipal correspondente.

As cantidades que, no seu caso, deberá achegar o Concello terán a consideración de ingresos de dereito público e deberán ser ingresadas na Tesourería da Deputación de Pontevedra nos prazos e condicións que se establezan nas correspondentes comunicacións de liquidación ou cartas de pagamento emitidas pola Deputación.

O incumprimento polo Concello das obrigas de achega económica asumidas no presente convenio poderá dar lugar, previa audiencia, á aplicación dos mecanismos previstos nesta cláusula e, no seu caso, á adopción das medidas necesarias para garantir a correcta execución financeira do PAI e o

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

cumprimento das obrigas derivadas da normativa FEDER.

Sexta. Axustes de financiamento e liquidación final.

As achegas económicas do Concello de Baiona previstas no presente convenio teñen carácter estimado e calculáronse sobre a base do orzamento inicialmente aprobado para as actuacións priorizadas do PAI.

Unha vez executadas total ou parcialmente as actuacións e determinada a súa xustificación económica definitiva, procederase á liquidación final das achegas correspondentes, axustando as contías efectivamente achegadas polo Concello ao custo real e subvencionable das actuacións executadas, de conformidade coa normativa aplicable.

No suposto de que o custo real e subvencionable das actuacións resultase inferior ao inicialmente previsto, a achega definitiva do Concello reducirase proporcionalmente, procedéndose, se é o caso, á devolución das cantidades ingresadas en exceso ou á súa compensación con outras obrigas económicas vixentes entre as partes, de acordo cos mecanismos previstos neste convenio.

Pola contra, no caso de que o custo real das actuacións resultase superior ao inicialmente previsto, e dito incremento fose cofinanciado cos fondos FEDER, a achega do Concello e da Deputación verase incrementada na mesma proporción, previa conformidade, aprobación e sinatura das correspondentes addendas pola Deputación e os Concellos afectados. O incremento da achega a cargo da Deputación tramitarase necesariamente como nova concesión ou modificación da subvención nominativa.

Os incrementos do importe global que non sexan cofinanciados polo FEDER financiaranse na súa totalidade polo Concello beneficiario da actuación correspondente.

En todo caso, a liquidación final das achegas efectuarase unha vez aprobada a xustificación económica definitiva das actuacións e sen prexuízo das comprobacións, controis ou auditorías que poidan realizar os órganos competentes en materia de fondos europeos.

Sétima. Reprogramación da senda financeira.

Segundo dispón o artigo 23.1 da Orde HAC/1072/2024, de 2 de outubro, a senda financeira poderá ser modificada polo Comité de Seguimento do Programa Plurirrexional de España a proposta da Autoridade de Xestión e o Organismo Intermedio de Xestión nos seguintes casos:

- A senda financeira non comprometida en operacións seleccionadas ou en gasto xustificado nesta data poderá ser suprimida si a 31 de marzo de 2027 non se cumpre algunha das seguintes condicións:
  - Ter seleccionado operacións por, a lo menos, un 70% do gasto.
  - Ter xustificado, a lo menos, un 20% da axuda.
- A contía de senda financeira da entidade beneficiaria poderá ser incrementada se a citada entidade é quen de declarar sobrecertificación de gastos e así o solicita. Para iso, na data indicada anteriormente, deberanse cumprir as seguintes condicións:
  - Ter seleccionado operacións por, a lo menos, un 80% do gasto.
  - Ter xustificado, a lo menos, un 40% da axuda.

  Neste caso, a entidade beneficiaria, poderá presentar ante o Organismo Intermedio de xestión unha proposta de modificación do Plan que recolla a asignación da contía adicional de senda financeira.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

As modificacións que supoñan un incremento do importe global manterán o réxime de cofinanciamento previsto no Convenio. Ditas modificacións deberán ser aprobadas polas partes implicadas e recollidas na correspondente addenda. O incremento da achega a cargo da Deputación tramitarase necesariamente como nova concesión ou modificación da subvención nominativa.

Os artigos 23.2 e 23.3 dispoñen que o procedemento de reprogramación anteriormente exposto poderá repetirse con datos a data de 31 de marzo de 2028 e 2029 e que, ao peche do programa, no caso de que existira senda financeira FEDER non executada polas entidades beneficiarias, a Autoridade de Xestión poderá reasignala a outras entidades beneficiarias que finalizaran a execución con sobrecertificación de operacións.

No caso de que a senda financeira do PAI fora reprogramada por calquera das circunstancias anteditas e supoña un incremento da senda financeira asignada, procederase a unha revisión das actuacións non priorizadas, para a súa execución. No suposto dunha redución do orzamento, procederase á modificación das actuacións prioritarias planificadas ou ao desestimento dalgunha das mesmas. Consecuentemente, a achega financeira do Concello de Baiona -ao igual que a dos outros dous Concellos do Val Miñor- veríase modificada porcentualmente na mesma contía. É dicir, a supresión ou incremento da senda financeira do PAI nunha porcentaxe determinada conlevaría unha rebaixa ou incremento da achega do Concello na mesma porcentaxe. Unha modificación na contía total da senda financeira conlevaría unha modificación do presente convenio a través dunha addenda.

Non obstante, para garantir o cumprimento dos fitos establecidos no artigo 23 da Orde HAC/1072/2024, de 2 de outubro, os Concellos obríganse a entregar os proxectos, documentación técnica, autorizacións, licenzas, permisos e informes sectoriais necesarios para a execución das actuacións no seu termo municipal necesarios para a contratación das inversións nos prazos establecidos na planificación operativa do PAI. No caso de que un atraso na entrega por parte do Concello provoque unha reprogramación á baixa da axuda FEDER, dita perda de fondos será repercutida exclusivamente nese Concello. Neste suposto, o Concello responsable deberá asumir o financiamento da parte detraída con fondos propios ou renunciar á actuación.

Oitava. Modificación do PAI.

Calquera cambio que fora preciso realizar no PAI ao longo do período de execución do mesmo deberá facerse conforme ao disposto no artigo 19 da Orde HAC/1072/2024, de 2 de outubro.

Novena. Selección de operacións.

De acordo ao disposto nos artigos 12 e 20 da Orde HAC/1072/2024, de 2 de outubro, a Deputación Provincial de Pontevedra, en tanto que entidade beneficiaria da senda financeira FEDER para a execución do PAI, unha vez aceptada a axuda adopta a condición de Organismo Intermedio Lixeiro e asume -de acordo aos termos recollidos no artigo 73 do RDC- a función de selección das operacións obxecto de cofinanciación coa axuda FEDER, a través de las cales se articulará a implementación do devandito PAI.

Décima. Compromisos e obrigas da Deputación de Pontevedra.

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Actuar como beneficiaria e interlocutora única ante o Organismo Intermedio de Xestión e a Autoridade de Xestión do POPE 2021-2027, asumindo as obrigas do PAI.
- Asumir todas as obrigas derivadas da súa condición de beneficiaria da senda financeira

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

FEDER para o desenvolvemento do PAI, así como das obrigas derivadas da súa condición de Organismo Intermedio Lixeiro, segundo o disposto na Orde HAC/1072/2024, de 2 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER (....), a resolución da Dirección Xeral de Fondos Europeos pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao FEDER no período de programación 2021-2027, o Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a Orde HFP/1414/2023, de 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027 e demais normativa que resulte de aplicación.

- Licitar, adxudicar, executar e recibir os traballos contemplados no PAI dentro do proxecto no termo municipal do Concello e os relativos á AUF.
- Aportar o crédito necesario para garantir a execución das actuacións contempladas no PAI e que foron priorizadas polos Concellos afectados, de acordo coa cláusula quinta do presente convenio.
- Aportar, a cofinanciación do 20% do total do orzamento subvencionable das actuacións priorizadas do PAI que, segundo distribución prevista nas cláusulas cuarta e quinta e nos anexos.

Décimo primeira. Compromisos e obrigas do Concello.

- Colaborar coa Deputación Provincial de Pontevedra en todo o que sexa necesario para garantir o desenvolvemento do PAI e as operacións que del deriven en tempo e forma.
- Poñer á disposición da Deputación de Pontevedra os terreos, inmobles, infraestruturas e servizos municipais necesarios para a execución das actuacións incluídas no PAI, acreditando a titularidade, dispoñibilidade xurídica ou dereitos de uso suficientes sobre os bens afectados.
- Obter e manter en vigor todas as autorizacións, licenzas, permisos e informes sectoriais necesarios para a execución das actuacións no seu termo municipal, comprometéndose a comunicalos á Deputación cando lle sexan requiridos polos órganos de xestión ou control do FEDER.
- Aportar a cofinanciación do 20% do total do orzamento necesario para a execución das operacións desenvolvidas no Concello de Baiona, a parte proporcional da execución das operacións que afecten á totalidade do territorio da AUF Val Miñor así como o 100% da achega municipal adicional.
- Comunicar de forma inmediata á Deputación a obtención doutras subvencións, axudas ou ingresos públicos ou privados que financien, total ou parcialmente, as actuacións incluídas no PAI, aos efectos de verificar a compatibilidade das axudas e evitar situacións de dobre financiamento, así como informar de calquera circunstancia relevante en materia de axudas de Estado.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

- Asumir a titularidade, os gastos de mantemento, conservación e xestión das infraestruturas e/ou equipamentos e calquera responsabilidade vinculado ao seu uso ou funcionamento, desde a formalización da correspondente acta de recepción ou entrega nos termos previstos na cláusula décimo segunda deste Convenio, comprometéndose a garantir o seu correcto funcionamento e destino durante o período mínimo de durabilidade de cinco (5) anos desde o pagamento final da operación, de conformidade co artigo 65 do Regulamento (UE) 2021/1060.
- Responder fronte á Deputación das consecuencias derivadas do incumprimento das obrigas de mantemento, conservación ou durabilidade, cando tal incumprimento sexa imputable ao Concello e dea lugar a correccións financeiras e, en consecuencia, ao reintegro de fondos FEDER, incluída, de ser o caso, a devolución da parte proporcional do financiamento perdido.
- Prestar, de ser o caso, plena colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida polos órganos de control e fiscalización competentes, incluíndo a Intervención provincial, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, o Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión, a Intervención Xeral do Estado e a Comisión Europea.
- No caso de que os gastos incorridos polo Concello foran considerados subvencionables, levar unha contabilidade separada ou un sistema de codificación contable adecuado que permita identificar claramente os gastos e ingresos asociados ás actuacións do PAI; asumir a responsabilidade por calquera irregularidade no gasto imputable ao Concello, detectada no marco dos controis ou auditorías, de acordo coa normativa comunitaria e nacional aplicable; e respectar a normativa nacional ou da Unión Europea aplicable á execución e xestión das actuacións financiadas con FEDER 2021-2027.

Décimo segunda. Recepción de entrega das actuacións

Unha vez finalizadas as obras ou actuacións materiais executadas ao abeiro deste convenio, e considerando que o Concello é o destinatario final das mesmas, a súa recepción realizarase coa asistencia preceptiva dos representantes designados polo Concello beneficiario.

No propio acto de recepción formalizarase simultaneamente a entrega ao Concello. Desde a data do acto de recepción e entrega, o Concello asumirá a titularidade plena dos investimentos, quedando estes integrados no seu patrimonio e ámbito competencial, así como todos os gastos inherentes aos mesmos, entre os que se inclúen os de conservación, mantemento, explotación, aseguramento e vixilancia, así como calquera responsabilidade que puidese derivar do seu uso ou funcionamento.

No caso de incomparecencia inxustificada dos representantes designados polo Concello, o acto celebrarase igualmente, deixándose constancia expresa desta circunstancia na acta, entendéndose producidas a recepción e a entrega para todos os efectos xurídicos, sen necesidade de ulterior trámite nin aceptación expresa.

No caso das aplicacións ou solucións dixitais, a entrega formalizarase no mesmo acto mediante documento específico de cesión de titularidade ou de dereitos de uso, segundo proceda, que terá a mesma eficacia xurídica que a acta de recepción e entrega das actuacións materiais, producindo idénticos efectos de integración patrimonial e asunción de responsabilidades.

Décimo terceira. Información, comunicación e visibilidade FEDER.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

As partes comprométense a cumprir coas obrigas de información, comunicación e visibilidade establecidas nos artigos 47 e 50 e no Anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, así como no artigo 24 da Orde HAC/1072/2024, pola que se aproban as bases reguladoras da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados (EDIL).

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra, como entidade beneficiaria da senda financeira FEDER, a coordinación, planificación e seguimento das actuacións de información e comunicación do Plan de Actuación Integrado, así como a relación coa Autoridade de Xestión e o Organismo Intermedio de Xestión en materia de publicidade e visibilidade do financiamento europeo.

A Deputación designará unha persoa responsable de comunicación do PAI, que actuará como interlocutora coa Autoridade de Xestión e co Organismo Intermedio de Xestión e será responsable do rexistro, seguimento e acreditación das actuacións de comunicación a través do sistema INFOCO, ou da ferramenta que, no seu caso, determine a Autoridade de Xestión.

O Concello, como entidade colaboradora e ámbito territorial de execución das actuacións, comprométese a:

a) Colaborar coa Deputación na execución das accións de información e comunicación do PAI.
b) Facilitar, cando lle sexa requirido, información, contidos, datos e evidencias gráficas relativas ás actuacións executadas no seu termo municipal.
c) Garantir a correcta colocación e mantemento da cartelaría temporal e da sinalización permanente das actuacións, de acordo coas instrucións da Deputación e cos manuais de identidade gráfica aplicables ao FEDER.

O incumprimento das obrigas de información, comunicación e visibilidade poderá dar lugar á aplicación das correccións financeiras que resulten procedentes conforme á normativa FEDER. O Concello responderá fronte á Deputación das consecuencias derivadas dos incumprimentos que lle sexan imputables.

Décimo cuarta. Comisión de Seguimento e Control.

Para o seguimento deste convenio constituirase unha Comisión de Seguimento e Control a quen lle corresponderán as seguintes funcións:

- Informar puntualmente sobre todas as actuacións que se produzan na execución das actuacións incluídas do PAI.
- Coordinar ás administracións asinantes na execución das operacións e no financiamento das mesmas, ditando as instrucións oportunas.
- Resolver calquera dúbida que presente a interpretación do convenio.
- Emitir informes en relación con cantas incidencias se produzan na execución das actuacións ás que este convenio se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación cos cuestións referidas nos seus informes.

A Comisión de Seguimento e Control do presente convenio estará conformado polos Alcaldes de Baiona, Nigrán e Gondomar e o Deputado de Fondos Europeos, que poderán estar asistidos por persoal técnico.

A citada comisión reunirase a petición de calquera dos seus membros, sempre que o estimen

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

oportuno. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra ou no lugar que acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase á persoa que asumirá a secretaría, quen levantará acta das reunións.

Décimo quinta. Vixencia do convenio.

Este convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do PAI, o 31 de decembro de 2029. Non obstante, este convenio manterá a súa vixencia até o cumprimento de todas as obrigas de xustificación, auditoría e durabilidade das operacións establecidas pola normativa FEDER.

No caso de que a Autoridade de Xestión conceda a ampliación do prazo máis alá do 31 de decembro de 2029 para o remate da realización e xustificación das actuacións, tramitarase a correspondente addenda.

Décimo sexta. **Extinción do convenio.**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1) O transcurso do prazo máximo de vixencia.
2) O acordo unánime dos asinantes.
3) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.

   Neste caso, notificaráselle á parte que incumpra o requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou cos compromisos que se consideran incumpridos.

   Este requirimento comunicaráselle tamén á persoa responsable da Comisión de Seguimento e Coordinación.

   Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralle á outra parte a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio.

   A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar á indemnización dos prexuízos causados.
4) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo sétima. Confidencialidade da información e protección de datos.

As partes comprométense ao intercambio dos datos, información e documentación necesarios para o correcto desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio, garantindo en todo caso a confidencialidade daquela información que, pola súa natureza, así o requira.

A información facilitada no marco deste convenio quedará limitada ao ámbito da relación entre as partes asinantes e ao persoal técnico que interveña na súa execución, quen estará obrigado a manter a debida confidencialidade. Esta obriga manterase vixente con carácter indefinido, con independencia da duración ou extinción do convenio.

A información e documentación intercambiada seguirá sendo propiedade das respectivas partes, non podendo ser utilizada para fins distintos dos derivados da execución do presente convenio nin comunicada a terceiros sen autorización expresa da parte titular, salvo nos supostos legalmente previstos.

As actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio e que impliquen o tratamento de datos

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

de carácter persoal axustaranse ao disposto na normativa vixente en materia de protección de datos, en particular no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na normativa estatal que o desenvolve, adoptando as partes as medidas necesarias para garantir a seguridade e confidencialidade dos devanditos datos.

As partes poderán dar publicidade á existencia do presente convenio nos termos que, de mutuo acordo, se determinen, respectando en todo caso o disposto nesta cláusula.

Décimo oitava. Compatibilidade con outras subvencións.

As achegas económicas previstas no presente convenio, en canto destinadas á cofinanciación das actuacións incluídas no PAI, deberán respectar o réxime de compatibilidade coas axudas públicas establecido na normativa nacional e da Unión Europea, non podendo, en ningún caso, dar lugar a unha situación de dobre financiamento, especialmente con fondos da Unión Europea.

Décimo novena. Normativa aplicable.

O presente convenio articula un mecanismo de colaboración interadministrativa para a execución dun proxecto de interese común cofinanciado con fondos FEDER, no que a Deputación Provincial de Pontevedra actúa como entidade beneficiaria e xestora da axuda europea.

No ámbito das relacións internas entre as administracións asinantes, o importe das achegas con cargo ao orzamento da Deputación Provincial teñen natureza de subvención interadministrativa en especie, ao financiar a execución de actuacións cuxo beneficiario final é o Concello.

A devandita subvención concédese de forma directa (nominativa) ao abeiro do disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, por concorrer razóns de interese público, económico e social derivadas da execución dun proxecto singular vinculado a un programa de financiamento europeo e articulado mediante o presente convenio.

A eficacia do presente acordo no que respecta á concesión e elexibilidade da subvención correspondente ás anualidades futuras queda expresamente condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial. A tal efecto, a consignación anual que corresponda preverase no orzamento de cada exercicio, ben como consignación inicial ou mediante a tramitación de modificación orzamentaria financiada con Remanente de Tesourería.

A concesión da subvención provincial rexerase polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006 que resulten de aplicación; polos pactos contidos no presente convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das administracións asinantes e, con carácter supletorio, polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Así mesmo, ao tratarse dun proxecto cofinanciado aprobado no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2021-2027, no ámbito da execución e xestión de fondos europeos, o presente convenio queda suxeito á normativa da Unión Europea e estatal aplicable, e en particular á seguinte:

- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras aplicables aos devanditos fondos e a outros instrumentos da Unión.

- Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.
- Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do Desenvolvemento Urbano Sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Resolución do 23 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Fondos Europeos pola que se aproba a Convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.
- Resolución do 16 de xaneiro de 2026 da Dirección Xeral de Fondos europeos pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.

Vixésima. Resolución de conflitos.

O Concello e a Deputación de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puidesen resolverse a través da Comisión de Seguimento e Control, será competente a xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba do anterior, as partes que interveñen asinan este convenio no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O alcalde do
Concello de Baiona

Asdo.: Jesús Vázquez Almuíña

O presidente da
Deputación de Pontevedra

Asdo.: Luis López Diéguez

O secretario da
Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

ANEXO I. CADRO DE PREVISIÓN ECONÓMICA E PLANIFICACIÓN FINANCEIRA DAS ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO PAI PRESENTADO VAL MIÑOR 15 MINUTOS.

COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	ORZAMENTO PRESENTADO PAI	COFINANCIACIÓN FEDER (60%)	COFINANCIACIÓN ENTIDADE BENEFICIARIA (40%)
1.1	Eixo cívico e carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán	1.100.000,00 €	660.000,00 €	440.000,00 €
1.2	Senda ciclopeatonal del río Muiños, Porto do Molle-Playa América	Nigrán	300.000,00 €	180.000,00 €	120.000,00 €
1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona	446.000,00 €	267.600,00 €	178.400,00 €
1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán	865.000,00 €	519.000,00 €	346.000,00 €
1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar	673.849,00 €	404.309,40 €	269.539,60 €
1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF	90.000,00 €	54.000,00 €	36.000,00 €
1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF	600.000,00 €	360.000,00 €	240.000,00 €
1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00 €	54.000,00 €	36.000,00 €
2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	1.300.000,00 €	780.000,00 €	520.000,00 €
2.2	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor, en Baiona.	AUF	335.000,00 €	201.000,00 €	134.000,00 €
2.3	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor, en Nigrán.	AUF	150.000,00 €	90.000,00 €	60.000,00 €
3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	450.000,00 €	270.000,00 €	180.000,00 €
3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar	1.652.500,00 €	991.500,00 €	661.000,00 €
3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00 €	148.380,00 €	98.920,00 €
3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	90.000,00 €	54.000,00 €	36.000,00 €
4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona	200.000,00 €	120.000,00 €	80.000,00 €
4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00 €	176.460,00 €	117.640,00 €
4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF	90.000,00 €	54.000,00 €	36.000,00 €
5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87 €	119.267,92 €	79.511,95 €
5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona	481.471,13 €	288.882,68 €	192.588,45 €
5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00 €	207.600,00 €	138.400,00 €
			10.000.000,00 €	**6.000.000,00 €**	**4.000.000,00 €**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

ANEXO II. CADRO DE PREVISIÓN ECONÓMICA E PLANIFICACIÓN FINANCEIRA DAS ACTUACIÓNS PRIORIZADAS NO MARCO DO PAI ACORDE Á SENDA FINANCEIRA APROBADA.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	1. ORZAMENTO TOTAL	2.ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	3. AXUDA FEDER (60% de (2))	4. COFINANCIACIÓN DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (20% de (2))	5. COFINANCIACIÓN MUNICIPAL (20% de (2))	6. ACHEGA MUNICIPAL ADICIONAL (1)-(2)
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.1	Eje cívico y carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán						
	1.2	Senda ciclopeatonal del río Muiños, Porto do Molle-Playa América	Nigrán	450.000,00 €	450.000,00 €	270.000,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €	
	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona	446.000,00 €	446.000,00 €	267.600,00 €	89.200,00 €	89.200,00 €	
	1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán	1.015.000,00 €	1.015.000,00 €	609.000,00 €	203.000,00 €	203.000,00 €	
	1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar						
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF	90.000,00 €	90.000,00 €	54.000,00 €	18.000,00 €	18.000,00 €	
	1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF						
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00 €	90.000,00 €	54.000,00 €	18.000,00 €	18.000,00 €	
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	1.500.000,00 €	1.385.000,00 €	831.000,00 €	277.000,00 €	277.000,00 €	115.000,00 €
	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	400.000,00 €	400.000,00 €	240.000,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	600.000,00 €	600.000,00 €	360.000,00 €	120.000,00 €	120.000,00 €	
	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar	1.652.500,00 €	1.652.500,00 €	991.500,00 €	330.500,00 €	330.500,00 €	
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00 €	247.300,00 €	148.380,00 €	49.460,00 €	49.460,00 €	
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	60.573,13 €	60.573,13 €	36.343,88 €	12.114,63 €	12.114,63 €	
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona						
	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00 €	294.100,00 €	176.460,00 €	58.820,00 €	58.820,00 €	
	4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF						
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87 €	198.779,87 €	119.267,92 €	39.755,97 €	39.755,97 €	
	5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona						
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00 €	346.000,00 €	207.600,00 €	69.200,00 €	69.200,00 €	
				7.390.253,00 €	**7.275.253,00 €**	**4.365.151,80 €**	**1.455.050,60 €**	**1.455.050,60 €**	**115.000,00 €**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

ANEXO III.A PLANIFICACIÓN DE EXECUCIÓN FINANCEIRA: PREVISIÓN DE GASTO EXECUTADO E PAGADO POR ACTUACIÓNS E POR ANUALIDADES.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	2026	2027	2028	2029	TOTAL
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.1	Eje cívico y carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán					
	1.2	Senda ciclopeatonal del río Muiños, Porto do Molle-Playa América	Nigrán			225.000,00 €	225.000,00 €	450.000,00
	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona			223.000,00 €	223.000,00 €	446.000,00
	1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán			507.500,00 €	507.500,00 €	1.015.000,00
	1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar					
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF				90.000,00	90.000,00
	1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF					
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00 €				90.000,00
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	750.000,00 €	750.000,00 €			1.500.000,00
	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	15.000,00	385.000,00 €			400.000,00
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	300.000,00 €	300.000,00 €			600.000,00
	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar		826.250,00 €	826.250,00 €		1.652.500,00
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00 €				247.300,00
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	60.573,13 €				60.573,13
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona					
	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00 €				294.100,00
	4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF					
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87 €				198.779,87
	5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona					
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00 €				346.000,00
				2.301.753,00	**2.261.250,00**	**1.781.750,00**	**1.045.500,00**	**7.390.253,00**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

ANEXO III.B PREVISIÓN DE PLANIFICACIÓN DE ORZAMENTO CONSIGNADO POR ACTUACIÓNS E POR ANUALIDADES.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	2026	2027	2028	2029	Total
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.1	Eje cívico y carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán					
	1.2	Senda ciclopeatonal del río Muiños, Porto do Molle-Playa América	Nigrán			450.000,00		450.000,00
	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona			446.000,00		446.000,00
	1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán			1.015.000,00		1.015.000,00
	1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar					
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF			90.000,00		90.000,00
	1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF					
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00				90.000,00
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	1.500.000,00				1.500.000,00
	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	15.000,00	385.000,00			400.000,00
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	600.000,00				600.000,00
	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar		1.652.500,00			1.652.500,00
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00				247.300,00
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	60.573,13				60.573,13
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona					
	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00				294.100,00
	4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF					
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87				198.779,87
	5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona					
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00				346.000,00
				3.351.753,00 €	**2.037.500,00 €**	**2.001.000,00 €**		**7.390.253,00 €**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

ANEXO IV. CADRO DE PREVISIÓN ECONÓMICA E PLANIFICACIÓN FINANCEIRA DO ORZAMENTO DAS ACTUACIÓNS A DESENVOLVER NO CONCELLO DE BAIONA E NA TOTALIDADE DA AUF DO VAL MIÑOR. FINANCIAMENTO E ACHEGAS NECESARIAS.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	1. ORZAMENTO TOTAL	2.ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	3. AXUDA FEDER (60% de (2))	4. COFINANCIACIÓN DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (20% de (2))	5. COFINANCIACIÓN MUNICIPAL (20% de (2))	6. ACHEGA MUNICIPAL ADICIONAL (1)-(2)	7. ACHEGA MUNICIPAL TOTAL
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona	446.000,00 €	446.000,00 €	267.600,00 €	89.200,00 €	89.200,00 €		89.200,00 €
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista*	AUF	30.000,00 €	30.000,00 €	18.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €		6.000,00 €
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor*	AUF	30.000,00 €	30.000,00 €	18.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €		6.000,00 €
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	1.500.000,00 €	1.385.000,00 €	831.000,00 €	277.000,00 €	277.000,00 €	115.000,00 €	392.000,00 €
	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor*	AUF	133.333,33 €	133.333,33 €	80.000,00 €	26.666,67 €	26.666,67 €		26.666,67 €
03. ECOSISTEMA CULTURAL	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.*	AUF	20.191,04 €	20.191,04 €	12.114,63 €	4.038,21 €	4.038,21 €		4.038,21 €
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87 €	198.779,87 €	119.267,92 €	39.755,97 €	39.755,97 €		39.755,97 €
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00 €	346.000,00 €	207.600,00 €	69.200,00 €	69.200,00 €		69.200,00 €
				2.704.304,25 €	**2.589.304,25 €**	**1.553.582,55 €**	**517.860,85 €**	**517.860,85 €**	**115.000,00 €**	**632.860,85 €**

*As actuacións referidas a AUF benefician ao conxunto dos tres concellos e a súa cofinanciación é asumida polos concellos a partes iguais, de tal forma que no orzamento do concello se recolle unha terceira parte do orzamento total das mesmas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

ANEXO V.A PLANIFICACIÓN DE EXECUCIÓN FINANCEIRA: PREVISIÓN DE GASTO EXECUTADO E PAGADO POR ACTUACIÓNS E POR ANUALIDADES NO CONCELLO.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	2026	2027	2028	2029	TOTAL
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona			223.000,00 €	223.000,00 €	446.000,00
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF				30.000,00	30.000,00
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	30.000,00 €				30.000,00
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	750.000,00 €	750.000,00 €			1.500.000,00
	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	5.000,00	128.333,33 €			133.333,33
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	20.191,04 €				20.191,04
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87 €				198.779,87
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00 €				346.000,00
				1.349.970,91	**878.333,33**	**223.000,00**	**253.000,00**	**2.704.304,25**

*As actuacións referidas a AUF benefician ao conxunto dos tres concellos e a súa cofinanciación é asumida polos concellos a partes iguais, de tal forma que no orzamento do concello se recolle unha terceira parte do orzamento total das mesmas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

ANEXO V.B PLANIFICACIÓN DE ORZAMENTO CONSIGNADO POR ACTUACIÓNS E POR ANUALIDADES NO CONCELLO.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓNS	ÁMBITO	2026	2027	2028	2029	Total
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona			446.000,00		446.000,00
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF			30.000,00		30.000,00
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	30.000,00				30.000,00
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ecolóxicas no Parque da Palma e Paseo Ribeira, en Baiona.	Baiona	1.500.000,00				1.500.000,00
	2.2/ 2.3.	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor	AUF	5.000,00	128.333,33			133.333,33
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	20.191,04				20.191,04
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87				198.779,87
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00				346.000,00
				2.099.970,91 €	128.333,33 €	476.000,00 €		2.704.304,25 €

*As actuacións referidas a AUF benefician ao conxunto dos tres concellos e a súa cofinanciación é asumida polos concellos a partes iguais, de tal forma que no orzamento do concello se recolle unha terceira parte do orzamento total das mesmas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

ANEXO VI. GLOSARIO.

- Orzamento total: Importe total do investimento previsto para a execución das actuacións incluídas no PAI, con independencia da súa cobertura financeira inicial.
- Orzamento subvencionable: Importe do investimento que, de conformidade coa resolución definitiva da convocatoria, constitúe a base de cálculo da axuda FEDER asignada ao PAI.
- Axuda FEDER: o importe máximo da achega do FEDER, equivalente á taxa de cofinanciación aplicable sobre o orzamento subvencionable aprobado, neste caso o 60%.
- Cofinanciación da Deputación Provincial: Achega da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente á parte do investimento público subvencionable aprobado non cuberta pola axuda FEDER.
- Cofinanciación municipal: Achega do Concello correspondente á parte do investimento público subvencionable aprobado non cuberta pola axuda FEDER.
- Achega municipal adicional: Achega do Concello destinada a cubrir a diferenza existente entre o orzamento total do proxecto e o orzamento subvencionable aprobado, derivada da insuficiencia inicial da senda financeira FEDER.
- Achega municipal total: a suma da cofinanciación municipal e da achega municipal adicional.

Visto o informe favorable da Intervención de data 17/03/2026 (CSV: 6JC8A4T9MEFKC3BC) e o informe da Secretaría de data 17/03/2026 (CSV: YY7EKGA0V9Q8U5RX).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital celebrada o día 20/03/2026.

Por todo o exposto, en aplicación da base 16.3 das aprobadas para a execución do orzamento, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar o Convenio de colaboración co Concello de Baiona necesario para a execución do "PAI Val Miñor 15 Minutos", no que se recollen, entre outras cuestións, as actuacións a desenvolver, o detalle das achegas económicas das partes, os mecanismos de compensación, axuste e

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

liquidación, así como o réxime de obrigas e compromisos derivados da normativa FEDER aplicable.

Segundo. Facultar expresamente ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra para formalizar e asinar o Convenio de colaboración co Concello de Baiona.

18.8629.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO CONSTRUTIVO "VARIANTE NA EP-0503 ENTRE O PQ 1+060 AO PQ 2+300 (CONCELLO DE MORAÑA). EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PROXECTO (EXPTE. 2026011207)**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/0BoPgcYiHPTsI6LtLrKqYI0KBd0QWi3NS6h7bAO1UbVfsjhE

Antecedentes.

No exercicio das súas atribucións, a Deputación de Pontevedra ten como obxectivo a salvagarda da seguridade das persoas e a mellora da mobilidade peonil. Con este obxectivo proponse a eliminación do tráfico de tránsito na EP-0503 ao seu paso polo núcleo de Rebón no Concello de Moraña.

A actuación principal consistirá na apertura dun novo treito da estrada entre os puntos quilométricos 1+060 e 2+300 consistente nun vial de dous carrís con dobre sentido de circulación, de ancho 3 m, beiravías de ancho mínimo 0,50 m, e cuneta transitable de 1,25 m de ancho; e camiños para dar servizo os predios lindeiros cun ancho total de 2 m.

O orzamento das obras proxectadas ascende a un millón seiscentos doce mil seiscentos oitenta e nove euros con once céntimos (1.612.689,11€).

Unha vez levada a cabo a tramitación das autorizacións sectoriais correspondentes, así como o informe de supervisión por parte do Servizo de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Infraestruturas e Vías Provinciais, procédese ao trámite da aprobación do proxecto segundo o disposto na normativa vixente.

Os terreos necesarios para realizar a obra xa foron obxecto de expropiación, polo que a titularidade dos mesmos é da Deputación de Pontevedra.

Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto das obras con Código Seguro de Verificación (CSV: OUD4DR5E79R83UNM) redactado polo enxeñeiro José P. Gosende Tuñas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

– Informe de supervisión favorable, con Código Seguro de Verificación (CSV: JF29WDCJ8YT9I3UZ), de data 4 de marzo de 2026.

3ª.- Información pública – Prazo de exposición pública e informe das administracións territoriais afectadas.

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG), e artigos 44 a 57 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, modificado polo Decreto 51/2023 (RXEG).

Con respecto á información pública, regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG, 49.1 e 49.2 do RXEG. Son preceptivos -información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 do RXEG: "1. Será preceptivo o sometemento dos estudos informativos ou, se é o caso, dos anteproxectos ou proxectos que asuman a súa función, segundo o previsto na lexislación de estradas de Galicia, aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal".

Tamén serán preceptivos os trámites de información pública e informe das administracións afectadas nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.2 do RXEG:

"2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:

a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia".

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto xa que se trata da construción dun novo treito de estrada que non está prevista no planeamento urbanístico municipal e ademais é necesario o sometemento do proxecto ó trámite de avaliación ambiental simplificada de proxectos segundo a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.

Con respecto á tramitación da información pública, se temos en conta o establecido no artigo 50 do RXEG establécese que: "O trámite de información pública en materia de estradas levarase a cabo durante un prazo mínimo de trinta (30) días hábiles, ampliable a xuízo da Administración promotora da actuación mediante un anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, nos taboleiros de anuncios dos concellos afectados e, como mínimo, en dous medios de comunicación de entre os de máis difusión no ámbito da actuación (artigo 21.2 LEG)".

De acordo co disposto no artigo 51 do RXEG, os estudos e proxectos sometidos ao trámite de información pública en materia de estradas tamén se someterán ao informe, en materia de estradas, das administracións territoriais afectadas polo ámbito da actuación para que, nun prazo de trinta (30) días hábiles, examinen se o trazado proposto é o máis adecuado para os seus intereses e informen sobre ese aspecto. Transcorrido ese prazo sen que as administracións consultadas emitisen o citado informe, entenderase que amosan a súa conformidade co trazado proposto (artigo 21.3 LEG).

4ª Aprobación do proxecto.
Con respecto á aprobación do proxecto, o artigo 59 e seguintes do RXEG establecen que:
Artigo 59. Eficacia dos estudos e proxectos de estradas.
1. Os estudos e proxectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos de interese

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

autonómico, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio, sen que sexa precisa unha declaración previa de interese autonómico por parte do Consello da Xunta de Galicia (artigo 23.1 LEG).
2. As determinacións contidas nos estudos e proxectos de estradas que teñan a consideración de proxectos de interese autonómico terán forza vinculante para as administracións públicas e para as persoas particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente.

As entidades locais nas que se asenten as infraestruturas obxecto do estudo ou proxecto de estradas deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido naquel, para o que se establecerán nel as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano desde esa data e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión, agás no caso de que o propio estudo ou proxecto de estradas precise un momento ou uns prazos diferentes para levar a cabo a adaptación das ditas determinacións (artigo 23.1 LEG).

Ao respecto, a Secretaría Xeral emitiu informe en data 12 de marzo de 2026 indicando que non era preceptivo que emitise informe, e o Servizo de Intervención emitiu informe favorable en data 16 de marzo de 2026.

5ª. Órgano competente.
A competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), estímase que reside no Pleno de conformidade co art. 54 do RXEG. Non se atopou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Tomando en consideración o exposto, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de "Variante na EP-0503 entre o PQ 1+060 ao PQ 2+300. Concello de Moraña" cun orzamento de un millón seiscentos doce mil seiscentos oitenta e nove euros con once

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

céntimos (1.612.689,11€), debendo imputarse á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.

Segundo.- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio na sede electrónica da Deputación de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia, no Taboleiro de anuncios do Concello de Moraña e en dous diarios dos de maior circulación da provincia para os efectos de reclamacións polo prazo de trinta días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita consideración de proxecto de interese autonómico, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio.

Terceiro.- Someter o presente proxecto a informe das administracións territoriais afectadas polo ámbito de actuación polo prazo de trinta días hábiles. Transcorrido ese prazo sen que as administracións consultadas emitisen o citado informe, entenderase que amosan a súa conformidade co trazado proposto.

19.8630.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A QUE ADOPTE DE INMEDIATO MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA EVITAR O IMPACTO DO INCREMENTO DE CUSTOS ENERXÉTICOS QUE ESTÁ A PRODUCIRSE NAS ACTIVIDADES DO SECTOR PRIMARIO (EXPTE. 2026019277)**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/z5oLIq0e2xW4kAPaoYtcfwe81FoBkjwn6C727Sax21y9ihez

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para instar ao Goberno de España a que adopte de inmediato medidas extraordinarias para evitar o impacto do

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

incremento de custos enerxéticos que está a producirse nas actividades do sector primario, cuxo texto é o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector primario constitúe un piar fundamental da economía galega, tanto pola súa contribución á produción de alimentos como polo seu papel esencial na vertebración territorial, na fixación de poboación no medio rural e no mantemento de actividades económicas estratéxicas como son a agricultura, a gandaría e a pesca.

A escalada do conflito armado en Oriente Medio está a xerar importantes consecuencias económicas a escala global, especialmente nos mercados enerxéticos. O encarecemento do petróleo e da enerxía está a provocar un efecto directo sobre numerosos sectores produtivos, incrementando de maneira notable os custos de produción. O sector primario está a ser un dos máis afectados por esta situación, debido á súa elevada dependencia da enerxía e polo incremento de custos.

As organizacións profesionais destes sectores advertiron de que o encarecemento do combustible, especialmente do gasóleo agrícola e pesqueiro, está a disparar os custos de produción.
No caso do campo, segundo estimacións do sector, tanto o gasóleo agrícola como os fertilizantes supoñen xa, no conxunto de España, máis de 41 millóns de euros adicionais cada semana. Este incremento prodúcese, ademais, en plena campaña de abonado e de cultivo, un dos momentos do ano nos que o consumo de fertilizantes é maior, o que multiplica o impacto económico sobre as explotacións agrarias.

Por outra banda, o sector pesqueiro tamén se ve gravemente afectado, xa que o incremento do gasóleo pesqueiro repercute directamente nos custos de explotación da frota, reducindo a rendibilidade dunha actividade esencial para comunidades como a nosa, onde a pesca constitúe un dos piares económicos e sociais nos concellos do litoral.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

A gravidade de ambas situacións prodúcese ademais nun contexto no que agricultores, gandeiros e pescadores teñen unha capacidade moi limitada para trasladar estes incrementos de custos ao prezo final dos alimentos, o que pon en risco a viabilidade de moitas explotacións.

A pesar da magnitude do problema e das advertencias trasladadas polas organizacións agrarias e pesqueiras, ata o momento non se presentou un plan específico por parte do Goberno de España destinado a minimizar o impacto inmediato desta crise internacional sobre os custos de produción do sector primario.

Calquera medida que o Goberno central adopte para paliar as consecuencias que o conflito de Oriente Medio está a provocar na economía das familias e das empresas galegas será unha boa nova, pero haberá que agardar a ver se se aproba finalmente no Consello de Ministros para coñecer a súa dimensión e alcance real. Ademais, ese paquete de medidas debería estar consensuado coas comunidades autónomas, tal e como xa reclamou a Xunta de Galicia logo do encontro celebrado cos clústeres dos sectores máis prexudicados polo conflito.

Polo que dende o PP de Pontevedra reiteramos que é completamente necesario adoptar medidas urxentes de carácter fiscal e económico para aliviar o impacto da suba de prezos sobre os sectores produtivos, como poden ser, impulsar rebaixas fiscais no IRPF, reducións do IVE da enerxía e a eliminación de determinados impostos enerxéticos, co obxectivo de reducir, aínda que sexa temporalmente, a presión económica derivada da actual crise enerxética.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1. Instar ao Goberno de España que adopte de inmediato medidas extraordinarias para evitar o impacto do incremento de custes enerxéticos,

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

derivado do conflito en Oriente Medio, que está a producirse nas actividades do sector primario galego: agricultura, gandería e pesca.

2. Solicitar axudas directas extraordinarias para agricultores, gandeiros e pescadores destinados a compensar o incremento do gasóleo agrario e pesqueiro, bonificacións ou reducións fiscais e liñas de financiamento preferente e avais públicos para explotacións agrarias, gandeiras e pesqueiras afectadas polo aumento de custos.

3. Instar á Xunta de Galicia a complementar, no ámbito das súas competencias, estas medidas mediante apoios específicos destinados a garantir a viabilidade das explotacións agrarias, gandeiras e pesqueiras do sector primario galego."

20.8631.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) DE APOIO AO "NON Á GUERRA" DO GOBERNO DE ESPAÑA E DE DEFENSA DO DEREITO INTERNACIONAL (EXPTE. 2026019308)**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/o9nf7UxALExmtZzkmNRpwROKvydXrfbV35K2r688viHq2idb

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e coas abstencións do PP e do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) de apoio ao "Non á guerra" do Goberno de España e de defensa do dereito internacional, cuxo contido é o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A guerra que os presidentes de Estados Unidos e Israel veñen de desatar en Irán está a demostrar, en moi pouco tempo, que as bombas, lonxe de solucionar os problemas, só contribúen a agravalos e a crear outros novos. Con todo, o peor das guerras é a crueldade e a dor que carrexan.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

A guerra de Irán, como antes a de Gaza e antes a de Ucraína, chega agravada polo desprezo radical do dereito internacional, ou o que é o mesmo, polo desprezo polo multilateralismo e pola Carta das Nacións Unidas. Un conflito innecesario e que só responde aos afáns belicistas de Netanyahu e Trump.

Nun mundo á deriva, no que o dereito internacional é substituído pola lei do máis forte, o presidente do Goberno de España, Pedro Sànchez, alzouse como unha das poucas voces en defender a paz e o multilateralismo, sempre no marco da ONU. Unha voz valente que, pouco a pouco, é seguida por máis e máis líderes e que, ademais, ten despertado unha profunda onda de simpatía polo noso país en todo o mundo.

Nos tres grandes conflitos armados xurdidos nos últimos anos, o Goberno de España estivo sempre no lado correcto da historia: tanto coa guerra de Ucraína, como na de Gaza, como agora na de Irán, España sempre foi unha referencia en defensa dos valores que definen o dereito internacional. Unha posición que, ademais, viuse reforzada pola negativa do Goberno español a someterse ao ditado caprichoso de Donald Trump para impoñernos unha suba do gasto militar ata o 5% do PIB.

Coa memoria da guerra de Iraq aínda recente, pragada de mentiras sobre as armas de destrucción masiva e aínda máis mentiras sobre os terribles atentados do 11M, un dos episodios máis vergoñentos da nosa democracia, escoitar do Goberno de España un claro "NO A LA GUERRA" fainos sentir orgullosos e orgullosas de ser españolas e españois e de que o mundo enteiro nos vexa como unha referencia.

O Goberno de España non só dixo non a esta guerra terrible e inqualificable, senón que tamén foi coherente criticando ao terrible réxime dos ayatolás, igual que no seu día criticou os atentados de Hamás. E tamén deixou claro sempre o seu apoio ás mulleres iranís, sometidas pola tiranía dun Goberno inxusto e represor. Pero nada disto arréglase a bombazos, porque nunca antes na nosa historia recente a democracia e o progreso teñen chegado a ningún país deste xeito. E menos cunha guerra que comezou co crime que supón ter asasinado a máis dun cento de nenas co impacto dun mísil Tomahawk americano.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Finalmente, non podemos deixar pasar que o Goberno de España xa avanzou que, ao igual que sucedeu coa guerra de Ucraína, o conflito armado en Irán ía ter graves repercusións nos petos da cidadanía, porque a alza nos prezos do petróleo ía arrastrar ao resto da economía, comezando polo sector da alimentación. Afortunadamente, España demostrou habilidade para combater a onda inflacionaria da guerra de Ucraína e agora, coa experiencia acumulada, volverá demostralo. Non en van somos o país de Europa que máis crecemento económico está a rexistrar dende a pandemia.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes acordos:

1. Comunicar á Presidencia do Goberno de España o noso apoio ao "NON Á GUERRA", así como defender o multilateralismo, o respecto polo Dereito internacional e a Carta das Nacións Unidas.

2. Adherirse a cantas iniciativas e propostas que cheguen a esta Deputación para rexeitar a guerra en Irán."

21.8632.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) SOBRE A GRAVE SITUACIÓN DOS PLANS DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E O RISCO DE PERDA DE MÁIS DE 3,5 MILLÓNS DE EUROS DE FONDOS EUROPEOS (EXPTE. 2026019918)**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/V9vXNyAWzsDYG0VQTJjX9MRewPDBh2e6odrUDWTjeCSzPzz0

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente acorda por maioría de votos en contra do PP, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) sobre a grave situación dos plans de sostibilidade turística en destino na provincia de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Pontevedra e o risco de perda de máis de 3,5 millóns de euros de fondos europeos.

22.8633.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) POLO REXEITAMENTO DA INSTALACIÓN DOS PARQUES EÓLICOS NA SERRA DA GROBA, DAS SÚAS LIÑAS DE EVACUACIÓN E DA AFECTACIÓN AOS CONCELLOS DE OIA, BAIONA E GONDOMAR (EXPTE. 2026019341)**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/zAb2sjeOWSw4h7rQBLwoD1s22r10meBOsHKavdP3fs1sVT4l

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP (co voto de calidade do Presidente) e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG), polo rexeitamento da instalación dos parques eólicos na Serra da Groba, das súas liñas de evacuación e da afectación aos concellos de Oia, Baiona e Gondomar.

23.8634.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/1G8lbOGKy2Ep6EyKkZdkGj7J1WgyrTK3x9FP8smXmHDBqIm0

Non houbo.

b) Parte de información e control:

24.8635.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE FEBREIRO DE 2026 (EXPTES. 2026018934-2026014764)**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Up31XGHzRlampXDjWXz9Nw1YFSBMzQkMEDqPQSCo7Imz8WqD

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de febreiro de 2026, asinado pola Viceinterventora e polo xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría con data 5 de marzo de 2026, onde se deixa constancia do seguinte:

"A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de febreiro de 2026 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES FEBREIRO 2026

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Febreiro	17,1300000000	6.214.443,34	7,8400000000	1.525.376,02	**15,2991118918**
Escola de Enfermería	Febreiro	1,2100000000	2.325,20	0,0000000000	0,00	**1,2100000000**
Consorcio de Incendios e Salvamento	Febreiro	4,7100000000	30.643,80	0,0000000000	0,00	**4,7100000000**
Consorcio Deza Tabeirós	Febreiro	6,5900000000	10.794,22	0,0000000000	0,00	**6,5900000000**
TOTAL			**6.258.206,56**		**1.525.376,02**	**15,2411361852**

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto."

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 20 de marzo de 2026 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de febreiro de 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de febreiro de 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

25.8636.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/eqIkB8q2lRC5tKavsciFxaklnvru7WcOhPH6rTymOVSF4Jpv

Queda enterado o Pleno das seguintes:

a) Relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente do mes de febreiro de 2026.

b) Relación de extractos de Resolucións do ORAL do mes de febreiro de 2026.

26.8637.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/bhh8GKlIo5lpzD3sBR0rF8ifCriYSZRRsVxrfXcd9yHTp4Lz

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas. ¿Non sei se hai? Si ten. Empezamos polo Grupo Socialista, deputado Gregorio Luis Agís Gómez.

Sr. Agís Gómez.- Si, é un rogo Presidente. En referencia á estrada provincial EP-0002 do Marco - Tomeza, as actuacións seguen sen rematar e o mal estado da vía continúa a xerar queixas na veciñanza. En outubro do 25 denunciaron publicamente nos medios de comunicación as molestias, os problemas de seguridade que xera tanto para a veciñanza como para os veciños da zona, como para o tráfico rodado e, e por iso rogamos, rogamos que o Goberno da Deputación adopte medidas de inmediato, para garantir a seguridade viaria e para rematar dunha vez por todas a estrada EP-0002 do Marco – Tomeza.

Sr. Presidente.- Ten agora o Bloque Nacionalista Galego, María.

Sra. Rodríguez Pumar.- Ah!, perdón. Quería reiterar dous rogos que xa fixen

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

no seu momento, que se refiren a dúas estradas da Deputación no Concello de Gondomar. Unha é na EP-2302, que é o remate dunhas beirarrúas que, eu xa sei o que me contestaron na vez pasada pero sigo reiterando que están sen rematar, e simplemente eso completalas porque agora mesmo se dá unha situación de risco para os peóns. I tamén no caso da EP-2301 Gondomar-Peitieiros para que se completen as estradas, as beirarrúas que hai no quilómetro que aproximadamente queda por facer ata Gondomar. Nada máis.

Sr. Presidente.- Ben, non habendo máis rogos e preguntas, agradecer a asistencia a este Pleno que damos por finalizado. Moitas gracias.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as catorce horas e trinta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 27 de marzo de 2026 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome "Pleno ordinario 27-marzo-2026", que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade -SHA512-
72c3ec5bc08464bf1f44afb69a59d6deaf309b887663c6a5f05a2f6200cc24bfefac
1179787bea673c541904a67b5526ce32bd3fb7d2235b09857e6f92e27f73
xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións.
O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa: https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=ODE1YzVlZWItN2FkYS00YzdkLTk0YjYtMmY4N2MwZjZiMWZj

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

- Minutaxe ----------

00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor; Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Castillo Amigo, Juan Pablo; Bouzós Barros, Paula; Martínez Chantada, Ricardo; Álvarez Carrero, Roberto José; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María Manuela; Ortega Iñarrea, María; Mosquera Lorenzo, César; Lomba Rodríguez, Beatriz.
00:01:32 - López Diéguez, Luis

00:01:57 : 1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 27 de febreiro.

00:02:09 : 2. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2026 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (Expte. 2026018924).

00:02:36 : 3. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2026 (Exptes. 2026018931-2026014887).
00:03:09 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:07:54 - López Diéguez, Luis
00:07:58 - Mosquera Lorenzo, César
00:13:26 - López Diéguez, Luis
00:13:31 - Iglesias González, Ana Laura
00:17:29 - López Diéguez, Luis
00:17:41 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:21:03 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:21:19 - Mosquera Lorenzo, César
00:24:32 - López Diéguez, Luis
00:24:44 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:26:39 - López Diéguez, Luis

00:27:03 : 4. Modificación das bases reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) (Exptes. 2025061321-2026021694).

00:27:15 : 5. Concesión de subvencións ao abeiro da convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) (Exptes.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

2025061321-2026021699).

00:28:35 : 6. Aceptación das novas garantías definitivas constituídas pola empresa ISS Facility Services, SAU e devolución das constituídas por Limpezas Cies, SL coa extinción da responsabilidade solidaria, nos lotes números 1, 3, 4 e 5 do contrato do servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación (Exptes. 2026018918-2025070305-2024059026).

00:29:06 : 7. Aprobación da prórroga extraordinaria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a execución da Axenda 2030 - Programa PON2030 (Exptes. 2023010533-2026021703).
00:29:24 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:29:53 - López Diéguez, Luis

00:30:17 : 8. Aprobación do proxecto técnico da actuación "Reforma e rehabilitación enerxética piscina municipal Concello de A Guarda" presentado polo Concello da Guarda ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria - Plan Extra e a modificación do acordo do Pleno de 07/03/2025, núm. 3.8370, de concesión de subvención (Exptes. 2024076577-2026021637).

00:30:52 : 9. Aprobación do proxecto técnico da actuación "Humanización da Rúa Antonio Facorro, dende EP-5003 ata a N-120 no Concello da Cañiza" presentado polo Concello da Cañiza ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria - Plan Extra e a modificación do acordo do Pleno de 07-03-2025, núm. 3.8370, de concesión da subvención (Exptes. 2024076712-2026021652).

00:31:14 : 10. Aprobación do proxecto técnico da actuación "Reurbanización da contorna de Santa Liberata" presentado polo Concello de Baiona ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria - Plan Extra e a modificación do acordo do Pleno de 07-03-2025, núm. 3.8370, de concesión de subvención (Exptes. 2024076982-2026021664).

00:31:36 : 11. Aprobación do proxecto técnico da actuación "Humanización prolongación Antonio Palacios" presentado polo Concello de Porriño ao abeiro do programa REACPON e a modificación do acordo do Pleno de 28-03-2025, núm. 8.8378, de concesión de subvención (Exptes. 2021040022-2026021708).

00:31:55 : 12. Aprobación do proxecto técnico da actuación "Humanización da Rúa Escola de Tiro Naval Janer e mellora da accesibilidade da Finca de Briz" presentado polo Concello de Marín ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria - Plan Extra (Exptes.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

2024077077-2026021729).

00:32:15 : 13. Aprobación do proxecto 0528_Chestnutcare_1_E: Estratexia innovadora transfronteiriza para a protección de castiñeiros ante desafíos climáticos e biolóxicos aprobado na sexta convocatoria do Programa de Cooperación Interreg VI A España-Portugal (POCTEC) 2021-2027, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (Expte. 2025013698).

00:32:44 : 14. Aceptación da senda FEDER concedida ao proxecto "Pai Val Miñor 15 minutos" no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER aos plans EDIL (programa operativo Plurirrexional de España 2021-2027) (Expte. 2025008285).
00:33:27 - Vázquez Almuíña, Jesús
00:35:54 - López Diéguez, Luis

00:36:28 : 15. Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Nigrán no marco do plan de actuación integrado Val Miñor 15 minutos, ao abeiro da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER aos plans EDIL (Programa Operativo Plurirrexional de España 2021-2027) (Expte. 2026014903).

00:36:46 : 16. Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Gondomar no marco do plan de actuación integrado Val Miñor 15 minutos, ao abeiro da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER aos plans EDIL (Programa Operativo Plurirrexional de España 2021-2027) (Expte. 2026014904).

00:37:10 : 17. Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Baiona no marco do plan de actuación integrado Val Miñor 15 minutos, ao abeiro da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER aos plans EDIL (Programa Operativo Plurirrexional de España 2021-2027) (Expte. 2026014905).

00:37:32 : 18. Aprobación inicial do proxecto construtivo "Variante na EP-0503 entre o PQ 1+060 ao PQ 2+300 (Concello de Moraña). Exposición pública do proxecto" (Expte. 2026011207).
00:37:50 - Cubela López, Jorge
00:39:53 - López Diéguez, Luis
00:39:57 - Mosquera Lorenzo, César
00:43:33 - López Diéguez, Luis
00:43:40 - Agís Gómez, Gregorio Luís

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

00:44:17 - López Diéguez, Luis
00:44:23 - Cubela López, Jorge
00:47:00 - López Diéguez, Luis
00:47:08 - Mosquera Lorenzo, César
00:50:26 - López Diéguez, Luis
00:50:32 - Agís Gómez, Gregorio Luís
00:52:37 - López Diéguez, Luis
00:52:43 - Cubela López, Jorge
00:54:26 - López Diéguez, Luis

00:54:55 : 19. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para instar ao Goberno de España a que adopte de inmediato medidas extraordinarias para evitar o impacto do incremento de custos enerxéticos que está a producirse nas actividades do sector primario (Expte. 2026019277).
00:55:18 - Cubela López, Jorge
00:59:49 - López Diéguez, Luis
01:00:01 - Iglesias González, Ana Laura
01:05:14 - López Diéguez, Luis
01:05:25 - Cubela López, Jorge
01:08:34 - López Diéguez, Luis
01:08:39 - Mosquera Lorenzo, César
01:10:17 - López Diéguez, Luis
01:10:23 - Iglesias González, Ana Laura
01:12:50 - López Diéguez, Luis

01:13:20 : 20. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) de apoio ao "non á guerra" do Goberno de España e de defensa do dereito internacional (Expte. 2026019308).
01:13:33 - Iglesias González, Ana Laura
01:17:55 - López Diéguez, Luis
01:18:02 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:23:07 - López Diéguez, Luis
01:23:12 - Cubela López, Jorge
01:28:20 - López Diéguez, Luis
01:28:29 - Iglesias González, Ana Laura
01:31:48 - López Diéguez, Luis
01:31:58 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:35:03 - López Diéguez, Luis
01:35:17 - Iglesias González, Ana Laura
01:37:15 - López Diéguez, Luis

01:38:04 : 21. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) sobre a grave situación dos Plans de Sostibilidade Turística en Destino na provincia de Pontevedra e o risco de perda de máis de 3,5

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/04/2026 15.57

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 20/04/2026 14:55

millóns de euros de fondos europeos (Expte. 2026019918).
01:38:25 - Iglesias González, Ana Laura
01:43:31 - López Diéguez, Luis
01:43:40 - Vázquez Almuíña, Jesús
01:48:51 - López Diéguez, Luis
01:48:55 - Iglesias González, Ana Laura
01:52:04 - López Diéguez, Luis
01:52:15 - Vázquez Almuíña, Jesús
01:55:19 - López Diéguez, Luis
01:55:24 - Iglesias González, Ana Laura
01:57:32 - López Diéguez, Luis

02:01:28 : 22. Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) polo rexeitamento da instalación dos parques eólicos na Serra da Groba, das súas liñas de evacuación e da afectación aos Concellos de Oia, Baiona e Gondomar (Expte. 2026019341).
02:01:45 - Rodríguez Pumar, María Manuela
02:06:54 - López Diéguez, Luis
02:07:08 - Gómez Prado, Carlos
02:10:55 - López Diéguez, Luis
02:10:59 - Cubela López, Jorge
02:15:33 - López Diéguez, Luis
02:15:40 - Rodríguez Pumar, María Manuela
02:18:48 - López Diéguez, Luis
02:19:10 - Gómez Prado, Carlos
02:21:25 - López Diéguez, Luis
02:22:09 - Rodríguez Pumar, María Manuela
02:24:10 - López Diéguez, Luis

02:24:50 : 23. Asuntos fóra da orde do día.

02:24:54 : 24. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de febreiro de 2026 (Exptes. 2026018934-2026014764).

02:25:08 : 25. Dar conta das Resolucións Presidenciais.

02:25:14 : 26. Rogos e preguntas.
02:25:26 - Agís Gómez, Gregorio Luís
02:25:47 - López Diéguez, Luis
02:26:14 - Rodríguez Pumar, María Manuela
02:27:00 - López Diéguez, Luis
02:28:32 : [FIN]

-- o --

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4E8SSIIILOJXAQ0X